



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 127

Sesión plenaria
11 de setembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGrvsUbs9FVB1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DIA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 47097 (10/PNP-003547)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

4.2 51576 (10/PNP-003866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

4.3 51911 (10/PNP-003889)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 495, do 01.07.2019

4.4 53132 (10/PNP-003960)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

4.5 53868 (10/PNP-003989)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 521, do 29.08.2019



4.6 54032 (10/PNP-004003)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

4.7 54051 (10/PNP-004005)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

4.8 54185 (10/PNP-004018)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e dezasete deputados/as máis**

Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 521, do 29.08.2019

4.9 54188 (10/PNP-004019)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 49605 (10/INT-001661)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 476, do 14.05.2019



5.2 52802 (10/INT-001751)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 512, do 29.07.2019

5.3 53912 (10/INT-001786)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 54849 (10/POPX-000160)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a valoración das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

6.2 54853 (10/POPX-000161)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego no último ano da X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

6.3 54854 (10/POPX-000162)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Míguez, Gonzalo**

Sobre o plan de acción do Goberno galego para o que queda de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 53685 (10/POP-006334)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración da actual relación institucional entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



7.2 54214 (10/POP-006457)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre os principais beneficios que quere acadar a Xunta de Galicia para os funcionarios públicos e a sociedade galega en xeral mediante a reforma integral do Edificio Administrativo de San Caetano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

7.3 54031 (10/POP-006414)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.4 54848 (10/PUP-000262)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

7.5 54851 (10/PUP-000263)**Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento estranxeiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

7.6 51771 (10/POP-006073)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 493, do 26.06.2019

7.7 53343 (10/POP-006272)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir na oferta pública de emprego para o ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019



7.8 54006 (10/POP-006408)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o funcionamento das visitas ao pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.9 53518 (10/POP-006306)**Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia das condicións laborais do persoal do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.10 54182 (10/POP-006451)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.11 52661 (10/POP-006148)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir ampliando o Programa de acollemento familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 513, do 30.07.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia xustificada do deputado don David Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario Mixto. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a valoración das políticas do Goberno galego en materia de vivenda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Réplica do autor: Sr. Sánchez García (GCE). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Modelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego no último ano da X lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 22.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan de acción do Goberno galego para o que queda de lexislatura. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Caballero Míguez (S). (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 26.)

Réplica do autor: Sr. Caballero Míguez (S). (Páx. 28.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vázquez Verao (M). (Páx. 32.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 35.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 36.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 38.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 40.)

Nova intervención da señora Vázquez Verao (M). (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 48.), *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 51.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 53.) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 54.)

O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 59.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 63.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 64.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 65.)

A señora Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 67.)

Proposición non de lei G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 70.)



Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 73.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 76.) e Sr. Cal Ogando (GCE). (Páx. 78.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 79.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e dezasete deputados/as máis, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 85.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 86.), Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 88.) e Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 90.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 92.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva galega. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 98.) e Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 101) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 103)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 106.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 107.)*



O señor Sánchez García (GCE) solicita a palabra e intervén para expresar a súa postura respecto das emendas na proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 108.)

A señora Vilán Lorenzo (S) solicita a votación por puntos. (Páx. 108.)

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela: *rexeitados por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións. (Páx. 108.)*

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 108.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 109.)*

A señora Vázquez Verao (M) intervén para explicar a proposta de transacción a que se chegou, así como para aceptar a votación por puntos na proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 109.)

Votación dos puntos 4 e 8 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas: *rexeitados por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 110.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás os puntos 4 e 8, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas: *aprobado por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 110.)*

O señor Tellado Figueira (P) intervén para expresar que non admiten a votación por puntos na proposición non de lei que se vai votar a seguir. (Páx. 110.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Figueira e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes: *aprobada por 57 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención. (Páx. 111.)*



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a M^a de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 111.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para solicitar a votación por separado do punto 1 na proposición non de lei que se vai votar a continuación. (Páx. 112.)

O señor Fernández Prado (P) pide a palabra para expresar a petición do seu grupo parlamentario. (Páx. 112.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas: *rexeitado por 18 votos a favor, 38 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 112.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 1, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas: *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e dezasete deputados/as máis, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada: *aprobada por 41 votos a favor, ningún en contra e 28 abstencións.* (Páx. 113.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial na factoría de Alcoa en San Cibrao e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva en Galicia: *aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Modificación da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación da orde do día que consiste no aprazamento das interpelacións números 49605 e 52802 e das preguntas números 54031, 54848 e 54851. (Páx. 113.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.



Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 117.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 122.)

O señor Álvarez Martínez (S) pide a palabra ao abeiro do artigo 76 do Regulamento. (Páx. 124.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da actual relación institucional entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 126.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 128.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais beneficios que quere acadar a Xunta de Galicia para os funcionarios públicos e a sociedade galega en xeral mediante a reforma integral do edificio administrativo de San Caetano. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 130.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 131.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 132.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (GCE)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 137.)



Pregunta de D. Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a valoración por parte do Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir na oferta pública de emprego para o ensino. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (GCE)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 142.)

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento das visitas ao pazo de Meirás. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Vero, do G. P. Mixto, sobre a valoración pola Xunta de Galicia das condicións laborais do persoal do Sergas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 149.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir ampliando o Programa de acollemento familiar. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 156.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 158.)

Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión.

E, antes de facelo, debo xustificar a inasistencia de don David Rodríguez, do Grupo Parlamentario Mixto.

Procedemos, polo tanto, co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a valoración das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Bos días, señor Feijóo.

Pode ler dende aí o que pon nesta camiseta, ¿verdade?: «Defende a Galega». (*O señor Sánchez García sinala o lema escrito na súa camiseta.*) Defende a Galega, como a levan defendendo os profesionais e as profesionais dos medios públicos galegos durante 68 semanas, defendéndoa da súa manipulación informativa para beneficio seu e do seu partido; manipulación informativa, entre outras cousas, para tapar as súas políticas contra as maiorías sociais —entre elas as políticas de vivenda—.

O dereito a unha vivenda digna é o dereito a unha vida digna. Moita xente en Galicia, señor Feijóo, non goza deste dereito debido a políticas sostidas no tempo por gobernos como os seus, que priorizaron a vivenda como negocio e non como dereito. Entre os dereitos da xente e os beneficios dos especuladores, vostedes sempre optaron polos especuladores. Estiveron sempre cos que fan do dereito un negocio, aínda que sexa a custa do sufrimento de moita xente. Así, enténdese que once anos despois do estoupido da crise sigamos a ter cifras inaceptables de desafiuzamentos neste país, que a mocidade siga a ter dificultades para poder saír da casa dos seus pais e emanciparse ou que as rendas máis baixas paguen máis da metade dos seus ingresos para pagar a súa vivenda.

Se antes os desafiuzamentos foron por execucións hipotecarias, hoxe en día o 70 % son por impagos do alugueiro nun mercado onde os prezos seguen a subir ano tras ano sen que haxa ningún instrumento que os regule. Así, ano tras ano, están en torno aos 2.500 anuais, e subindo.

Desde ese punto de vista, de beneficiar a vivenda como negocio e non como dereito, enténdese todas as súas políticas e as súas actuacións en relación coa vivenda. Enténdese así que vostede paralizara a construción de vivenda de protección autonómica. En 2010 iniciábanse 2.900 vivendas de protección en Galicia; en 2015, 5; en 2016, 4; en 2017, 5, señor Feijóo. En catro anos, 16 cualificacións provisionais de vivenda de protección autonómica, cando temos



no rexistro de demandantes 13.000 persoas que demandan vivenda de protección oficial. Nese mesmo tempo, en Euskadi, case 5.000 vivendas; en Navarra, con catro veces menos poboación, 1.760, etc.

Enténdese tamén a súa defensa do negocio especulativo da vivenda co descenso dos orzamentos. En 2010 orzábanse 162 millóns de euros para as políticas públicas de vivenda. Este ano vostedes presumiron de orzar a metade. Se antes significaban o 0,29 % do PIB, hoxe significan o 0,13 % do PIB.

E falemos tamén do seu programa estrela, do Programa de vivendas baleiras. Vostede, que tanta publicidade fixo dun instrumento que podería mobilizar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...algunhas das 300.000 vivendas baleiras deste país, pois hoxe ten que dar conta de que en 2017 houbo catro axudas recibidas para propietarios que querían incorporar esas vivendas ao programa, ¡catro!, cun grao de execución do 3,32 % do programa. ¡Pode estar orgulloso! E en 2018 vostede, con este programa estrela para a mobilización da vivenda, deu dúas axudas en todo o país para propietarios que querían incorporar as vivendas

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vou rematando xa. Xa lle fago a pregunta. Un momento, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Sen vivenda de protección, sen mobilizar vivenda... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Antón Sánchez, benvido a esta nova portavocía deste novo grupo parlamentario.

Falaba vostede de defender Galicia. Onte puidemos comprobar cal é o seu grao de compromiso na defensa de Galicia no Congreso dos Deputados. Fala vostede de que é necesario incrementar o presuposto en materia de vivenda e os seus deputados e as súas deputadas votaban en contra de desbloquear os 700 millóns de euros en favor da comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Señor Antón Sánchez, permítame que lle diga que, sobre Galicia, empeza vostede bastante mal.



Se tivera que escoitar o que acabo de dicir de vostede, que un grupo parlamentario con deputados e deputadas galegas no Congreso vota en contra de desbloquear 700 millóns de euros para os servizos públicos de Galicia, comprendería, señor Antón Sánchez, que diga de vostedes que non son nin Grupo Común da Esquerda nin nada. Vostedes simplemente son un ariete en mans de intereses descoñecidos aos que non lles importa para nada nin Galicia nin a vivenda nin os servizos públicos de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, lamentablemente, cando un non defende Galicia, pérdese nos datos e nas cifras: parque de vivendas, en crecemento; vivendas en alugueiro na comunidade autónoma financiadas pola Xunta de Galicia, 3.500; vivendas que están en execución, que estamos construíndo neste momento, 243; acceso á vivenda para os máis mozos, 2.200 bonos de alugueiro, que nestes momentos están desfrutando 2.200 familias de mozos e de mozas en Galicia. Pero, pensando nos máis desfavorecidos, nesos polos que as Mareas de Podemos antigas non fixeron nada nas cidades, pois, mire, hai doce medidas, e salvamos nada máis e nada menos que 2.800 familias de desafiuzamentos, tanto respecto da propiedade das súas vivendas como do alugueiro das súas vivendas. *(Aplausos.)* Insisto, 2.800 familias que mantiveron o seu fogar grazas ás axudas por desafiuzamento. Señor Antón Sánchez, o problema é que hai que vir ao Parlamento cun mínimo de datos.

Mire, outra das cousas ás que se referiu vostede: os desfavorecidos. Señoría, ¿sabe vostede que no 90 % do territorio de Galicia non hai impostos que graven as vivendas para rendas baixas, para os menores de 35 anos e para as familias numerosas? Reitero, no 90 % do territorio da comunidade autónoma de Galicia non pagan un euro por adquirir unha vivenda as rendas baixas, as familias numerosas e os menores de 35 anos. ¿Hai algunha política de vivenda máis social que a que acabo de referir?

Pero, no que se refire a máis política de vivenda...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...somos unha comunidade autónoma clave en materia de rehabilitación: 55.000 familias beneficiáronse das políticas de rehabilitación, das axudas á rehabilitación e dos incentivos de rehabilitación das vivendas.

E fala vostede de solo. Mire, ¿quen é o propietario do solo nunha cidade? O concello. ¿Cantos concellos cederon un metro cadrado de solo na comunidade autónoma para construír vivendas? ¿Pode dicir algún concello das Mareas de Podemos que cedera un metro cadrado a esta Comunidade Autónoma para construír vivendas?

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Sánchez, sós, absolutamente sós na política de vivenda, sen contar coa axuda de ninguén, e hoxe Galicia é un referente na política de vivenda para desfavorecidos e para as rendas baixas.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se o conto non fora tan triste, daban ganas de rir coa súa última frase, señor Feijóo. ¿Galicia é un referente no Estado en políticas de vivenda? Cando vostede chegou, Galicia construía unha de cada 75 vivendas de protección de todo o Estado. ¿Sabe cantas inicia hoxe en día? Unha de cada 14.000, señor Feijóo. É unha referencia, si, pero das políticas de vivenda que vostedes tamén practicaron en Madrid, favorecendo os fondos vointre, e como fan aquí tamén, que están actuando, impunemente incluso, comprando, como en Cambre, na Patiña, vivendas de protección autonómica de alugueiro e poñendo en perigo a vida de moita xente.

Señor Feijóo, a vostede imos acabar por coñecelo como «Houdini»: cando non ten argumentos, que é a maioría das veces, escapa como pode con cuestións que verdadeiramente non sei o que lle importan á xente que ten dificultades para ter unha vivenda. Vostede ten problemas para ubicarse, pero saiba que é presidente da Xunta de Galicia e debe responder para dar solucións a esa xente, que, ademais, señor Feijóo, non está para chanzas nin para chistes. Un dos peores transos que pode pasar unha persoa ou unha familia é perder a súa vivenda. E neste país todos os días hai familias e hai persoas que perden a súa vivenda.

E, mentres tanto, vostede segue sen contestar ao que se lle pregunta. Señor Feijóo, sexa un pouco humilde e fálenos de por que o programa estrela de mobilización de vivenda baleira no ano 2018 só adxudicou dúas, ¡dúas axudas en toda Galicia!, ¡7.000 euros, señor Feijóo, o programa estrela! Teña humildade e explique por que fan que fan, pero non fan nada, ou explique tamén, señor Feijóo, por que temos un parque público de vivendas —como vostede dixo de 3.500 vivendas— que non dá solución á xente, nin sequera a aquela xente que necesita realoxamento habitacional. E por iso a familias de Vigo en perigo de desafiuzamento se lles ofrecían vivendas en Pontecesures, a cento e pico de quilómetros. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede paralizou a política de vivenda pública neste país, causando enorme sufrimento á xente, e non foi casualidade, non foi inocente. Vostede sempre se puxo do lado dos que fan negocio coa vivenda. E non tomou ningunha medida que puidese significar que os bancos deteriorasen os seus balances ou que os fondos buitre perdesen o seu negocio. Vostedes tomaron medidas no Goberno do Estado e na Xunta de Galicia para favorecer os fondos buitre...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...as Socimi, eximíndoas de pagar impostos. Vostedes non construíron un parque público de alugueiro de vivendas a prezo social para esa xente que o necesita e para regular o mercado. E non é inocente, señor Feijóo.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche desta pregunta polo presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A falar de contos, non; veño aquí a falar de contas. Non é ningún conto que vostedes bloquearan onte 700 millóns de euros para a comunidade autónoma, dos que unha parte se podía dedicar a seguir incrementando as políticas de axudas ao alugueiro e á rehabilitación. Eses non son contos, señoría, esas son contas.

Do que me vén vostede falar aquí é de contos, do conto do Programa de vivendas baleiras. ¡Pero se nos programas de vivenda baleira era obrigatoria a coordinación cos concellos! Programa de vivenda baleira no concello da Coruña, non; programa de vivenda baleira no concello das Mareas de Podemos, en Ferrol, non; programa de vivenda baleira no concello de Santiago, a última hora e no último instante. ¿De que fala vostede?, ¿de que programa de vivenda baleira fala vostede cando o seu obxectivo foi boicotear de forma constante e continua o programa de vivenda baleira posto en marcha pola Comunidade Autónoma? ¿De que contos me están falando vostede, señoría?

Falan vostedes, nada máis e nada menos, que de construír vivendas. ¡Que obsesión! Se o problema é que temos miles de vivendas baleiras na comunidade autónoma e que o que temos é que rehabilitar as vivendas, axudar con bonos de alugueiro a aqueles que non poden pagar eses alugueiros e evitar os desafiuzamentos, que vostedes non fixeron nada durante os catro anos de mandato nas principais cidades de Galicia. (*Aplausos.*) ¿De que me está falando vostede, señoría? ¿De que contos me está falando vostede?

Pero, señorías, 86.000 familias beneficiáronse dos programas de vivenda na comunidade autónoma, ¡86.000 familias! Hoxe, se vostede fora un pouco precavido e antes de vir aquí lera o *Diario Oficial de Galicia*, comprobaría que outra convocatoria de 1.900 axudas para subvencións de alugueiro están publicadas dende agora con efectos retroactivos dende xaneiro do ano 2019. Levamos neste momento en vigor 2.200 bonos de alugueiro, aos que lles sumamos 1.900 bonos de alugueiro con efectos retroactivos dende xaneiro. ¿Hai algunha política de vivenda máis social ca esta? Pero ¿non se dá conta, señoría, que vostede vén aquí simplemente a tocar de oído?

Mire, señoría, eu comprendo que vostede conseguira o que pretendía durante toda a lexislatura, ser portavoz do seu grupo. Hai que felicitalo. Pero realmente a denominación do seu grupo foi moi clarificadora cando o antigo portavoz nos dixo realmente o que eran vostedes. Vostedes son o grupo de Podemos no Parlamento de Galicia. E onte o seu grupo —vólvo reiterar porque me doe especialmente como galego— volveron votar en contra dos 700 millóns de euros que son das familias desfavorecidas de Galicia, ás que vostedes lles están neste momento diminuíndo as súas capacidades. (*Aplausos.*)

Pero, miren, señorías, comprendo que as políticas de vivenda das Mareas de Podemos e as nosas son distintas. Xa sei que, cando vostedes gobernaban A Coruña, se dedicaban a comprar pisos aos seus amigos. (*Murmurios.*) Nós non o facemos. Cando gobernaron en Santiago mi-



raban para outro lado co problema dos *okupas*. Nós queremos que se cumpra a lei e que a xente poida entrar nas súas casas, porque ten dereito. E non queremos ocupas que estean en contra dos dereitos da xente. E vostedes, que eran «o goberno antidesaloxos» de Ferrol, resulta que non evitaron nin un só desaloxo en Ferrol e que todos os evitou a Comunidade Autónoma.

Mire, señoría, sobre políticas de vivenda, o primeiro que teñen vostedes que facer é dar unha explicación de por que están colapsando a facenda autonómica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Pero se o Partido Socialista non os quere! ¡Pero para que lle fan a pelota ao Partido Socialista se os repudia!, (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡se o Partido Socialista o único que quere é beneficiarse dos seus escanos e dos seus votos!

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostedes elixiron entre o Partido Socialista e Galicia. Eu quedo con Galicia e vostedes co Partido Socialista. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Modelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego no último ano da X lexislatura

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bo día.

Señor Feijóo, Galiza ten problemas moi graves, e o que non podemos é seguir con este goberno de palla e cun presidente cuxa única obsesión é ver como é capaz de ocultar o seu fracaso con toneladas de manipulación.

Pero, mire, é que a realidade é moi teimuda. Vostede prometeunos que ía salvar as caixas, e o que fixo foi entregarllas a un empresario venezolano; prometeunos blindar os servizos públicos, e o que temos é unha sanidade ao bordo do colapso; prometeunos que ía acabar coa crise demográfica, e estamos peor ca nunca; prometeunos que non ía gastar o que non ten, e o que temos é a débeda de Galiza triplicada pola súa nefasta xestión; prometeunos —¿lembra?— que Pemex ía ser un maná, e ¿cal é o resultado?: promesas incumpridas e os seus amigos mexicanos imputados por corrupción (*Aplausos.*); prometeunos tamén, señor Feijóo, recortar chiringuitos, pero permite que se fagan na privada. Non é presentable que o ex-alcalde da Coruña, Carlos Negreira, e o ex-director do Igape monten o seu chiringuito para xestionar axudas precisamente ante o Igape.



¿E que fai vostede para tapar todo este despropósito? Pois está repetindo fórmula, acabamos de velo hoxe. Antes era o recadeiro de Rajoy e agora é o recadeiro de Casado, que xa lle dixo que hai que utilizar Galiza na súa estratexia de desgaste de Sánchez. Non está defendendo a Galiza, está facendo de recadeiro de Casado. (*Aplausos.*) É certo que o Goberno de Sánchez llo pon moi fácil. Ponllo moi fácil, todo hai que dicilo. Porque o problema que temos de fondo é que llo pon moi fácil o Goberno de Sánchez porque funciona perfectamente ese bipartidismo harmónico PP-PSOE, ao que agora parece que se quere sumar Podemos. Si, si, enséguida collen o relevo cando se trata de discriminar a Galiza. (*Murmurios.*)

E podemos poñerlle moitos exemplos de como pasa iso. Eu vou poñer hoxe un exemplo, que é o exemplo Montoro-Montero. No 2016 e no 2018 era o ministro Montoro quen reducía as entregas á conta a Galiza dicindo que Rajoy non tiña orzamentos; e vostede, mudo e calado, señor Feijóo. (*Aplausos.*) No 2019 é a ministra Montero a que fai o mesmo cos mesmos argumentos. Pero, como Casado xa lle deu permiso e dixo que había que disparar contra Sánchez, agora vostede si que pode abrir a boca.

Mente cando nos di que se debe máis aos galegos e ás galegas que ao Partido Popular. Porque, se así o fixera, iría ao problema de fondo, que é o modelo de financiamento, e estaría defendendo un concerto económico para que os cartos de Galiza os xestionáramos aquí e non en Madrid, (*Aplausos.*) un concerto como, por certo, ten Euskadi e Navarra. E vailles ben.

E vostede é, polo tanto, o responsable de que Galiza teña que estar mendigando 700 millóns de euros... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que son nosos e que nos corresponden, porque foi vostede quen asinou o actual sistema de financiamento.

Remato cunha proposta, señor Feijóo, unha dobre proposta. Primeiro presente un recurso xudicial para defender o que lle corresponde a Galiza, e, en segundo lugar, abandone o seguidismo do centralismo madrileño e defenda un concerto económico que nos permita ter a chave dos cartos en Galiza.

Mire, señor Feijóo, quédalle pouco tempo como presidente. Non exerza de recadeiro, exerza de presidente deste país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, cando vin a súa pregunta, e que falaba de publicidade, de propaganda e de manipulación, crin trabucarme e crin que vostede esa pregunta lla formulaba ao Goberno de Es-



pañña. Lamentablemente, xa hai algunhas eleccións nas que os galegos non dan representatividade ao BNG para poder falar nas Cortes Xerais, e probablemente vostede queira facer discursos aquí, en Galicia, confundindo o presidente da Xunta co presidente do Goberno central, e confundindo este Parlamento co Congreso dos Deputados.

Pero, mire, que o BNG fale de manipulación ou de publicidade é, cando menos, sorprendente. Acaba de facer vostede bastantes aseveracións que entran perfectamente dentro do concepto da manipulación. Mire, acaba de dicir vostede que non salvamos as caixas. É certo que as entidades financeiras as disolveu o Goberno central, o Partido Socialista Obreiro Español, pero salvamos 5.000 empregos e salvamos que Vigo e A Coruña teñan unha sede dunha entidade financeira con domicilio fiscal en Galicia. Acaba de dicir vostede que incrementamos a débeda pública, pero cada vez que presentamos os presupostos o BNG quere seguir incrementando a débeda pública. E oculta vostede que somos a comunidade autónoma con menos débeda pública no que se refire ao incremento en toda España na última década.

Fala vostede, segue falando, de que incrementamos os chiringuitos e non sei que, e cando vostedes gobernaban tiñan 54 delegados provinciais mentres este Goberno, dende o ano 2009, ten 5. Eran 54 altos cargos, con coches e con secretarías. E resulta que de 54 pasamos a 5 só no ámbito territorial da comunidade autónoma e vostedes falan de que nós ampliamos os chiringuitos. Mire, son tres frases de manipulación excelentes.

Pero o importante non é o que diga vostede, o importante é o que fai. Fala vostede de forma constante e continua de que hai que suprimir as deputacións provinciais, e cada vez que teñen posibilidade —despois de perder as eleccións— de estar nas deputacións provinciais, vicepresídenas e executan os seus fondos.

Fala vostede, señoría, de manipular. Mire, señoría, vostedes, que se lamentaban dos orzamentos do Estado para Galicia porque supoñían unha diminución do 30 %, agora vostede dime que acuda aos tribunais para pedir 700 millóns de euros ao Goberno de España. E despois resulta que ese Goberno de España, o Partido Socialista Obreiro Español, é o seu socio en todas as institucións. Cada vez que o Partido Socialista Obreiro Español os necesita para que non governe o PP, utiliza o BNG como tonto útil dos gobernos en Galicia. (*Fortes murmurios.*) Señora Pontón, si, si, señora Pontón, escóiteme, que estou no uso da palabra.

Agora resulta que quere vostede defender a señora Montero do señor Montoro. Pero ¿non lle parece que iso lle corresponde ao Partido Socialista Obreiro Español? (*Aplausos.*) ¿É que vostede vai seguir defendendo realmente o Goberno central, o Goberno de España, dende as filas do BNG? Pero, señora Pontón, ¡quen viu e quen está vendo o BNG!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, cando ao PSOE lle fai falta algo en Galicia, xa ten o BNG. O que é sorprendente é que agora tamén o Grupo Parlamentario dos Socialistas teña o BNG para defender á señora Montero.



Señora Pontón, lamento profundamente cal é a súa postura. Perdeu vostede unha grande oportunidade. Pero, mire, cada vez quedan vostedes máis retratados. Son unha opción política allea á realidade de Galicia. A realidade de Galicia non vai por aí, non vai con falsas manipulacións volvendo dicir no Parlamento que hai que facer un concerto para perder, nada máis e nada menos, que 1.000 millóns de euros ao ano no financiamento autonómico. ¿Pode haber máis manipulación e máis propaganda nacionalista en contra dos intereses reais dos galegos e das galegas? A resposta na miña opinión é que é difícil.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu creo que non hai nada máis tonto que dicir unha cousa e a contraria na mesma intervención, que é o que acaba vostede de facer hoxe. *(Aplausos.)*

Desde logo, eu téñolles bastante máis respecto, sobre todo a vostede e aos galegos e as galegas, para non vir a este Parlamento a faltarnos, como acaba de facer. Pero é o seu estilo cando non ten argumentos. Claro, cando non é capaz de defender Galiza, ten que esconderse e insultar o BNG, *(Aplausos.)* porque é quen lle está poñendo as cousas claras, señor Feijóo. É claro quen o deixa en evidencia. Porque eu non sei se hai algo máis inútil para este país que ter deputados e deputadas do PP que non van defender os intereses de Galiza, que van votar en función do que lle interesa a Casado. E o que é máis inútil para este país é ter un presidente que, en vez de defendernos sempre e en todos os foros, ao final o único que está facendo é ir de recadeiro do centralismo madrileño. É un triste papel para calquera. *(Aplausos.)*

E, mire, non manipule. A nós non nos parece mal que reclame os 700 millóns de euros, ¡se lle estou dicindo que os reclame pola vía xudicial! Porque fixo un informe xurídico ¿para que? ¿Para facer unha nota de prensa ou para ir ata o final e utilizar todos os medios para defender Galiza? ¿Que pasa, que, como en Génova dixeron que recurso xudicial, non, vostede onde dixo «digo» di «Diego» e xa se reprega e non vai por esa vía? Claro, é que iso é o que está pasando. É que un día di unha cousa, ao día seguinte chámano desde Madrid e logo temos que estar actuando en función dos seus intereses partidistas.

A min o que me parece mal non é que defenda eses 700 millóns de euros, o que me parece mal é que non os defendera cando era Montoro quen nos estaba retendo as entregas á conta. O que me parece mal é que nunca tivera a valentía de defender que o Estado nos pagara os 200 millóns de euros en dependencia que deixou a deber Rajoy. O que me parece mal é que o Goberno de Rajoy presupostara uns orzamentos que logo non executaba, e que vostede non demandara os 2.000 millóns de euros que deixou sen investir neste país. *(Aplausos.)*

E o que me parece tremendo —e triste, tamén o teño que dicir— é ter un presidente que non confía neste país, un presidente que prefire que os recursos dos galegos se xestionen



desde Madrid e non desde Galiza. Porque, se tiveramos un concerto económico, hoxe non estaríamos nesta situación. E parece mentira que teña unha mentalidade tan acomplexada para que diga que a Galiza lle iría mal se xestionáramos os nosos recursos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, Navarra ten tres veces menos produto interior bruto que Galiza, e non vexo que lles vaia mal cun concerto económico. ¡Vailles de marabilla! Só con que xestionáramos o imposto de sociedades teríamos 1.600 millóns de euros cada ano. ¿De que nos fala, señor Feijóo? Abandone a súa posición de presidente acomplexado e cegado polo centralismo e empece a defender este país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, rematou o seu tempo.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, non creo que a vostede lle poida parecer mal que fale da realidade dos feitos. Reitero que, cada vez que o Partido Socialista necesita os votos do BNG para gobernar nas institucións, despois de perder as eleccións, o BNG, de forma incuestionable, lle dá o goberno ao Partido Socialista. Iso é exactamente así. Na Deputación da Coruña —a dous deputados da maioría absoluta do PP—, BNG, PSOE e o resto; na Deputación de Lugo —a un deputado da maioría absoluta do PP—, BNG, PSOE e o resto.

Señoría, iso é o que está ocorrendo. E cada vez que vostede critica o Partido Socialista está criticando o seu socio. E os galegos decatámonos perfectamente de que vostedes si que manipulan o país, si que nos están dicindo que levemos ao xulgado o seu socio. Pero ¿por que non rompen vostedes co socio? *(Murmurios.)* ¿Por que non rompen co socio que debe a Galicia 700 millóns de euros, señoría? *(Aplausos.)* ¿Por que se pode ter tanta manipulación? *(Aplausos.)*

E dáme vostede clase de defender o meu país. Mire, señora Pontón, son as contas da leiteira. Se Navarra ten o triplo de financiamento... ¡Navarra ten 650.000 habitantes! *(Murmurios.)* É dicir, 600.000 por 3 son 1.800.000 habitantes. Nós temos un millón máis que Navarra, señoría. Pero ¡como pode facer as contas da leiteira e en contra de calquera economista, de calquera universitario, de calquera persoa sensata que saiba do financiamento das comunidades autónomas en España! Non hai maior manipulación que vir aquí dicir que este Goberno non defende Galicia cando non tiven máis obxectivo que defender Galicia dende o primeiro instante en que tomei posesión como presidente da Xunta.

Mire, señora Pontón, con vostedes contei para facer algunha cousa importante en Galicia, pero borráronse dos intereses de Galicia. ¿Sabe por que? Porque, segundo vostede, a maioría dos que votan a este Partido Popular de Galicia —que son a maioría dos galegos— non son galegos. *(Murmurios.)* Porque vostede cre que soamente son galegos os nacionalistas. *(Murmurios.)* E, mire, se xa temos un problema demográfico, por favor, non afonde no problema demográfico. Se soamente foran galegos os que votan o BNG entón este país estaría a piques



de desaparecer, señoría. (*Aplausos.*) ¡Un pouco de respecto polos galegos e un pouco de respecto polo país! (*Aplausos.*)

Mire, señoría —volvo reiterar—, se agora se vai estrear o portavoz do Partido Socialista, déixeo que defenda el a señora Montero. (*Murmurios.*) Non faga vostede de portavoz tamén do Partido Socialista, se nin sequera recorda o que propoñía o señor Montoro e confunde o señor Montoro e a señora Montero simplemente porque estes dous estiveron en Facenda. Hai unha gran diferenza entre o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e o Partido Socialista cada vez que falamos de Galicia.

Mire, señora Pontón, a pregunta que vostede me formulou era sobre o que ía facer no resto da lexislatura. Xa se viu que non tivo ningún interese, (*Murmurios.*) absolutamente ningún interese, e veño aquí contestar as ocorrencias da portavoz do BNG en cada instante.

Mire, o que si lle vou contestar —ademais de que o que vou facer é gobernar— é que en Galicia vai haber un Goberno responsable, e en Galicia non nos imos entregar ao nacionalismo, señora Pontón. Iso deixámosllo a Pedro Sánchez.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Míguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o plan de acción do Goberno galego para o que queda de lexislatura

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, este Parlamento é unha institución fundamental para a vida política do noso país, para darlles voz e solucións aos problemas das galegas e dos galegos, para acadar modos de vida máis dignos dunha Galicia que non quere esmorecer. E é, dende logo, un pracer incorporarme á vida parlamentaria, esperando estar á altura das circunstancias, traballando con todo o arco parlamentario e con todas as forzas políticas para, dende logo, fortalecer unha alternativa e proxecto de cambio para unha Galicia que quere vivir mellor.

Señor presidente, señor Feijóo, leva vostede máis de dez anos á fronte da Xunta de Galicia, leva vostede xestionados máis de 100.000 millóns de euros á fronte do Goberno autonómico. E dende logo que se fixeron cousas. Pero, con todo respecto, témoslle que dicir que o balance que facemos do seu mandato á fronte da Xunta de Galicia é un balance fundamente negativo.



Vostede suspendeu porque nos deixa unha Galicia que foi a peor, unha Galicia máis miúda, máis cativa, con menos xente, que baixou dos 2.700.000 galegos e galegas, con menos poboación ocupada, con menos traballo; unha Galicia na que o medio rural está máis abandonado e cada vez hai unha Galicia máis baleira; unha Galicia na que vostede non foi quen de conectar co escenario máis urbano; unha Galicia na que recortou e danou as políticas sociais e na que desmantelou a calidade da sanidade pública galega; unha Galicia na que a xente máis nova ten máis dificultades para acadar un traballo e unha vida digna acorde coa súa formación e coas súas posibilidades de futuro.

O seu proxecto, señor Feijóo, é un proxecto esgotado. E a mellor mostra é esta lexislatura: tres anos dos catro da lexislatura e non hai balance, é a lexislatura da inacción. Vostede converteu esta lexislatura nunha mera especulación sobre a súa carreira política, sobre os seus intereses persoais no Partido Popular. *(Murmurios.)* Si, señor Feijóo, e por iso... *(Murmurios.)* Estean tranquilos nas bancadas do Partido Popular. *(Murmurios.)* Por iso houbo unha nova maioría social que se amosou nas urnas, *(Murmurios.)* con tres derrotas electorais ao longo do 2019 da dereita fronte a unha nova maioría social progresista. *(Fortes murmurios.)*

Pídolles respecto, señorías, por favor... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: No mes de abril, o 55 % dos galegos e galegas amosaron o seu apoio ás forzas de progreso, e só un 44 % ás forzas da dereita, a vostedes e aos seus aliados na dereita e na ultradereita. *(Murmurios.)* Esa é a nova maioría social do país. *(Murmurios.)*

E eu quérolle preguntar hoxe, señor Feijóo...: *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...¿que lectura fai da derrota electoral que tivo a dereita en Galicia ao longo do 2019? *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor, silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ¿Que autocrítica fai vostede, señor Feijóo, de por que as galegas e os galegos por primeira vez na historia da autonomía lles quitaron a posición maioritaria no país? ¿Que autocrítica fai e como vai cambiar a súa xestión no ano que lle queda á fronte da Xunta de Galicia? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor, silencio!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, vostede ten que decidir se vai seguir na política da confrontación, *(Murmurios.)* na política do teatriño que lle mandan dende Madrid, de Casado, de Álvarez de Toledo... *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...ou se vai ser o presidente dunha Galicia que xa en abril amosou un respaldo maioritario ao presidente do Goberno, co que vostede soamente quere confrontar e non apoiar solucións para Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Deixe a confrontación e póñase a gobernar, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, benvido ao Parlamento de Galicia.

Di vostede, na súa introdución, que o Parlamento de Galicia é un instrumento fundamental para a vida política do país. E ¿por que tardou tanto tempo en darse conta, señor Caballero? *(Risos.) (Aplausos.)* Se este é o instrumento fundamental da vida política de Galicia, ¿por que vostede non quixo participar no instrumento fundamental da vida política de Galicia, señor Caballero? Como vostede non quere participar no Parlamento, cre que está vostede nunha rolda de prensa, *(Risos.)* ou quizás cre que está vostede na sede do Partido Socialista.

É certo que o pasado martes o presidente en funcións do Goberno, en vez de intentar concretar unha investidura, foi facer un mitin na estación de Chamartín. E vostede agora, como tamén é martes —perdón, martes foi onte, máis ou menos—, pois considera que pode facer un mitin aquí tamén, no Parlamento de Galicia. *(Murmurios.)* Pero ¡alá vostede!, señoría. Se quere facer un mitin no Parlamento de Galicia, pois, bueno, é o seu turno.

Mire, vostede preguntame que lectura fago da derrota electoral das eleccións xerais —das municipais non fala porque ganou o PP— *(Risos.)* en Galicia. *(Aplausos.)* Bueno, pois eu teño, señoría, unha pregunta do PSdeG no Rexistro da Cámara —dígoo para que o señor Caballero vaia vendo que o Rexistro da Cámara vale para algo— ..., *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que di: ¿Que plan de acción ten vostede para o que queda de lexislatura? Primeiro, preguntame que lectura fago dos resultados electorais do señor Sánchez e antes preguntábame que plan teño para finalizar a lexislatura. Pois podería resumirlo: en facer exactamente o contrario do señor Sánchez. É



dicir, en primeiro lugar, gobernar (*Murmurios.*) —comprendo que gobernar e o señor Sánchez son incompatibles—. O segundo é cumprir a lexislatura —e comprendo que cumprir unha lexislatura e o que fai o Partido Socialista en España tamén son incompatibles—. En terceiro lugar, permanecer na centralidade, é dicir, non me interesan os extremos. Vostedes pactan cos extremos en Cataluña... (*Risos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Considera vostede que Bildu non é un extremo? (*Murmurios.*) Non, non, se agora Bildu é unha filial do Partido Socialista Obreiro Español, polo que se ve. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Mire, señoría, sigamos traballando. (*Aplausos.*)

E, por último, señoría, garantir a estabilidade política en Galicia, exactamente o contrario do que fai o señor Sánchez, que nin goberna nin plantexa unha política centrada nin garante a estabilidade política do país nin cumpre as lexislaturas. En definitiva, ¿que imos facer, señoría? Cumprir o noso programa electoral.

Polo tanto, cando vostede fala de «teatrillo» refírese vostede aos 700 millóns de euros. ¿Vostede segue considerando que é un teatrillo o que di o BNG, o seu socio, o de acudir incluso aos tribunais para pedir o que os galegos xa pagaron a través de impostos durante este ano 2019? ¿Isto é un teatrillo?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Vostede realmente vén aquí como secretario xeral do Partido Socialista en Galicia ou como portavoz do Goberno en Madrid? Debería vostede de aclaralo. En todo caso, mire, señoría, imos ter tempo de debater —supoño, supoño que seguirá vindo ao Parlamento—, (*Murmurios.*) imos ter tempo de debater, de debater con profundidade. Pero hai unha cousa que lle quero dicir. Mire, no que queda de lexislatura, ademais de gobernar e de cumprir a lexislatura, imos facer outra cousa, que é deseñar a Galicia do ano 2030.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, por certo, como imos empregar a estabilidade política de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a pesar da inestabilidade do Partido Socialista e da inestabilidade que o Partido Socialista inxecta á Facenda pública autonómica.



Máis nada e moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, vostede xa se pon na oposición, (*Murmurios.*) vostede xa se pon na oposición política. (*Aplausos.*) Esta non é a sesión de control a Gonzalo Caballero nin a sesión de control ao Partido Socialista, é a sesión de control a un presidente que ten que gobernar para as galegas e para os galegos. (*Murmurios.*) E vostede opta por unha estratexia de confrontación, de buscar chibos expiatorios para non resolver os problemas que hai neste país, que son moitos, e nunha Galicia real que é moi distinta da Galicia oficial na que vostede vive e na que vostede publicita.

Señor Feijóo, ¿por que todo ía tan ben cando gobernaba Rajoy con Montoro e agora vostede di que todo vai tan mal cando goberna Pedro Sánchez? (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ¿Por que, señor Feijóo, vostede non ten o máis mínimo pudor en saír a defender publicamente a Esperanza Aguirre ou a Cristina Cifuentes e, en cambio, opta polo rexeitamento e a confrontación total co presidente do Goberno, que acadou o apoio maioritario dos galegos e das galegas? É que non é serio, señor Feijóo. ¿Que Feijóo temos que crer, o Feijóo que di que defende o Estado das autonomías ou o Feijóo que aplaude os pactos do Partido Popular coa ultradereita, unha forza que quere eliminar as competencias autonómicas? (*Aplausos.*) ¿Que Feijóo temos que crer, o Feijóo que di que non hai cartos e que non hai forma de facer previsión para os orzamentos da Xunta ou o Feijóo que onte sacou da manga unha promesa de 900 millóns de euros para o sector industrial sen ter esa capacidade de orzamentos? Non todo resiste a publicidade institucional, non todo resiste, señor Feijóo. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Pedímoslle que mude as súas políticas, que as rectifique, que fale dos problemas das galegas e dos galegos. Por exemplo, na sanidade pública galega — que incluso os grupos municipais do Partido Popular votan en plenos e critican o desmantelamento e os recortes das súas políticas sanitarias— rectifique a política sanitaria, cambie ou faga rectificar as políticas do seu conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Señor Feijóo, deixe a confrontación e pónase a gobernar.

Como dicía Ortega, «toda realidade que é ignorada prepara a súa vinganza». Nós non queremos ningunha vinganza, queremos un presidente da Xunta que no ano que lle queda á



fronte do país governe para as galegas e galegos, que non sexa manexado pola política de confrontación dunha dereita botada á ultradereita e que entenda que hai unha nova maioría social no país que quere cambio, que quere progreso e que non se resigna aos mandatos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: ...desa dereita botada á ultradereita.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Grazas.

O señor CABALLERO MÍGUEZ: Moitas grazas, e seguiremos discutindo sempre que haxa sesión parlamentaria. Cumprirei con esta obriga dende o primeiro día en que tomei posesión, porque anteriormente os galegos non me puxeron no Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): É certo, señor Caballero, que os galegos poñen a cada un no seu sitio. Non hai ningunha dúbida de que é así. *(Aplausos.)* Pero supoño que as deputadas e deputados deste Parlamento nos divertimos moito coa súa primeira estrea, estivo vostede realmente simpático. Señor Caballero, con todos os respectos, mire, vostede fala xa como presidente da Xunta. *(Risos.)* É curioso, nunca gañou unhas eleccións en Galicia, nin sequera foi candidato, pero fala como presidente. Mire, ¿non se dá conta de que vostede non é o señor Sánchez? Xa sei que o señor Sánchez non ten un secretario xeral máis obediente ca vostede en toda España, iso xa o sei. E xa sei que vostede antes das eleccións municipais se blindou como candidato á Presidencia da Xunta. Iso si que é seguridade en si mesmo. É dicir, antes de que os compañeiros puideran ir ás primarias para presidir as alcaldías ou, polo menos, para intentar presidilas e ir de número un, vostede fixo unhas primarias para presidente da Xunta de Galicia como candidato do Partido Socialista. *(Murmurios.)* Dende logo, isto si que significa previsión.

Falando dos temas que a min me interesan, porque é o tema do que os galegos criamos que iamos falar hoxe vostede e mais eu —eu, desde logo, vou falar—, mire, cando vostede fala do señor Montoro, ¡home!, non deben ser tan malos presupostos cando vostedes están gobernando con eles. *(Risos.)*

Segunda referencia. Mire, o señor Leiceaga —que o ten ao lado—, en xaneiro do ano 2018 —en xaneiro ¡eh!—, dicíame: Como non hai presupostos, vostede está calado coas entregas á conta. ¿Sabe o que lle respondín? *(Faro de Vigo, 23 de xaneiro do 2018):* «*La Xunta exigirá al Estado los 320 millones pendientes aunque no haya presupuestos*». Miren como nós falabamos co señor Montoro. ¿Sabe o que contestou o señor Montoro? *(La Vanguardia, 14 de febreiro):* «*El Gobierno prevé tirar de decretos ley si no se aprueban los presupuestos*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Verdade, señora Pontón, que vostede non ten tempo de ler *La Vanguardia*?



dia? (Murmurios.) Debería. Pero ao señor Caballero que non lle pasen de Ferraz o que di *La Vanguardia* é algo sorprendente.

Pero, ademais desa obediencia debida, coma se vostede fora un franciscano socialista, mire o que di o señor Lambán, presidente de Aragón: «*Que nos paguen lo que nos deben, porque, si no, vamos a tener muchas dificultades para llegar a fin de año*».

¿Por que non copia vostede da señora Susana Díaz?: «*Ejercemos una oposición responsable y vamos a apoyar las cuestiones sensatas, como las entregas a cuenta*». (Aplausos.)

Señoría, ¿por que vostedes non falan como o portavoz do Goberno socialista de Baleares: «*Los 177 millones pendientes son una cuantía innegociable e irrenunciable*». E ¿que lle parece o conselleiro de Facenda de Castela-A Mancha?: «*María Jesús Montero tiene la fórmula para pagar los anticipos a cuenta en diciembre. Pues que aplique dicha fórmula en estas fechas*».

¿Que lle parece, señoría, o que di Emilio García-Page?...:

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...«*La retención de las entregas a cuenta no sé si es un problema de cuentas o de cuentos, pero tiene arreglo*». E ¿que lle parece o que di Francina Armengol, presidenta de Baleares: «*El bloqueo no puede seguir afectando a la vida de las comunidades y de los ciudadanos, es una situación indeseable*».

Estes son os seus compañeiros do Partido Socialista en España. E vostede ¿que di?: que é (...) (*Inintelixible.*) do señor Feijóo. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, teño aquí unha carta que vou remitir ao presidente do Goberno na que lle pido, en primeiro lugar, que reconsidere ese bloqueo descabellado á sanidade, aos servizos sociais, á dependencia e á educación de todas as comunidades autónomas; na que, segundo, lle xunto un informe dos letrados da Comunidade Autónoma e, terceiro, unha proposta de real decreto lei para aprobar a próxima semana no Congreso dos Deputados.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, ¿está vostede de acordo cunha proposta de real decreto lei para que Galicia poida percibir os 700 millóns de euros que os galegos pagamos nos impostos desde o mes de xaneiro ao mes de setembro?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, ten vostede dúas posibilidades...:



O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...seguir sendo como vén sendo ata o de agora, é dicir, un títere dentro do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ou, polo contrario, empezar a darse conta de que, efectivamente, neste Parlamento falamos de cousas serias...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non de mitins do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, de proposicións non de lei.

Comezamos cunha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira. *(Fortes murmurios.) (Pausa.)*

Continuamos, a ver se é posible manter un certo nivel aquí para que non se interrompa a quen vai estar no uso da palabra. Estaba falando de que imos debater, no punto cuarto, unha proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Mixto, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda que presentou o Grupo Parlamentario Mixto.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-003960)

Emenda número 1, de adición:

No punto 1, débese engadir, ao final, o seguinte texto:

«...no marco da Estratexia galega de atención a este fenómeno da soidade non desexada».

Emenda número 2, de adición:



No punto 5, débese engadir, ao final, o seguinte texto:

«...no marco da Estratexia galega de atención a este fenómeno da soidade non desexada».

Emenda número 3, de substitución:

Débese substituír o punto 6 polo seguinte texto:

«Axilizar o estudo e censo de persoas maiores que viven soas, acordado polo Parlamento de Galicia o 26 de xuño de 2019».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas, presidente.

(Proseguen os murmurios na sala.)

Esta é sempre a hora do café. *(Murmurios.) (Pausa.)*

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, con este debate cremos que unha vez máis esta Cámara vai por diante do Goberno galego no debate proposto sobre a soidade non desexada e as súas consecuencias entre a xente maior do noso país, nomeadamente a máis vulnerable. E dicímolo porque xa en xullo de 2017, na Comisión 5ª, o Partido Popular rexeitou unha iniciativa de En Marea sobre a necesidade do que hoxe tamén volvemos traer aquí, sobre a necesidade tan simple pero tan complexa e tan necesaria de elaborar protocolos específicos de actuación e coordinación das administracións implicadas na atención á realidade das persoas anciás que viven no noso país e que en moitos casos morren soas logo de días, semanas ou meses sen que ninguén se decate da súa circunstancia.

Naquel debate os argumentos do Partido Popular eran que xa se estaba a traballar, xa se estaban a desenvolver protocolos. Pero o único que atopamos de avance dende aquela foi o Programa Acompaña, que é un programa de voluntariado da Cruz Vermella que, dende logo, non suple en absoluto as necesidades do impulso das políticas públicas nesta cuestión. Pouco se avanzou. E foi en xuño de 2019 cando esta Cámara, por iniciativa do PSdeG, aprobou por unanimidade a elaboración dun informe sobre a soidade non desexada no noso país, cun censo de persoas maiores que viven soas, e elaborar unha estratexia para abordar de xeito integral este fenómeno. De 2017, en xullo, a xuño de 2019 hai que agardar para aprobar que se elabore unha estratexia integral de atención.

Nós o que traemos hoxe aquí —sen desbotar que estas medidas se integren nesa estratexia global de atención— son cuestións que a Xunta pode activar —que debeu activar, de feito, xa hai anos— para mellorar a situación das persoas anciás que viven soas, a das máis vulnerables.

Vivimos, ademais, un verán de casos alarmantes de persoas que morreron soas no seu domicilio, nos que pasou o tempo ata que se detectou a súa morte. Por iso consideramos que é ne-



cesario expoñer unha serie de puntos urxentes que, independentemente de que aínda non se elabore esa estratexia galega de atención a esta problemática, mellorarían a vida das persoas e que previrían moitas mortes. Consideramos que son medidas que a Xunta pode impulsar aínda que non teña en marcha esa estratexia, e son medidas integrais porque, efectivamente, estamos ante un fenómeno complexo que debe ser abordado de xeito integral.

As dimensións do fenómeno no noso país fano de especial atención por parte das administracións. Falamos de que en 2018 vivían soas en Galicia 278.000 persoas. Destas, 128.800 eran maiores de 65 anos; é dicir, o 4,7 % da poboación galega son persoas maiores de 65 anos que viven soas. Non quere dicir que todas elas teñan unha condición de soidade non desexada, pero estamos ante unha poboación obxectivamente vulnerable.

Segundo as proxeccións do INE e do IGE, en 2031 un de cada tres fogares galegos estará formado por unha soa persoa. Serán case 350.000 fogares unipersoais, e obxectivamente teremos máis poboación potencialmente vulnerable ante esa situación de soidade. E, ademais, hai que ter en conta que o 67 % dos casos de persoas maiores de 65 anos soas son mulleres.

Así pois, na nosa iniciativa formulamos ese retrato robot da persoa que morre en solitario na nosa comunidade autónoma. Se é menor de 65 anos sería un home. Se é maior de idade, sería muller fundamentalmente. Son persoas xeralmente non casadas, maioritariamente residen nunha cidade con vivenda en propiedade e é un fenómeno eminentemente urbano. E é particularmente urbano o fenómeno destas persoas que morren en soidade sen que as bote de menos ninguén durante días ou semanas, e mesmo ten habido casos de meses. Aínda que é certo que este verán vimos como aumentaron os casos tamén en vilas e en entornos rurais. Estamos tamén tendo a situación dese rural despoboado, con aldeas nas que só queda un ou unha veciña. E aí tamén hai unha vulnerabilidade. Pero o certo é que a maior parte destas persoas maiores de 65 anos soas viven en cidades; sobre todo nas de Pontevedra, Vigo, Ourense e a Coruña. En poucos anos imos ter acentuado este panorama, cun rural despoboado e cidades cunha gran porcentaxe de persoas maiores que viven soas.

A soidade non desexada dende logo é un elemento estrutural que vai máis alá das competencias que poida ter a Comunidade Autónoma, é un elemento estrutural do noso sistema socioeconómico, que disgrega as comunidades e ao que lle interesa o individualismo; non a individualidade e o desenvolvemento da persoa, senón o individualismo e a disgregación das comunidades.

Entre as causas máis inmediatas desta situación de soidade non desexada temos que sinalar a falta de posibilidades de conciliación das persoas en idade laboral, que moitas veces non poden acudir e estar coas súas persoas maiores; a falta de actividades comunitarias para as persoas maiores; a falta de oportunidades laborais nesas contornos rurais, como dicíamos, avellentados e coa conseguinte emigración de xente moza —e polo que ao final acaba emigrando xente maior—. E tamén cómpre introducir nesta análise, por suposto, a precariedade material de moitas persoas maiores no noso país por causa das baixas pensións. Continuamos —cos datos deste ano— co 85 % do nivel ao que está a media da pensión estatal. E, neste sentido, tamén as mulleres sofren unha maior vulnerabilidade, con 4.000 euros menos de media de pensión de xubilación por ano.



Pero imos distinguir dúas consecuencias da soidade non desexada entre as persoas maiores soas e entre as máis vulnerables. Por un lado están as que poden chegar a esa situación extrema de que a propia soidade sexa causa dunha morte. ¿Por que? Pois, por exemplo, pode producirse unha caída que non é detectada a tempo por ninguén. Unha persoa pode morrer por unha contusión ou por un traumatismo que non tería que ter derivado nunha morte por esa situación de soidade e porque non se detecta durante días a presenza dese problema. A soidade nestes casos é certo que, tanto a desexada como a non desexada, pode matar. Foron os casos máis dramáticos e mediáticos acaecidos nos últimos anos. E xa profesionais sanitarios, da rama sobre todo da xerontoloxía, analizan que a soidade das persoas maiores lóxicamente aumenta o risco de morte prematura.

Pero tamén temos que falar de consecuencias que inciden moi negativamente na vida das persoas maiores soas. Aparecen ou agrávanse problemas psicoemocionais, hai un desleixo da hixiene e en moitos casos mala nutrición. ¿Por que? Porque se van perdendo capacidades de cociñar, pola perda de apetito, a falta de sensación de sede nas persoas maiores, mesmo pola dificultade de acudir regularmente a mercados ou a menor capacidade de atender a horta ou os animais. Decía unha traballadora social da illa de Arousa que hai persoas maiores que viven soas e non comen máis que pan con leite. E tamén podemos engadir a falta do seguimento correcto de tratamentos médicos, que mesmo se poden chegar a abandonar.

Así pois, cómpre ter en conta tamén estas consecuencias, digamos estas «pequenas» —entre aspas— consecuencias que se van acumulando e empeoran a calidade de vida e aumentan tamén o risco de morte prematura.

Entre as medidas urxentes que propoñemos para atallar todas estas cuestións —que consideramos, lóxicamente, que deben inserirse na estratexia galega de atención a este fenómeno e de aí as nosas autoemendas, pero non estamos contradicindo o que xa aprobou esta Cámara senón que, ao contrario, consideramos que se está reforzando— pois pedimos que se vaia elaborando un protocolo específico para coordinar as actuacións de todos os servizos públicos e institucións implicadas. Ás veces esta situación de vulnerabilidade detéctase na sanidade, outras en servizos sociais comunitarios. Cómpre, pois, ter un protocolo común e unha coordinación maior. Lóxicamente para isto hai que implicar os concellos, pero hai que dotalos de medios para que poidan facer os concellos protocolos municipais sociosanitarios de atención a esta problemática. É obvio que necesitan apoio técnico. Pero tamén é obvio que os servizos sociais comunitarios precisan máis medios, tanto de persoal como de fondos, para deixar de dedicar tantos recursos a tarefas burocráticas e trámites administrativos e poder facer intervención social e poder atender esta realidade. Isto implica tamén ter, por suposto, profesionais de educación social e de traballo social con boas condicións laborais en toda a rede comunitaria, porque hai moita desigualdade.

Neste sentido, tamén a petición que facemos á Xunta é aumentar os fondos do Plan concertado, porque o servizo de atención a domicilio, o servizo de atención no fogar, é esencial.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.



A señora VÁZQUEZ VERAO: Necesítanse máis horas non só para poder atender as necesidades básicas, senón tamén para que este servizo poida facer o labor de fomento da autonomía persoal para o que tamén estaba concibido. Neste momento hai, con data de xullo de 2019, 24.091 persoas atendidas por este servizo, pero é que as enquisas que se fixeron sobre a autopercepción da dependencia falaban dunha demanda de 53.000 persoas. Tamén en teleasistencia seguimos por debaixo da media estatal.

E, en fin, tamén temos que falar desa reivindicación da hospitalización a domicilio, porque, logo do anuncio que se fixo antes do verán, non entendemos como con só 15 equipos máis se vai poder cubrir a inmensidade do territorio.

E engadimos tamén unha cuestión esencial, que é dotármonos de traballadores e traballadoras sociais na atención primaria para precisamente coordinarse cos servizos sociais comunitarios. Cremos que esta pode ser unha coordinación que mellore a atención da vulnerabilidade da xente maior.

En fin, consideramos que con estas medidas se pode mellorar a situación xa no inmediato. Non é preciso agardar a ter esa estratexia galega nin o censo de persoas maiores. Agardamos que contén coa confianza da Cámara. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señor Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Pois, efectivamente, o debate arredor das persoas que viven soas é unha realidade cada vez maior; unhas persoas que viven soas por escolla —como modelo de vida— e outras sen desexar esa soidade, mais que si existe. O que é unha evidencia é que, para que esa realidade de vivir en soidade puidera ser satisfactoria, tiña que levar implícito como mínimo as seguintes cuestións: que haxa independencia física desas persoas e poder económico e autonomía para desenvolver esa vida en soidade. E cando estas premisas non se cumpren é cando a soidade se converte nun problema.

Hai novos modelos de vida e de familia, para as cales tamén ten que haber novas fórmulas, novas medidas de protección. E, desde logo, desde o BNG cremos que a Administración non pode ir tantos pasos por detrás da realidade social. É unha evidencia que nunha sociedade como a galega, cun nivel de avellentamento tan evidente, si que se vai moitos pasos por detrás.

A estrutura demográfica do noso país indica que cada vez hai máis xente, sobre todo xente maior, que ten pouco contacto con familiares ou amizades. É unha realidade, como xa se dixo, fundamentalmente urbana, porque hai menos vínculos nas cidades; mais tamén se está convertendo nun problema nos ámbitos rurais porque, a pesar de que funcionan máis eses vínculos sociais e familiares, cada vez estes son menos consistentes. E a pregunta que nos deberíamos facer, claro, é sobre o que acontece cando alguén que vive en soidade, sen



familia e enferma, se converte en dependente ou padece unha patoloxía. ¿Que acontece con esa persoa ou que mecanismos ten a sociedade galega para que esta situación non se converta nun drama?

Este modelo económico capitalista no que estamos inseridos é unha sociedade conformada arredor dos intereses dese capital, e ve nesta nova fórmula dos *single* unha oportunidade de negocio. Mais para as persoas con dificultades socioeconómicas e de mobilidade, persoas en situación de dependencia, persoas en situación de pobreza, teñen que establecerse medidas, como dicía, de protección. Son persoas que non teñen recursos económicos para acceder a eses mecanismos que o mercado lles oferta, e ten que ser desde o público. Desde logo, desde o BNG defendemos a política do público, defendemos unha sociedade solidaria e, polo tanto, non se pode agardar a que haxa recursos desde o modelo privado.

A través dos medios de comunicación chégannos novas tremendas de persoas que morren soas, sen ninguén que as atenda, mais tamén temos que poñer o foco nas persoas que viven soas sen que ninguén as atenda e sen ninguén que se ocupe ou preocupe. Debemos pasar da alarma a tomar medidas. Desde logo, as que se están tomando neste momento son lentas e insuficientes, tremendamente lentas e insuficientes. En Galicia hai moitas desas persoas que viven soas nunha situación económica realmente moi preocupante, porque temos as pensións máis baixas do Estado, só por detrás de Estremadura, onde a pensión media é 150 euros máis baixa que a media do Estado, onde a pensión de xubilación é 183 euros menor que a do Estado, onde a pensión de viuvez —a maioría son de mulleres— pois é de 111,12 euros menor que no Estado ou onde as pensións non contributivas non chegan aos 400 euros.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: Co cal é evidente que neste contexto, nesta situación económica de moitas das nosas persoas maiores, con estas contías, é desde o público desde onde se teñen que tomar medidas, porque temos o 8,64 % da nosa poboación con máis de 80 anos ou o 25 % con máis de 65.

Co cal apoiamos esta iniciativa que presenta hoxe o Grupo Mixto. Podíamos ter matices, poderían ser moitas outras as medidas que habería que tomar. Pero en todo caso o que hai que tomar é conciencia de que é unha realidade que vai en aumento e sobre a que hai que actuar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar tamén esta iniciativa. Xa se debateu en máis ocasións que estamos ante unha problemática moi importante e, sobre todo, que non vai ir decrecendo senón que ob-



viamente, polos cambios sociais que levan anos producíndose e polo modelo individualista extremo do sistema capitalista, pois esta realidade vai ir en aumento. Cada día son máis as persoas maiores que viven soas no noso país e teremos que atendelas. Porque obviamente isto non vai frear.

Nós cremos que as políticas públicas que se levan facendo nos últimos anos non están sendo efectivas. Concordamos coa autoemenda que fai o Grupo Mixto porque entendemos que as medidas que se propoñen hoxe non son contrarias a que se insiran dentro desa estratexia galega de atención a este fenómeno. Cremos que son complementarias e poden ser unha resposta urxente a unha necesidade que está a día de hoxe enriba da mesa, e que poden ir acompañadas —cando teñamos o informe ou cando coñezamos a situación máis polo miúdo— de moitas outras medidas.

Porque, obviamente, esta situación, esta problemática, é unha problemática complexa que non ten unha sinxela abordaxe. Creo que tamén niso concordamos, pero obviamente a parálise non vai dende logo solucionar a situación na que se atopan cada día máis persoas.

Creemos que os servizos sociais e o sistema sanitario tamén teñen que facer unha reflexión profunda sobre este cambio da sociedade e adaptarse. Cremos que neste momento non está adaptado a este avellentamento que se está producindo da sociedade, nin á dispersión territorial que temos no noso país. Non pode ser que o sistema sanitario e os servizos sociais non dean resposta a esta realidade.

E cremos que, como sociedade, os coidados teñen que estar no centro, porque por desgraza non o están. E o modelo que se está implantando é, cada día máis, un modelo privatizador, no que, se tes recursos económicos, podes ter eses coidados ou esa necesidade de coidados atendida; pero, se non tes recursos, cada día tes menos servizos públicos. Co pretexto da crise económica fóronse diminuindo todos os servizos públicos. O Estado desentendeuse de todas as responsabilidades dos coidados, fixo que recaeran de novo sobre o interior dos fogares. E cremos que obviamente ese non pode ser o camiño, o de privatizar e recortar, porque a realidade na que nos atopamos, a pesar dos discursos, é que as persoas maiores no noso país non teñen atendidas en ningún caso as súas necesidades máis básicas.

Tamén nun dos puntos fala esta iniciativa da necesidade de coordinar —non só nesta problemática senón en xeral, pero tamén nesta— os servizos sociais e o sistema sanitario, que teñen que estar en diálogo constante. A maneira de detectar e pór remedio a esta situación e abordala da mellor maneira é que haxa unha coordinación. Non pode ser posible que moitas veces o sistema sanitario teña unha base de datos da que os servizos sociais non teñan coñecemento e que moitas veces a información chegue pois cando é demasiado tarde. Cremos que, obviamente, a necesidade de coordinar e de facer protocolos específicos que detallen como ten que ser esta coordinación é unha necesidade urxente.

E cremos que estamos nunha situación dramática. Quizais o caso das mortes en soidade pois é o máis visible. Pero detrás pode haber anos de sufrimento de persoas que conviviron durante moito con esta soidade, con problemas emocionais, con problemas tamén físicos e de malnutrición. Non pode ser que unha persoa faleza no seu domicilio por unha caída non tra-



tada a tempo. Cremos que estas situacións non poden permitirse. Pero non nos fixemos só nesa situación, senón tamén na esfera emocional. A saúde non é simplemente a ausencia de enfermidade. Creo que é moi importante que tamén poidamos, cando chegamos a unha idade, ter unha vida digna e ter tamén todas as nosas necesidades sociais, afectivas e psicolóxicas satisfeitas. Porque non só a ausencia de enfermidade é, como digo, sinónimo de saúde.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Creo que, ademais, en Galicia —xa se dixo— temos as pensións máis baixas do Estado. A situación para moitas persoas é insostible. E fixémonos en que este modelo privatizador fai que unha residencia, un centro de día, unha atención a domicilio por horas, se tes que contratala, é inasumible para moitísimas familias, xunto co problema da conciliación da xente que traballa, que non pode tampouco coidar. E tamén haberá que dicir que non podemos ser as mulleres as que sistematicamente teñamos que dedicarnos, ten que ser o Estado e ten que ser a sociedade, o conxunto da sociedade pero obviamente as administracións públicas, a punta de lanza para satisfacer estes coidados.

E tamén se recolle nesta iniciativa, e parécenos fundamental, atender a necesidade do rural. Non podemos falar dos servizos coma se non houbera diferenzas entre o rural e as cidades. Hai unhas particularidades que hai que atender. A día de hoxe hai moitísimas dificultades no rural. Moitas persoas non teñen acceso aos servizos máis mínimos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E remato, pero paréceme importante que pensemos niso. A sociedade cada vez ten máis persoas maiores e, sen embargo, as políticas públicas cada vez van desentendéndose máis desta responsabilidade. Cremos que a Xunta de Galicia, a verdade, está suspensa na atención á dependencia, na atención ás persoas maiores. E por iso imos votar a favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Hoxe descubrimos un presidente da Xunta de Galicia preocupado polos servizos sociais desta comunidade autónoma. Entón, esta deputada, este grupo parlamentario, quere traer aquí para entregar ao presidente da Cámara —imos ter, señor presidente, que poñer aquí un buzón para toda a documentación— un informe da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais que está recentemente publicado; un informe que valora todo o gasto social, tanto en bruto como polo miúdo e diferenciado, en educación, en sanidade, e especificamente en servizos sociais. É un informe que coloca Galicia por debaixo da media



estatal en gasto social, un informe que di que estamos entre as tres comunidades autónomas que manteñen un maior retallo en gasto social nestes últimos dez anos, así que, si, consellos vendo que para min non teño, esa foi a actitude de hoxe do presidente da Xunta de Galicia. Porque pode comezar por reverter eses servizos mínimos que levamos denunciando todos estes anos nos que se atopa a Consellería de Política Social, cun envellecemento —témolo dito en moitas ocasións tamén— que corre coma unha lebre, pero cun Goberno galego que actúa ante esta situación coma unha auténtica tartaruga, a dúas velocidades. Non o di o PSdeG, estano dicindo informes independentes.

Hoxe escoitabamos tamén o señor Feijóo poñer de exemplo a Baleares. A nós gustaríanos tamén que copiara á señora Armengol, porque a comunidade balear está neste listado da Asociación de Xerentes como aquela que máis incrementou o gasto social nestes últimos dez anos. *(Aplausos.)*

O gasto social reflíctese, por exemplo, nese abandono de residencias de maiores, as sete residencias prometidas. E con esa taxa de envellecemento elevadísima, hai unha taxa de prazas residenciais por habitante que se sitúa en Galicia no 3,05 %, un punto por debaixo da media estatal e dous, señorías, respecto do recomendado pola OMS. ¡Cero prazas xestionadas directamente pola Xunta de Galicia en dez anos de goberno do señor Feijóo!

A maiores hai unha desconexión total entre o ámbito social e o sanitario, non existe o sociosanitario. Por todos é sabido que os nosos maiores, as nosas maiores —que especificamente a señora Vázquez Verao é a quen se refire nesta iniciativa—, acaban indo aos centros de saúde con moita máis asiduidade que o resto de persoas doutros sectores de idade. E eses especialistas sanitarios acaban facendo en moitas ocasións de traballadores sociais, algo sobre o que temos reclamado tamén no PSdeG e que se pide nesta iniciativa. Nós trouxemos á Comisión no mes de abril ese incremento nese cadro de persoal, que é necesario porque arestora en Galicia hai 77 traballadores para toda a comunidade autónoma; é dicir, 1 para cada 40.000 galegos e galegas, unha cifra vergoñenta.

O certo, señorías —xa se ten dito aquí e creo que todos estaremos de acordo—, é que non é moralmente aceptable que haxa persoas que estean mortas nas súas casas dous meses sen que ninguén se entere, sen que ninguén as bote de menos. Non é moralmente nin eticamente aceptable, pero tamén é totalmente reprochable desde o punto de vista político que haxa un goberno que non estea á altura das circunstancias para intentar paliar este problema.

Señora Vázquez Verao, xa comentou aquí vostede que no mes de xullo aprobamos por unanimidade nesta Cámara unha iniciativa do PSdeG, na que se solicitaba á Xunta de Galicia elaborar un informe en colaboración coa Fegamp, un informe para dimensionar ese fenómeno da soidade non desexada, que contiña a elaboración dun censo para respostar ás preguntas que temos enriba da mesa —cantas persoas están nesta situación, onde residen estas persoas— e posteriormente facerlles fronte a través desa estratexia de prevención e de atención á soidade non desexada.

Nós puxemos os cimentos, e entendemos que ademais hai que seguir poñendo pedras, hai que seguir construíndo solucións para esta problemática, co cal imos votar a favor da súa iniciativa.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente. Do informe que lle está entregando a portavoz socialista gustaríame destacar que o Grupo Parlamentario Popular tamén o ten.

Pero, miren, o que di este informe é que o gasto autonómico en políticas sociais no ano 2018 representa en Galicia o 63,8 % da porcentaxe do presuposto, 3,1 puntos máis que a media estatal. Seguramente esa páxina non a leu. (*Aplausos.*) Non sei se terá esa páxina o señor presidente.

Tamén di este mesmo informe que Galicia é a terceira comunidade que máis inviste en sanidade, o 36 % do seu orzamento, 3,5 puntos superior ao total de España. Tamén llo vou deixar ao presidente, porque ao mellor esas follas non llas entregou a portavoz socialista ao presidente da Cámara. (*Aplausos.*)

Miren, o maior desafío que afronta Galicia a medio e longo prazo é o problema demográfico. Nós xa o levamos dicindo moitísimos anos —vostedes parece que o descubriron hai tres días—, e por iso un dos retos máis importantes do novo curso político para todas as deputadas e todos os deputados será a tramitación da Lei de impulso demográfico. Con esta lei, Galicia será a primeira comunidade que afronte o problema demográfico a través dunha lei, con máis axudas e con máis medidas, unha lei que ten previsto un investimento anual de máis de 700 millóns de euros —por certo, 700 millóns de euros que coinciden co que o Goberno estatal lle debe a Galicia e é o que nós queremos gastar anualmente nesa lei de impulso demográfico—.

O problema demográfico está entre as máximas prioridades do Goberno da Xunta de Galicia, concretamente en abril do 2013 o Parlamento aprobou o primeiro Plan de dinamización demográfica de Galicia. ¿Que fixeron vostedes? Abandonar a comisión onde se estaba tramitando.

En xuño do 2013 apróbase a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, orientada a xestionar dun xeito máis eficiente a atención ás necesidades derivadas do envellecemento da poboación. En decembro do ano 2014 apróbase a Estratexia de inclusión social de Galicia, que aborda as consecuencias do cambio demográfico coma un factor para ter en conta na análise da pobreza e a exclusión social. No ano 2016 a Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación establece un marco de actuación para unha vida activa saudable, independente e segura. En setembro do ano 2016 ponse en marcha o Observatorio Galego da Dinamización Demográfica, no que estamos todos os grupos parlamentarios representados, xunto cos concellos, a Administración central, organizacións sindicais e empresariais, universidades, entidades sociais e expertos na materia. En xullo do 2018 o Observatorio presenta un informe —*Galicia, perspectivas demográficas*— que analiza o envellecemento da poboación e o perfil das persoas maiores en Galicia. En decembro do 2018, o



Observatorio aproba por unanimidade as liñas estratéxicas que serviron de base para elaborar a Lei de impulso demográfico.

Política Social ten previsto un censo de maiores que viven sós e que estea listo nesta lexislatura co fin de coñecer a situación real destas persoas. O reto do envellecemento activo saudable é o obxectivo do servizo de axuda no fogar, porque en Galicia, señorías, a maioría das persoas prefiren vivir nos seus fogares. E por iso este ano o servizo de axuda no fogar conta con máis de 75 millóns de euros para consolidar un dos servizos mellor valorados polas persoas maiores, con 24.000 persoas usuarias —1 de cada 3 persoas dependentes atendidas—.

O Programa xantar na casa supuxo 40.000 comidas ao mes para 1.300 persoas en 175 concellos. O Programa de voluntariado que se puxo en marcha no ano 2018 ofrece compañía e atención ás persoas maiores de 65 anos. A teleasistencia permite que máis de 5.700 persoas maiores conten con apoio profesional 24 horas ao día cando se sintan inseguros, sós ou teñan calquera accidente.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: E están as 60 casas do maior, coas que os concellos do rural contarán no ano 2020.

Por iso nós o que imos facer hoxe é pedir a votación por puntos desta iniciativa. Porque nós queremos votar a favor da maioría dos puntos. Concretamente no punto 1 solicitamos que se cambie «antes do primeiro trimestre do ano 2020» por «elaborar ao longo do ano 2020 un protocolo específico de atención para as persoas maiores». E con esa modificación votaríamos a favor o punto primeiro, o punto segundo, o punto terceiro, o punto quinto, o punto sexto e o punto sétimo. Non votaríamos a favor o punto oitavo, porque non entendemos que o Imelga, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, teña funcións específicas para o caso que estamos tratando. E non acabamos de ver que todo o sistema de atención primaria, concretamente os catrocentos centros de saúde que hai en Galicia, contan cun traballador social. Porque, miren, nos últimos anos increméntanse un 71 %, pero é que hai centros de saúde...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...—remato, presidente— que só teñen un médico e un profesional de enfermaría. Polo tanto, nós cremos que é imposible que todos os centros de saúde contan tamén cun traballador social. Por iso nós esperamos chegar a un acordo, que acepten esta votación por puntos e que acepten a emenda *in voce*. E nós, dende logo, estamos a favor de votar isto.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Vázquez Verao.



A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, sobre o maior problema e o maior reto que ten o noso país, realmente a cuestión demográfica é unha consecuencia. O maior desafío é o empobrecemento e a falta de políticas que permitan un desenvolvemento que nos permitan vivir con calidade e ter emprego de calidade no noso país. E por iso aí está un dos eixos da vulnerabilidade das persoas maiores, nomeadamente das de máis de 85 anos. É unha vulnerabilidade económica, porque están as pensións máis baixas do Estado, pero é unha vulnerabilidade social, porque hai falta de recursos públicos. Si que se reduciu o orzamento en investimento social, porque, ademais, ese informe non está contando en termos reais, actualizado o IPC; polo tanto precisaríamos aínda recuperar —si, a verdade é que si— case 700 millóns de euros máis de orzamento anual para recuperármolos dos recortes producidos durante a crise.

Pero dicimos que hai vulnerabilidade social e económica, hai baixas pensións, imposibilidade de acceder a recursos privados e escaseza dos públicos, ao tempo que hai ese retorno á necesidade de que sobre todo moitas mulleres teñan que prestar eses coidados de xeito non remunerado. Dende logo, a situación é explosiva. Ese é realmente o reto do país.

En canto a que esta cuestión está na Lei de impulso demográfico, pois dirame vostede onde, porque só atopamos unha serie de declaracións de intencións sobre o envellecemento activo. Non existe unha planificación da soidade non desexada no Proxecto de lei de impulso demográfico, que, por certo, rebaixou as exixencias das análises que o propio Observatorio Demográfico poñía sobre a mesa. Verémolo na tramitación parlamentaria desa norma, pero dende logo non cumpre as expectativas para atallar toda esta realidade e todo o que carrega o envellecemento demográfico.

E, en canto ao censo, está a traballar a Consellería de Política Social pero cómpre recoñecer quen o propuxo. Volvemos ao inicio, esta Cámara vai por diante do Goberno galego na detección, na sensibilización sobre esta problemática e na proposta de melloras.

Pensaremos o de se permitimos a votación por puntos, e aceptamos a emenda *in voce*. ¿Por que? Porque continuamente estamos aceptando propostas de votación, e eu concretamente trouxen aquí unha no 2016, que non se cumpriu, a respecto da igualdade salarial. Entón, xa case é cansino ter que estar aprobando cuestións que non se levan a cabo. Pero, a favor de seguir con ese consenso que hai na Cámara de propoñer estas medidas, podemos analizar a emenda e ver de poder votar por puntos. E a ver se durante este ano, no que queda de lexislatura, se van cumprir estes acordos.

A cuestión do Imelga faciámola por unha cuestión de recoñecer que foi o Instituto de Medicina Legal quen primeiro detectou esta grave situación neste país, polas consecuencias máis dramáticas, por atender esas mortes en soidade e porque continuamente as profesionais do Imelga están pedindo melloras e están pedindo máis medios. E considerabamos que era un xeito de recoñecer que foron os que primeiro detectaron esta situación e alertaron a sociedade sobre as consecuencias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición enerxética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pontes

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debe substituírse a parte resolutiva da proposta polo seguinte texto:

<<1.- Instar aos Ministerio de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a constituír sustentable ambiental e economicamente.

2.- Instar a Consellería de Economía, Emprego e Industria a constituír de inmediato Grupos de traballo nos concellos de As Pontes e Cerceda, con participación da administración autonómica e local, así como de colectivos sociais, medioambientais e empresariais, dotándoos orzamentariamente para desenvolver proxectos e plans estratéxicos de desenvolvemento económico e formativo que transformen en oportunidades as ameazas que poden supor para estes concellos a implantación de políticas de transición enerxética, na liña do mercado pola Unión Europea.

3.- Instar aos Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a desenvolver convenios marco de colaboración coa Xunta de Galicia e os concellos de As Pontes e Cerceda segundo as bases reguladoras como de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante o desenvolvemento de proxectos de infraestruturas, proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira e programas de capacitación técnica para persoal traballador e empresas, medida recollida nos Orzamentos do Estado de 2018.

4.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda, 4.- Instar ao Ministerios de Industria e Turismo e Transición Ecolóxica a incorporar as actuacións adicionais de proxectos dos sucesivos plans sectoriais do carbón (Fondos MINER) que foron paralizados polo Goberno do Partido Popular no ano 2012 nos Concellos de As Pontes e Cerceda.

5.- Incluír nos orzamentos do 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia partidas directamente relacionadas ao fomento de iniciativas empresariais e formativas, principalmente no eido das enerxías renovables e novas tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda e as súas comarcas.

6.- Instar a Endesa é Naturgy (antiga Gas Natural Fenosa), tendo en conta os enormes beneficios acadados explotando os recursos naturais desas zonas e os impactos medioambientais, a ser partícipes



das iniciativas empresariais, principalmente no eido das enerxías renovables e tecnoloxías presentes na transición enerxética, nos Concellos de As Pontes e de Cerceda, e das súas comarcas. Estas iniciativas formarían parte dos plans que as compañías terían que desenvolver para garantir o mantemento de todos os postos de traballo actuais das centrais.

7.- Por h «da Transición Sostible de Galicia (CLEW-)» Universidades galegas.

8.- Por h «L W-» macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortegal e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa, baseándose nos modelos existentes en varias rexións europeas».)

(O G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 53868).

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1) Elaborar e aprobar, en coordinación co Goberno do Estado e o Concello das Pontes, un Plan para a transición enerxética que garanta a saída laboral na zona e das persoas que agora dependen dese sector, a través do fomento de iniciativas económicas alternativas ao carbón.

2) Dentro dese Plan, implementar medidas alternativas a curto prazo para dar unha solución aos transportistas que agora traballan para a central térmica das Pontes».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 53868).

Emenda de modificación.

O punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«5º. Que se constitúa, á maior brevidade posible, un grupo de traballo interministerial, no que se integren as comunidades autónomas, cos seguintes fins:

- Analizar o modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente e no que teñan cabida as centrais térmicas máis eficientes, entre elas as de Meirama e As Pontes.

- Elaborar o Plan de desenvolvemento industrial co horizonte de 2030 para a transición ecolóxica e a descarbonización, que permita maximizar as oportunidades, mellorar a competitividade da industria e crear emprego de calidade».

Emenda de adición.



Débase engadir un novo punto 6º, na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

<<6º. Que a Xunta de Galicia traballe conxuntamente con ENDESA para permitir que a empresa entre no esquema da economía circular.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado D. Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 53868).

Emenda de supresión.

Suprimir o punto 3º.

Emenda de substitución.

Proponse substituír o texto dos puntos 2º, 4º e 5º polo seguinte:

<<2º.- A adopción dun mecanismo de compensación de pagos por capacidade pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas punta do sistema eléctrico en canto non se acorde un novo funcionamento do sistema eléctrico que non os fagan necesarios.

4º.- A fixación dunha retribución específica nos casos en que se estea utilizando un sistema mixto con, por exemplo, biomasa forestal non industrial para o funcionamento destas centrais térmicas.

5º.- A súa participación na iniciativa conxunta que demandan os colectivos sociais para impulsar unha estratexia conxunta entre estes, a Xunta de Galicia e os axentes sociais e económicos na defensa dos intereses do emprego directo e indirecto vinculado á central térmica das Pontes, e que implique á propia empresa, apostando así por unha transición enerxética xusta e ordenada.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos.

É unha mágoa que o novo voceiro do Partido Socialista, o señor Caballero, non poida asistir a este debate, que non estea presente no hemiciclo, porque sería importante que o novo responsable do Partido Socialista coñeza o que lles preocupa aos traballadores das Pontes, a toda a comarca do Eume e en xeral ás tres comarcas: Ferrolterra, Eume e Ortegal. É unha mágoa que non estea presente, porque logo, cando teña ocasión de falar con Pedro Sánchez, poderíalle explicar cales son os problemas reais e non asentir con todo o que lle digan dende o Goberno de España.

Hoxe estamos aquí para falar dunha das pezas clave da industria da nosa comunidade, o maior grupo termoeléctrico de carbón de toda España. Estamos aquí para falar, polo tanto, do presente e do futuro dunha empresa; pero tamén estamos aquí para falar do presente e



do futuro de toda unha comarca. Non se entendería a comarca do Eume sen o impacto económico-social desta gran empresa, desta central térmica de Endesa, nas Pontes.

Estamos aquí para falar da incerteza que afrontan, centos non, milleiros de familias, que non saben que horizonte agardan debido á actuación irresponsable dalgúns políticos que deberían defender os seus intereses e non o fan.

A economía galega enfrenta numerosos desafíos no contexto actual, uns desafíos que se vén agravados pola situación nacional —tamén internacional—: a incidencia dunha economía española que se ralentiza, o freo nos datos de creación de emprego a nivel nacional que comeza a acender as alarmas e a advertir un cambio de tendencia nos últimos anos —o que lle preocupa a moita xente, a todos menos aos socialistas—, a ameaza de recesión nalgunhas zonas da Unión Europea...

Neste contexto, calquera goberno que se queira chamar goberno e que intente facer algo polos seus cidadáns estaría traballando en dúas liñas: manter o emprego —que xa está activo— e fomentar a creación de novos postos de traballo, pero o certo é que en España non sucede.

Insisto en que isto é o que faría calquera goberno que dedique polo menos unha parte do seu tempo a intentar mellorar o seu país, a intentar mellorar a calidade de vida das persoas que viven nel. Pero, pola contra, en España temos un Goberno que leva quince meses traballando para preservar unicamente un emprego, o do señor Pedro Sánchez.

Xa o dixemos, temos un presidente que funciona en modo Falcon, que funciona en modo avión. Pedro Sánchez sobrevoa sobre todos os problemas sen solucionar absolutamente ningún deles, como se non foran con el, agardando que haxa outra administración que tente buscar solucións. Este afán de sobrevoar por riba de todos os problemas, sen chegar nunca a tocalos, debe ser o que fixo que o presidente do Goberno de España nunca estivese en Galicia en viaxe institucional. E iso que deu varias voltas ao mundo nese Falcon, pero a Galicia non veu como presidente do Goberno. En cambio, Pedro Sánchez si que ten visitado Galicia para dar mitins, iso si, con Gonzalo Caballero. Algún certamente abraiante, como cando veu á Coruña dicir que os problemas de Alcoa estaban xa solucionados. Incluso os socialistas estaban sorprendidos escoitando o que acababa de dicir o presidente do Goberno. E aínda hoxe, seis meses despois, seguimos aquí agardando ese estatuto das electrointensivas que nunca chegou, nin cando eran Goberno nin agora como Goberno en funcións. Iso si, palmeros tivo moitos nas filas do Partido Socialista.

Como dicía un columnista na prensa galega desta fin de semana —e vou ler textualmente—: *«El rasgo distintivo del sanchismo es el descaro, una despreocupación admirable y tan natural que hace que sean sus críticos los que se pregunten si no serán ellos los que se han vuelto locos. Pues no, pues no»*.

Polo tanto, nós cremos que o Goberno de Sánchez ten impulsado máis dúbidas que certezas na realidade do noso país. Pedro Sánchez non só se ten distinguido por non ter afrontado e solucionado ningún problema de calado dos que tiña o noso país, senón que ten o dubidoso mérito de ter introducido dúbidas e incertezas en sectores que estaban funcionando. Non só



non arranxou ningún problema, senón que onde non os había foi capaz de crealos nestes quince meses de goberno do despropósito. E esta forma de actuar fíxose especialmente patente naquilo que ten que ver coa industria galega.

Despois dunha profunda crise do sector naval durante os gobernos socialistas —¡que casualidade!—, o sector naval galego conseguira recuperarse. Un goberno do Partido Popular —¡que casualidade!— dotou os estaleiros da comarca de Ferrolterra dun proxecto: as fragatas F-110, traballado durante anos, que permitía darlles aos estaleiros estabilidade e continuidade durante máis de dez anos, garantía de emprego. Iso si, chegou un goberno socialista e, ¿que fixo?, parar o proxecto durante dez meses para poder anunciálo despois no contexto dunha campaña electoral.

O mesmo acontece co sector da automoción, outro sector que sufriu as consecuencias de Pedro Sánchez. O sector da automoción apoiado polo Goberno galego, polo Goberno da Xunta de Galicia, atopou en Pedro Sánchez unha declaración de morte cando quixo terminar co diésel e anunciou o seu dieselazo. E así víronse afectadas as vendas de coches producidos na nosa comunidade.

Pero quizás a mellor mostra de que algo que funcionaba veu en Pedro Sánchez unha ameaza foi precisamente a central térmica das Pontes. En apenas uns meses conseguiron pechar a central térmica de Meirama, en Cerceda; noraboa, señores do Partido Socialista. E en apenas uns meses puxéronse como meta pechar no curto prazo unha central que tiña garantida a súa vida útil ata o ano 2045. Eses son os méritos dos socialistas na comarca do Eume. De feito, dende marzo de 2018 a instalación está inmersa na súa adaptación á Directiva de emisións industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de máis de 217 millóns de euros para reducir as emisións contaminantes e para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria. Pero as políticas socialistas levaron á paralización case total da actividade industrial nas Pontes durante catro meses, dende o pasado mes de abril. Os datos falan por si mesmos: en 2018 a central produciu 8 teravatios/hora, consumindo 4,9 millóns de toneladas de carbón. As previsións para este ano 2019 son 2,6 teravatios —onde antes había 8— cun consumo de apenas 1,7 millóns de toneladas de carbón —onde antes había 5—; noraboa, señores do Partido Socialista. Arredor dunha caída do 65 % da produción; un desastre absoluto que ten un responsable que se chama Goberno socialista, que se chama señor Sánchez. Con todos os efectos negativos que isto supón para a frota de 200 transportistas que están pechados no concello de Ferrol, no concello de Vilalba e no concello das Pontes.

Por se a situación fose pouco preocupante —como explicamos na exposición de motivos da nosa iniciativa—, en outubro do ano pasado, a través da aprobación dun real decreto, o Goberno socialista... —e unha vez que xa tiñan identificadas as empresas que decidiran seguir adiante facendo os investimentos necesarios para que as centrais térmicas seguiran funcionando— o que fixo foi retirar o imposto de hidrocarburos á produción eléctrica —coñecido como céntimo verde—, á xeración con gas, pero non á xeración de carbón, non á xeración de enerxía a través do carbón. Esta decisión rompeu claramente coa neutralidade tecnolóxica, prexudicando as instalacións que empregan carbón, como é o caso da central térmica das Pontes, polo tanto, prexudicando a central térmica das Pontes e a toda a comarca, ata levar



esta planta á súa situación de inviabilidade. Ou se lle retira ao carbón ese céntimo verde ou As Pontes pechará —e vostedes sábeno—, e pechará pola súa culpa, por culpa do Goberno de España, por culpa do Goberno socialista. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Están pechando vostedes un motor económico de toda unha comarca. Proba diso é que o concello das Pontes se ten convertido no segundo concello de renda per cápita máis alta de Galicia, detrás de Oleiros, e ¿grazas a que?, á central térmica das Pontes que vostedes queren pechar. O Concello das Pontes é o primeiro concello coa pensión media máis alta de Galicia, ¿grazas a que?, ás xubilacións dos traballadores da central térmica das Pontes, esa que vostedes queren pechar.

Señorías, o Goberno Sánchez está atacando sen tregua a industria galega: as electrointensivas, o naval, a automoción, o forestal e tamén as centrais térmicas. Por iso, hoxe propoñemos unha iniciativa seria, rigorosa, viable, consensuada cos traballadores da central térmica das Pontes. Hoxe teñen vostedes a oportunidade de posicionarse en favor de traballadores, 750 empregos, entre directos, transportistas e auxiliares.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Hoxe teñen vostedes a oportunidade de posicionarse a favor do futuro dun concello e dunha comarca enteira. Teñen que decidir se están do lado de Pedro Sánchez e dese talibanismo medioambiental que pretende pechar unha central térmica que é o motor económico de toda unha comarca, ou se están do lado dos traballadores; e aquí en Galicia non hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. Polo tanto, agardamos que esta iniciativa, que é parte do que reivindicán os traballadores da central térmica das Pontes...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...sexa apoiada por todos os grupos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

O Grupo Parlamentario Popular vén hoxe a este Parlamento claramente a mentirille á cidadanía das Pontes e de toda a comarca. Como xa fixeron cos de Cerceda, tal cal repiten a xogada. Vostedes non pensan na cidadanía das Pontes nin nos traballadores, só pensan en



sacar rédito político e electoral e en favorecer os intereses das empresas que lles dan acubillo moi ben pagado. Estivo claro na intervención do portavoz do Partido Popular: falou de Pedro Sánchez, Pedro Sánchez, Pedro Sánchez; pero de alternativas para as Pontes, dez segundos.

Vostedes saben perfectamente que a inactividade actual da central das Pontes e o seu curto futuro non ten nada que ver con accións ou inaccións do Goberno español —bueno, xa se ve que ao señor Tellado non lle interesan os argumentos, vén aquí soltar o seu mitin, je despois falan de mitins! — (*Murmurios.*) (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Vale, vale, vaise documentar. Moi ben, moi ben. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Foi un malentendido.

O señor CASAL VIDAL: Vale. Perfecto.

A decisión de que non funcione a central é da propia empresa, porque os custos de CO₂ fan que non sexa rendible, e da estratexia xeral da Unión Europea —tamén cos seus votos, ademais creo que o responsable do tema era membro do Partido Popular— para mitigar o cambio climático e a favor da transición enerxética. ¿Ou agora empezan a contaminarse dos seus socios da extrema dereita e empezan a negar o cambio climático? ¡Espero que non!

¿De verdade pensan que a central que emite o 30 % dos gases de efecto invernadoiro de Galicia, e unha das vinte máis contaminantes de Europa, ten por diante un longo futuro? ¿Pénsano de verdade? ¿Pensan seguir enganando desta maneira a xente das Pontes e a súa comarca? Saben que non, que non ten futuro, e veñen aquí mentirlles ás veciñas e veciños das Pontes por un puñado de votos, en vez de traballar e orzar no que de verdade podería garantir o futuro de toda a hipercomarca de Ferrolterra, As Pontes, Eume e Ortegal, na liña do que se está a facer na maioría das rexións europeas —non hai que inventar, pódese copiar, hai modelos xa perfectamente implementados— afectadas por esta transición enerxética, que están a demostrar, coa creación de máis emprego e de máis calidade, que traballar polo futuro é traballar pola transición ecolóxica e enerxética.

Hai tempo para facelo se se empeza xa, e, sobre todo, hai inxentes orzamentos europeos e previsiblemente tamén estatais. Miremos o caso de Francia: 750.000 millóns de euros para a transición enerxética. ¿E que lles corresponde aos gobernos rexionais de toda Europa? Que queiran estar á vangarda da transición enerxética e, polo tanto, ser destinatarios de investimentos masivos e totalmente realizables nun curto prazo de tempo.

É o que lles plantexamos nos puntos 7 e 8 da nosa emenda de substitución. Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o mapa da transición sostible de Galicia, o CLIU Galicia: clima, terra, enerxía e auga, coa participación das universidades galegas, que xa están participando en moitos CLIU en varias rexións europeas e en moitos países de Sudamérica. Poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo, en paralelo ao CLIU Galicia, para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra, As Pontes, Eume, Ortegal e Cerceda, Ordes, Terra de Melide e Arzúa, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas. En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos e estatais para poñelos en marcha.



Gobernen a favor da cidadanía no tempo que lles queda, neste caso, da cidadanía das Pontes, en vez de a favor de manter as súas cadeiras neste Parlamento ou dos intereses das eléctricas. Non fagan o que fixeron con Meirama, que hai anos que sabían que Naturgy ía pechar a central...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor CASAL VIDAL: ...e estiveronlle mentindo á cidadanía en vez de traballar en alternativas sustentables.

Mobilicen orzamentos das contas de 2020 e fagan colaborar nestas iniciativas as empresas que sacaron enormes beneficios da explotación dos recursos destas comarcas. Por aí van os nosos puntos 5 e 6 da emenda.

Os tres primeiros puntos da súa proposición son aberrantes. É absurdo, segundo a lexislación europea, pretender pagar a Endesa por emitir gases de efecto invernadoiro.

E o cuarto é tecnicamente ridículo. Para que unha central de 1.400 megavatios se alimente de biomasa forestal necesitaríanse 2,8 millóns de hectáreas de bosque. Ou sexa, todo o territorio de Galicia plantado de eucalipto nitens para queimar na central das Pontes. ¡Vaia solución!

Si votariamos a favor do punto 5 —se nos deixan votar por puntos—, deixando claro que o futuro do emprego nas Pontes e na súa comarca...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...virá da transición enerxética, e, entre tanto, desenvolver medidas de choque que palién os efectos transitorios deste proceso. Iso é o que defende o futuro dos empregos nesta comarca.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASAL VIDAL: Esta proposta revela unha absoluta irresponsabilidade fronte á emerxencia climática global e, sobre todo, é enganar a cidadanía.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: O futuro das Pontes non está en queimar carbón de Indonesia, está na transición enerxética.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Non pensen en manter as súas cadeiras e pensen máis na cidadanía das Pontes...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas. (*O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)



Grazas, terminou o seu tempo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

«Cando o pobo pide o seu con voz valente e baril, mándanlle para contentalo forzas da Garda Civil». Así rezaba unha das estrofas da *Cantiga das Encrobas*, con letra de Manuel María, nos anos setenta. Facíase eco do enfrontamento de panos na cabeza negros e toquillas aos fríos tricornos; os paraugas ergueitos cos corazóns plenos de rabia e impotencia contra os naranjeros e máuseres das forzas do franquismo que impoñían a cobiza do capital aos labregos que non se deixaban roubar. E naquel presente dos paraugas ergueitos polas mulleres que defendían con uñas e dentes o pan dos seus estaba o sangue das cunetas, o cárcere e o medo. Esta foi a loita que recordo e que algúns dos presentes compartiron. Aquilo foi o principio, hoxe líbrase a loita do remate. Corenta e pico de anos nos contemplan, e isto ten traza de rematar como comezou.

Nas Pontes queda un gran furado cheo de auga, un enorme lago que enmascara a gran ferida que nos fala da espoliación do carbón. Ese carbón que non é recoñecido en ningún plan de ningún goberno español á hora de mandar axudas paliativas ao desastre do desemprego. Se o noso non era carbón, ¿que era?

Quedan tamén millóns e millóns de toneladas de cascallos e refugallos cubrindo un val agora infértil. O territorio das Pontes queda marcado *per saecula saeculorum*. O dano medioambiental, o espolio sufrido polo territorio, os millóns e millóns de ganancias non son comparables á miseria dos salarios abonados aos traballadores nestes corenta anos de abuso.

Fáltanos, pois, a compensación a tantas ganancias obtidas e a tanto derramo feito. O desenvolvemento de iniciativas económicas reais e sostibles no tempo que devolvan e manteñan o dinamismo da comarca e o emprego doutrora. Non é xusto que, unha vez máis, se pretenda que aquí quedemos cos refugallos soamente.

Señor Tellado, vostedes veñen aquí falar do futuro dunha empresa —dixo—. O BNG vén debater o futuro dunha comarca e das súas xentes. Hai diferenzas cualitativas no posicionamento, porque mentres as empresas (*Aplausos.*) sigan tendo ganancias, exencións fiscais, facilidades, alongamentos de prazo... Porque nese punto 3 que pedimos suprimir do acordo que nos propoñen fálase diso: exencións fiscais para unha corporación que reparte dividendos, que non lle chegan as ganancias da empresa e que pretende espoliar os traballadores, sidos e que aínda son, dos seus dereitos adquiridos ao longo do tempo.

Os traballadores e traballadoras de Endesa e das empresas auxiliares e de transporte non pensan quedar con brazos cruzados á espera do que Deus mande; están en pé de guerra, e este outono vai ser quente, moi quente.



Por certo, señores do PP, ¿lémbrense de que se comprometeron a promover tres xuntanzas de traballadores e traballadoras, unha con Endesa en Madrid por cuestión dos empregos, outra no Ministerio de Transición Ecolóxica polo do céntimo verde e outra co comisario europeo de Enerxía e Acción polo Clima polo do CO2 e a súa regulación? ¿Saben algo desas xestións prometidas ou aínda están xestionando as xestións?

Compartimos a preocupación que vostedes din que teñen, aínda que a súa amnesia é esaxerada, porque teñen responsabilidades —je tantas!— na crise que estamos a vivir e na que, parece ser, pode vir ou virá. Concordamos, pois, na supresión do céntimo verde porque acaba indo ao consumidor, aínda que ben será lembrar que foi creado por vostedes no 2012. ¡Claro! Ademais, cabe lembrarlles tamén aos señores do PSOE que quitaron o do gas, pero este é tamén un combustible finito, con consecuencias no medio ambiente.

Nós propoñemos emenda de adición, propoñemos a adopción dun mecanismo de compensación de pagos por capacidade, pola dispoñibilidade para cubrir a demanda en horas puntas. Porque o horizonte ten que ser un novo sistema, e non que as térmicas vivan sempre de rendas.

Concordamos tamén en que o modelo mixto é unha vía a promover...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...e unha forma de aproveitamento. Propoñemos o punto 4 por iso, pero ¡coidado!, isto non pode servir para favorecer os cultivos enerxéticos, que declaro logo que cando o BNG fala de biomasa refírese a eses restos que resultan da corta e poda e non á promoción do cultivo de inframadeira para queimar. Tamén dubidamos que haxa suficiente corta e poda para facer algo nas Pontes.

Como lles contaba, a comarca das Pontes está en loita, loita ao comezo de Endesa e loita ao final da súa actividade. É a xente quen reclama os dereitos que lle corresponden como protagonistas reais da xeración de riqueza que outros levaron. Son horas de poñer as pilas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...e de que os representantes do pobo deamos voz e canalicemos os temores e xustas reclamacións do mesmo. Neste senso van os puntos 5 e 7. Porque aquí non hai protagonistas nin salvadores, son o pobo, os traballadores e os veciños da comarca quen deben marcar a axenda das prioridades. É o seu futuro o que está en xogo, temos a obriga de comprometer a empresa a que se implique a favor deste proceso, porque as decisións últimas van ser dela. Empresa que foi pública...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor RIVAS CRUZ: ...e que acabou nas mans de quen hoxe está por obra e graza das políticas.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas. Terminou o seu tempo.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Dicía o señor Tellado que non hai traballadores de primeira e de segunda. Para nós é certo. O que si que se ve que hai son empresas de primeira e de segunda para o Partido Popular, como se ve nas súas propostas.

Hoxe veu facer unha vez máis aquí teatro e a mentir; a mentir e a escorrer o vulto da súa responsabilidade como Goberno galego, que a teñen.

Dende que o Partido Popular —dende aquel consello de ministros cuxo 90 % de membros acabaron imputados— fixo unha privatización vergonzosa de Endesa, roubando cartos públicos a esportas dunha empresa que era rendible, as decisións de Endesa son as decisións dunha empresa privada dentro dun contexto legal a nivel mundial, europeo, estatal e nacional galego, e, polo tanto, o capital, e moito máis se é un capital internacional como o de Enel, non ten nin patria nin corazón. Así o atestigua o feito de que, a pesar de chegar a un acordo cos transportistas de manter a actividade, leve case cinco meses parada porque non lle dan as contas, punto. Unha decisión privada.

Hai seis anos presentei unha proposición non de lei neste Parlamento para, textualmente, elaborar un plan para un eventual peche das centrais térmicas. Quedei só, recibín duras críticas, e dicía na intervención que, desgraciadamente, a decisión de pechar ou non unha central térmica dependía dunha decisión dunha empresa privada. Pero o que tiña que facer un goberno responsable e que estea ao carón da xente, dos traballadores e dos transportistas nese momento, ante un contexto mundial no que, queiran ou non, o carbón ten un horizonte moi limitado, podemos discutir ano arriba, ano abaixo, moi limitado, a responsabilidade dun goberno é ter plantexado un plan de diversificación económica para que a xente non quede na estacada, algo que vostedes non fixeron. Algo que vostedes non fixeron nin en Cerceda nin nas Pontes.

Porque vir aquí un responsable do partido que apoia o Goberno galego obviar a realidade de que a central térmica das Pontes é unha das industrias máis contaminantes de Europa, que emite 1/3 dos gases de efecto invernadoiro de Galicia, cando hai uns acordos mundiais que derivan en acordos de pago de emisións por dereito de CO₂ que van empeorar no ano 2020 e que non son decisións dun goberno, nin da Xunta nin de ninguén, que van empeorar, e non ter preparado un plan alternativo de diversificación económica para non deixar tirada a xente, é irresponsable. E nós, entre entregarlle os millóns como fixeron vostedes sempre a Endesa, ou utilizar os millóns para os traballadores, escollemos utilizar os millóns para os traballadores.

O que vostede propón aquí nesta proposición non de lei é sete tazas de caldo daquel que aplicou durante moitos anos o Estado español, que é darlles prebendas ás eléctricas para que se



forrasen e, a cambio, un recibo da luz dos máis caros de Europa; pagos por capacidade nun sistema que ten sobrecapacidade, exencións fiscais etc. Iso é diñeiro para Endesa, que nin sequera garante o futuro do traballo das Pontes. ¿Cantos millóns hai que darlle a fondo perdido a Endesa para que siga funcionando uns anos, señor Tellado? ¿Cantos? (*Murmurios.*) ¿Cantos? ¿Cantos millóns máis queren darlle vostedes a Endesa?

Vostedes o que teñen é que asumir a súa responsabilidade como Goberno galego, non deixar na estacada a xente, e empezar a traballar dende xa en medidas reais que, por unha banda, efectiven unha transición de modelo, necesaria e desexable para este país, que dea alternativas laborais para esa xente e que desterre formas de produción que van ser, por convicción ou por necesidade, abandonadas. Están pechando a ducias as centrais térmicas en Europa, están pechando a pares as centrais térmicas no Estado e temos que estar preparados tamén neste país, esa é a cuestión. E nada máis, o resto é demagogia.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Demagogia barata é mentirlle á xente. Por iso, cando vostede fala dunha transición xusta, dígame vostede que fixeron vostedes para esa transición. ¿Cal é o plan do Goberno galego para a transición enerxética? Estiveron gobernando, aquí e no Estado, sete anos. Dígame vostede cales son as medidas que compoñen o Plan de transición enerxética. Así estamos, peor que hai seis anos, cando xa dixemos nós que había que prepararse para este contexto. Vostedes non fixeron caso e estamos moito peor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señor Tellado, é unha mágoa moito máis grande que hoxe aquí, neste debate tan importante para Galicia, non estea nin o presidente da Xunta de Galicia, nin o conselleiro de Industria, nin tan sequera o voceiro do Partido Popular. (*Aplausos.*)

E mire, voulle dicir algo que xa lles temos dito en moitas ocasións neste hemiciclo: Mellor, moito mellor, no Falcon presidencial que no iate dun narcotraficante. ¡Non o olviden! (*Aplausos.*)

Señor Tellado, levamos tres anos desta décima lexislatura; unha lexislatura na que o señor Núñez Feijóo se envolve como militante de Galicia pero non defende os intereses de Galicia como presidente do Goberno galego. Tres anos dunha lexislatura sementada de publicidade e propaganda. As centrais térmicas de Meirama e das Pontes non estiveron na axenda política da Xunta de Galicia ata que o señor Pedro Sánchez accedeu á Presidencia do Goberno.



Nesta décima lexislatura, o Partido Popular de Galicia, en dezanove meses de goberno de Mariano Rajoy, dirixiu o 15 % das súas PNP instando o Goberno central. ¿Sabe vostede cantas foron dirixidas preocupándose polos Fondos Miner ou polo mantemento da central térmica de Meirama? Sábeo perfectamente. Cero, ¡cero!, ¡nin unha soa! Mentres que en quince meses de goberno do presidente Sánchez, o Partido Popular de Galicia dirixiu ao Goberno central o 64 % das PNP presentadas neste Parlamento galego.

En fin, mire, os socialistas xa o 7 de marzo de 2017, acabada de estreir esta décima lexislatura, trouxemos a este pleno unha PNL para que a Xunta de Galicia defendera a perda de 72 millóns de euros do Plan do carbón 2006-2012, anulados unilateralmente polo Goberno do señor Mariano Rajoy.

¿Sabe vostede cal foi o resultado das votacións desta iniciativa presentada polos socialistas? Sábeo perfectamente. Foi rexeitada grazas aos 41 votos en contra do Partido Popular. Neses 41 votos en contra do Partido Popular estaban incluídos o voto do presidente galego militante de Galicia. ¿Onde estaba o presidente Feijóo militante de Galicia cando o Goberno de Mariano Rajoy anulou dun plumazo 72 millóns de euros para Galicia? ¿Onde estaba o presidente Feijóo militante de Galicia cando nin tan sequera defendeu a inclusión de actuacións en 16 concellos da comunidade onde gobernaba? ¿Onde estaba?

O 31 de xaneiro de 2015 o Consello de Gas Natural-Fenosa comprometeuse a acometer un investimento de case cen millóns de euros para adaptar a central térmica de Meirama ás exixencias medioambientais europeas e seguir funcionando máis alá de 2020; un acordo de investimento tomado, coma sempre, cun gran acto propagandístico presidido polo presidente Feijóo, na Cidade da Cultura, xunto co señor Salvador Gabarrón.

Catro anos despois, a empresa Naturgy anuncia o peche da central térmica de Meirama, afectando uns 180 postos de traballo. ¿Que fixo o presidente da Xunta de Galicia para que Naturgy cumprira con ese compromiso acadado en 2015? ¿Onde estivo, unha vez máis, o militante de Galicia para defender os intereses de Galicia? Tendo en conta, ademais, señor Tello, as relacións societarias que ten a Xunta de Galicia con Naturgy, antes Unión Fenosa, posto que en Sogama comparten accionariado, en Reganosa foron socios, en Gas Galicia e EnergyLab tamén son socios.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E, por certo, o director xeral de Industria do Goberno galego forma parte deses consellos de administración.

O mesmo acontece coas Pontes. En marzo de 2018, Endesa presentou o plan estratéxico cunha folla de ruta que incluía os investimentos necesarios na central térmica das Pontes para reducir os seus efectos contaminantes e axeitarse á normativa europea, cun investimento de 217 millóns de euros. Neses momentos, o Partido Popular presentou tres iniciativas exactamente idénticas, tres iniciativas de autobombo, nas que se preguntaban a si mesmos que valoración fai o Goberno galego sobre o investimento de 218 millóns de euros...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...anunciado por Endesa na central das Pontes.

Remato xa, señor presidente.

É dicir, mentres as cousas parecen ir ben, o Goberno galego preocúpase, no seu afán de publicidade e propaganda, de preguntarse e dicir cal é a valoración, de arrogarse os logros e sacar moitas fotos. ¿Que pasa?, que cando as cousas empeoran, o militante de Galicia, en lugar de buscar solucións, ao que se dedica é, un día si e outro tamén, a culpar o Goberno do Estado de Pedro Sánchez...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O único que vou dicir, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Non, grazas, non. Perdoe, é que o tempo... ¡aínda queda moita tela que cortar aquí!

Non, por favor, remate xa. Estamos moi pasados de tempo.

A señoras RODRÍGUEZ RUMBO: Soamente quero dicir que, a pesar diso, nós votamos a favor desta iniciativa cando estaba o señor Mariano Rajoy e agora que está o señor Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Moitas grazas, terminou o tempo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Hoxe, dous dos tres grupos da oposición estean portavoz para enfrontarse a Feijóo. O PSOE tivo sete nos últimos dez anos, o BNG tivo cinco e o rupturismo cinco dende o ano 2012, e dúas escisións.

Claro, con este panorama, tratar de convencer a alguén de que vostedes están preocupados por algún tema de Galicia e non dedican todo o seu tempo a mirar polo seu, que é a situación do seu propio partido, é difícil de crer. *(Aplausos.)* Vostedes, que non son capaces de darse estabilidade nin sequera a vostedes mesmos, ¿que estabilidade lle van dar a Galicia?

Decía a señora Rodríguez Rumbo que as cousas, cando empeoran... Non, non, é que as cousas non empeoran soas, as cousas as empeorou o Goberno Socialista, señora Rodríguez Rumbo. ¡Vaia papelón! ¡Que difícil facer o que vostede tivo que facer! ¡Noraboa! Mire, hoxe vostede tiña que escoller entre defender a Gonzalo Caballero, defender o delegado do Goberno, de-



fender a Valentín Formoso, que é dicir amén a todo o que diga o goberno de Pedro Sánchez, aínda que sexa lesivo para Galicia, ou defender os intereses de Galicia da comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, e vostede elixiu o partidoño, ¡esa é a realidade! Vostede puido elixir e elixiu mal.

Mire, déalle recordos, por certo, ao alcalde socialista de Cerceda, ao alcalde inhabilitado. Vostede, que tantas leccións de tantas cousas dá, déalle recordos da nosa bancada, e a ver se o voceiro do seu grupo (*Aplausos.*) toma algunha decisión sobre ese asunto.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire, eu entendo que o Goberno Sánchez pase todo o día no Congreso dos Deputados, porque é un goberno que non goberna, é un goberno en funcións que non funciona, polo tanto, poden estar todo o día no Congreso dos Deputados. Pero o Goberno galego...

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Rumbo, ¡silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...se non está na cámara é porque está gobernando, está traballando. Non están na casa ¡eh!, non están na casa. Están gobernando e resolvendo os problemas. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Moitos, por certo, creados por vostedes mesmos.

Eu entendo que un socialista non saiba conxugar o verbo xestionar, enténdoo, pero non lle tomen o pelo á xente, señora Rodríguez Rumbo. Por certo, foi o goberno de Pedro Sánchez quen se cargou o plan Ferrol, un plan deseñado para a diversificación industrial das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Foi o seu goberno, o goberno de Pedro Sánchez.

Cinismo socialista. Son tan ecoloxistas, tan ecoloxistas, tan ecoloxistas, que queren pechar canto antes todas as centrais térmicas de España. Iso si, permiten a entrada de electricidade na rede eléctrica española procedente de centrais térmicas de Marrocos que non cumpren ningunha directiva medioambiental. ¡Mire que son vostedes ecoloxistas!

Señor Casal, mire, eu non sei onde vostede vive nin me importa, eu vivo en Ferrol e coincido con moita xente que traballa no sector naval, no porto de Ferrol e na central térmica das Pontes, e quero seguir podendo cruzarme pola rúa con esa xente, e mirarlle aos ollos, e poderlles dicir que fixemos todo o posible para que a fonte do seu traballo continúe aberta.

Vostede non me fale de transición ecolóxica, porque a alguén de Ferrol iso nos recorda as reconversións navais que impulsaban estes e vostedes eran os tontos útiles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e cómplices dese desastre para a industria. Si, Comisións Obreiras tamén, señor Lago, Comisións Obreiras tamén. E ¿que fixeron? Destruír postos de traballo. ¡Non lle tomen o pelo á xente!



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¡Silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Igual vostede resolve a súa xubilación aquí. Non nos dea leccións do que hai que facer, o que hai que facer é preservar os postos de traballo.

O señor PRESIDENTE: Señor Tellado, sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E o señor Sánchez ten o gran mérito de ser o primeiro que nesta cámara pediu o peche da central térmica das Pontes.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Terminou o seu tempo, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, vostede ten que estar do lado do Partido Socialista. ¡Como non vai estar de acordo! Esa é a realidade.

O señor PRESIDENTE: Emendas. ¿Vai aceptar algunha das emendas?

O señor TELLADO FILGUEIRA: A nosa iniciativa é o resultado do que nos demandan os traballadores da central térmica das Pontes e nós non imos mover nin unha coma, nin unha letra, do noso texto orixinal.

Moitísima grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universitario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condicións

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 54032).

Emenda de adición.

Engadir na parte resolutiva o seguinte texto como punto terceiro:

<<3. Previo diálogo coas Universidades públicas galegas e de común acordo con estas, reducir os prezos de matrícula de todos os mestrados que se ofertan no SUG para os equiparar aos títulos de grao. Cal-



quera mudanza irá acompañada da correspondente compensación orzamentaria pola vía do Plan galego de financiamento do SUG.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Como vostedes todos saben, o espazo europeo de educación superior organiza os estudos superiores en tres niveis: grao, máster e doutoramento. De todos eles, son os estudos de máster os que máis creceron nos últimos anos, na última década, tanto en número de másters como en número de alumnos; un crecemento extensible a toda España, practicamente se cuadruplicaron dende 2008. Isto é así porque os estudos de posgrao, como vostedes saben, xa están marcando un elemento diferenciador na formación e, sobre todo, na competitividade laboral dos estudantes e as estudantes; están funcionando como ese elemento diferenciador esencial que ofrece maiores posibilidades para traballar; mellor emprego, mellor salario.

Estas maiores posibilidades para traballar están presentes, por exemplo, no último estudo realizado pola Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia, onde nunha análise da inserción laboral dos universitarios conclúe que un 93,3 % dos que cursaron un máster en Galicia atoparon un traballo, aos poucos meses de finalizalo, cun salario maior que os que tiñan un grao. E ás mesmas conclusións chega a Axencia de calidade do sistema universitario catalán.

Tamén está comprobado por diversos estudos que as empresas de todas as áreas, sobre todo áreas xurídicas, áreas da banca, áreas sanitarias, están pedindo cada vez en maior medida, como requisito para o emprego, un título de máster. Sendo isto así, que o é, en Galicia e en toda España, é importante ter unha política de impulso, de crecemento, destes estudos, igual que é absolutamente imprescindible ter unha política que democratice o acceso aos estudos de máster. É dicir, romper todas as barreiras económicas ou sociais, que en Galicia son excesivas, para acceder a estes estudos de mestrado.

Ademais de todo isto, como vostedes poden comprender perfectamente, o crecemento dos estudos de mestrado é esencial para o desenvolvemento social e económico do noso país, polo que estas políticas son esenciais. E hai que ter en conta que o axuste dos estudos aos novos perfís profesionais é moito máis rápido e produce unha adecuación moito máis fácil a través dos másters que dos graos, por moitos elementos que agora non temos tempo de analizar.

En todo caso, hai que ter unha política de impulso que sinto dicir que a Xunta de Galicia non está levando, porque a súa política é realmente limitada e ademais está a poñer en marcha medidas para a implantación e a supresión dos másters en moitos casos contraditorias e bastante caóticas, que obrigan ás universidades a continuos cambios, movidos tan só por motivos cuantitativos e economicistas, que non permiten consolidar os títulos de máster e que non lles permiten aumentar a calidade e a excelencia que teñen, pero que pode ser aumentada,



porque limitan o crecemento da oferta, independentemente de que as universidades teñan os medios para facelo e que ademais sexa a custo cero. A pesar diso, non o permiten. Todos vostedes teñen que saber que en Galicia, se unha universidade quere impartir un novo máster, ten que anular outro, ten que pechar outro. Polo tanto, estamos cun teito que impide o crecemento do número de másters e impide o crecemento do número de alumnos.

En Galicia existen posibilidades de aumentar o número de másters e aumentar a calidade, porque temos grupos de investigación de excelencia, unidades mixtas de investigación etc. Así, non é estraño que na inauguración deste curso dixera o reitor de Santiago en nome de todos os reitores das universidades galegas, e cito textualmente: «Frente á idea de mapas pechados e de teitos do sistema, defendemos que, conxugando demanda social, empregabilidade e recursos dispoñibles, temos que adaptar a oferta á realidade de cada momento coa máxima axilidade, particularmente nos casos dos mestrados, garantindo sempre a calidade do servizo, que debe ser a outra pedra angular».

E isto é así porque a oferta de másters en Galicia é excesivamente escasa, e o número de matriculados tamén é excesivamente escaso, comparados co resto de España.

Os datos que temos dispoñibles, oficiais, avalan estas afirmacións. En primeiro lugar, o número de matriculados é moi curto respecto a España, e dígoo polo seguinte. Galicia está por debaixo da media española. En España a porcentaxe de estudantes de máster, fronte aos de grao, é de 14,1 %, e en Galicia é dun 12 %. Ademais, o número de matriculados en títulos de máster estancouse nos últimos anos; mentres en España crece un 10 % como termo medio anual, aquí estancouse, de maneira que no curso 2013-2014 se titularon 3.113 alumnos e no 2017-2018 foron 3.116; un estancamento absoluto. Perfecto. Esta evolución é claramente preocupante.

Por outra parte, necesítanse axudas destinadas aos que queren cursar estes estudos, axudas que en Galicia son extremadamente cativas; e volvo poñer enriba da mesa os datos. No curso 2017-2018 solicitáronse 122 bolsas para cursar un máster, e a Xunta concedeu 76, cun orzamento de 100.000 euros; 100.000 euros de axudas para estudantes de máster. O ano pasado, o curso anterior, foron aínda menos, 85.000 euros as axudas concedidas; polo tanto, os requisitos tamén teñen que ser cambiados.

Pero tamén é escasa oferta de graos. Segundo o estudo realizado pola CRUE, *La universidad española en cifras*, no curso 2016-2017 Galicia é a comunidade onde menos creceron os estudos de mestrado, un 54 %, mentres en España aumentaron de media un 97 %; unha diferenza apreciable que leva a esa redución e estancamento do número de alumnos.

Galicia tamén coxea claramente na internalización destes estudos, encóntrase a cuarta pola cola, e por detrás soamente está Aragón, Extremadura ou La Rioja. En cambio, en estudos de doutoramento atópase Galicia no medio da táboa, é dicir, responde moi ben.

Por todo isto, é necesario cambiar as políticas que está a seguir a Xunta con estes estudos, de maneira que se amplíe a oferta e que se dean ás universidades os medios necesarios e, sobre todo, a posibilidade normativa necesaria para aumentar o número, a calidade e a com-



petitividade dos estudos de mestrado, porque isto beneficia os alumnos e as alumnas e porque isto beneficia tamén o noso país dende o punto de vista social e económico.

Por todo isto, nós presentamos esta proposición non de lei. Por certo, quero dicirllas que calculamos e pódese facer por unha contía que realmente non é excesiva, aproximadamente uns 5 millóns de euros, e solicitamos que se acorde, loxicamente, coas universidades. Isto non pode ser unha política tan só da Xunta, ten que ser unha política acordada coas universidades, cun plan especial de impulso destes estudos de mestrado que integre medidas concretas neste plan; que inclúa os cambios normativos necesarios e o orzamento necesario para aumentar o número e os parámetros de excelencia dos estudos de mestrado que aumenten a competitividade, sobre todo, a nivel internacional.

Poñer en marcha, tamén, un estudo de axudas complementarias a estes estudos impartidos nas tres universidades de Galicia, para que sexan suficientes e cubran non soamente a matrícula, como está a pasar agora, senón que cubran os gastos básicos deste alumnado, para que, realmente, o acceso sexa democrático e para que, realmente, a estas novas oportunidades laborais e sociais que ofrecen os estudos de mestrado teñan a posibilidade de acceder todos aqueles que teñan os niveis académicos suficientes pero que non poidan logralo polo seu nivel económico.

Plantexadas as cousas así, creo que é extremadamente razoable e a un prezo tamén razoable, por iso pido o apoio desta Cámara.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Burgo.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Decía a señora Burgo, e tamén o recollen na exposición de motivos da iniciativa, que se cuadruplicou o número de mestrados ofertados no noso país e que foi tamén neste ámbito do ensino superior onde máis ten medrado, aínda que por baixo da media do Estado español, o número de estudantes que cursan este tipo de titulacións.

Nós non compartimos a lectura crítica que fai o Partido Socialista sobre a xeneralización e a expansión dos mestrados, nin sobre as implicacións que a incorporación do noso ensino universitario tivo ao se introducir no Espazo Europeo de Ensino Superior, porque non responde este incremento a unha ansia do alumnado universitario galego por matricularse nos mestrados, senón que responde e é consecuencia directa dun modelo de ensino universitario que se impuxo neste país co denominado Plan Bolonia, que inicialmente empezou cun 4 máis 1, 4 anos de grao e 1 de mestrado, e que agora, dende o ano 2015, comeza a implantarse



ese outro modelo do 3 máis 2, 3 de grao e 2 de mestrado. Ao fin e ao cabo, cursas os mesmos cinco anos que nas antigas licenciaturas, pero a un prezo moito máis elevado e moito máis custoso para o alumnado do noso país.

Temos falado aquí nesta Cámara, noutras ocasións, de cal é o prezo de matrícula que teñen no noso país, en termos xerais, os títulos de mestrado, e oscila entre os 1.300 e os 1.900 euros, dependendo, evidentemente, da área ou da rama académica na que estean centrados, e a nós —nese sentido enfío aquí coa emenda que presentamos dende o noso grupo— párecenos importante, e témolo defendido xa noutras ocasións, que toda vez que se reduciu o prezo de matrícula dos másters, dos mestrados que son habilitantes, o que acontece co mestrado de profesorado, co do ámbito da psicoloxía, que o de todos os mestrados que se ofertan no ensino público do noso país se vexan reducidos para facelos equivalentes ao prezo das matrículas de grao. Evidentemente, pola vía do Plan de financiamento do Sistema universitario galego, que iso se vexa compensado no orzamento co que contan cada ano as universidades públicas do noso país.

A señora Burgo facía referencia na súa intervención á apertura do curso académico e ao discurso que pronunciou o reitor da Universidade de Santiago en nome tamén do conxunto das universidades públicas do noso país, e facía especial fincapé á universidade pública do noso país na necesidade de abrir o proceso de negociación dese novo plan de financiamento do sistema universitario, para poder enfrontar os grandes retos e as exixencias que o propio Goberno lle fai á universidade pública do noso país. Nós entendemos que é no marco desas negociacións do novo plan de financiamento que ten que compensarse, se finalmente se decide —como nós propoñemos— esa redución dos prezos de matrícula dos mestrados, de todos os mestrados, habilitantes ou non, para os equiparar aos prezos do grao. Porque é moi custoso para o alumnado, e por extensión para o conxunto das familias traballadoras do noso país, asumir o que é xa unha obriga para poder introducirte no mercado laboral, como se di, co nivel de formación que se exige, e que pasa por ese modelo —insisto— 4 máis 1, ou 3 máis 2.

Nós concordamos, ademais da emenda que propoñemos e que agardamos se teña en consideración, coas propostas que formula hoxe o Partido Socialista. Simplemente unha reflexión a respecto do que ten que ver con esas axudas complementarias aos estudos de mestrado, para que vaian máis alá de asumir o custo da matrícula e contemplan o que é o groso dos custos que exige o ensino universitario do noso país —falámolo moitas veces—: que é alugar un piso cada vez máis difícil, cada vez máis encarecido, sobre todo nas cidades do eixo atlántico; ou que é asumir o elevadísimo custo que ten o transporte no noso país, se vas da Mariña, por exemplo, a Santiago de Compostela ou se estudas en Lugo e vives en Vigo.

E aquí facemos unha invocación de novo ao acordo unánime que suscitou a proposta do BNG o pasado mes de xullo, para que se inste canto antes o Goberno español a transferir as competencias en materia de bolsas de axuda ao estudo, co fin de poder deseñar e poder axustar tamén todas esas becas, todas esas axudas, á realidade galega, e que se teña tamén en conta, por conseguinte, a realidade que viven moitas estudantes do noso país, que teñen que asumir —insisto— un custo moitísimo máis elevado que noutros territorios do Estado español, por exemplo, simplemente poñendo como exemplo esa realidade do transporte.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.

Ao falar de mestrados e dese aumento na matrícula nos últimos anos, nós tamén cremos que cómpre evidenciar, unha vez máis, como xa expuxo a señora Rodil, esa tendencia a voltar —se é que se saíu algunha vez— a unha elitización da universidade. Se durante o século XX, con matices, houbo un acceso masivo das clases populares á universidade —digo con matices porque segue sendo unha cuestión de clase, canto menos ingresos hai, menos acceso á universidade hai, pero, efectivamente, houbo un acceso masivo á universidade—, a cuestión dos mestrados o que fai é poñer unha barreira, un limitante económico, a ese acceso a uns estudos superiores que —tal como as dúas voceiras que acaban de falar expuxeron— cada vez son máis necesarios para ter ese futuro laboral máis exitoso; con matices tamén, porque a realidade laboral da mocidade é a que é.

Así pois, nós estamos de acordo con deseñar un sistema de bolsas propio para os mestrados. De feito, así o levabamos no noso programa electoral; unha política de bolsas que apoie o estudantado con menos recursos, principalmente no nivel de posgrao, para reter o talento pero tamén para garantir que o sistema universitario permita un acceso universal aos estudos superiores, como é tamén o obxecto desta iniciativa. Cómpre, efectivamente —como tamén foi aquí exposto—, un financiamento correcto do Sistema universitario galego para podermonos dotar dun sistema de bolsas que sexa realmente efectivo, que non sexa a actual precariedade.

Tamén, por suposto, estamos de acordo en concertar coas universidades un plan de impulso aos estudos que implique un aumento da oferta precisamente a través do diálogo coas universidades, e isto hoxe cobra especial relevancia porque acabamos de coñecer, publicado no Portal de transparencia, ese proxecto de universidade privada, sen diálogo ningún cos reitores das universidades, sen telo exposto no acto de inauguración do curso da universidade por parte de Feijóo, que é absolutamente intolerable; unha universidade privada que vai vampirizar estas públicas, que lle vai permitir a Abanca, neste caso, crear máis titulacións. Decía precisamente *La Voz de Galicia* que creará catro mestrados tamén nesta universidade. Por unha parte, o Goberno de Feijóo vaille permitir crear titulacións cando por outra lles racanea ás universidades públicas, porque, como lembrou a señora Burgo, esa cláusula de estabilidade impídelle ás universidades aumentar o número de alumnado.

É de todo punto intolerable, e queríamos aproveitar esa segunda parte da súa proposición non de lei, que fala de diálogo e de aumento de titulacións no Sistema universitario público galego, para denunciar esta situación.

Votaremos a favor da súa PNL. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez.



Por parte do Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidenta.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario Común da Esquerda vai apoiar esta iniciativa. É ímola apoiar porque trata sobre un asunto fundamental —que temos defendido en moitas ocasións nesta Cámara— para a igualdade de oportunidades neste país, como é o acceso aos estudos universitarios.

Como temos dito en numerosas ocasións, só poderemos falar de igualdade de oportunidades cando os estudos universitarios sexan verdadeiramente universais, e isto só pasará cando sexan verdadeiramente gratuítos e accesibles para toda a cidadanía.

A realidade coñecida por todos, lamentablemente, está moi lonxe disto. Os prezos públicos seguen sendo hoxe en Galicia verdadeiras barreiras de entrada aos fillos e fillas das traballadoras deste país; unha situación inxusta que condena o futuro individual das estudantes que quedan fóra e o futuro colectivo da sociedade galega, que non debería permitirse a perda gratuíta de talento.

O único motivo que deba impedir cursar un mestrado neste país tería que ser o propio desenvolvemento do alumnado, nunca motivos económicos. Máis aínda dende que se fixo o negocio do 3 máis 2, que condena o estudantado a afrontar gastos elevadísimos para ter un título que teña o mesmo recoñecemento que as extintas licenciaturas, ese coñecido como asunto do Plan Bolonia. De feito, este é un matiz no que discrepamos coa iniciativa socialista. O mestrado non resulta xa un elemento diferenciador, como podía acontecer hai dez anos no sistema universitario galego, senón un *sine qua non* para poder ter oportunidades. Fíxense que esta mesma semana o estudantado universitario galego comezaba as súas aulas, e basta estar nunha das presentacións que teñen os alumnos e as alumnas de primeiro de calquera carreira académica para comprobar como dende o primeiro día que se sentan nas aulas o alumnado recibe a mensaxe clara de que, se quere ter algunha alternativa laboral, para lo-gralo terá que cursar un mestrado, para que vaia pensando dende o primeiro día que esa é a saída necesaria.

Como aquí se dixo, o que antes era unha licenciatura, pero a dobre prezo, a triplo prezo, a prezo de ouro. Xa o temos comentado en moitas ocasións, foi un negocio redondo. Hoxe, sendo xa un requisito case fundamental para acceder case a calquera posto de traballo e para ter un título suficientemente recoñecido, entendemos que é especialmente necesaria unha actuación decidida por parte da Administración educativa, tanto en oferta —como plantexa a iniciativa do Partido Socialista— como, sobre todo, en medidas económicas para poder garantir o acceso aos estudos.

Os 1.500–2.000 euros de media que pode custar un mestrado é un prezo elevadísimo que moitos estudantes e moitísimas estudantes galegas non poden asumir. Por iso, parécenos especialmente relevante o punto 2 da iniciativa socialista, sobre a que nós presentamos varias medidas. Urxe que o Goberno galego desenvolva unha política de bolsas propias. Hai que reconsiderar os requisitos de acceso para estas bolsas e adecuar as cantidades que se



aportan ás necesidades reais do alumnado galego, que van moito máis alá da matrícula, que é o único que cobren, de momento, as escasas bolsas que ten a Xunta de Galicia. Está o aloxamento, está a vivenda, está o transporte... asuntos fundamentais, de especial relevancia nun país como o noso, no que a dispersión poboacional fai tan elevado o custo do transporte. Esta é unha preocupación para moitas familias deste país, unha preocupación fundamental para moitas estudantes deste país, que pasan meses traballando para poder asumir o custo.

É unha vergoña que a partida que o Goberno galego destina ás bolsas universitarias sexa unicamente de 200.000 euros. Como é unha vergoña que no último ano foran só 76 os beneficiarios para ter unha bolsa para un mestrado. E non serve —temos que insistir— dicir que non hai competencias nesta materia. O PP, o Partido Popular en Madrid, encargouse de adelgazar as bolsas do Ministerio. Se o Partido Popular galego quixera, Galicia podería compensar esta situación.

Coincidimos —dicía tamén— na necesidade de fomentar novas titulacións que diversifiquen a oferta e fagan un sistema público galego punteiro e competitivo, para que non perdamos alumnado en virtude de universidades privadas que seguen facendo negocio a conta dos dereitos de toda a cidadanía.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Burgo, cando lin a proposición non de lei deume a impresión de que quería meter algo con calzador esta semana que comezaba o curso universitario, e trasladar o interese do PSOE. Pero creo, sinceramente, que é un pouco oportunista e que chega un pouco tarde.

Por certo, tamén me resulta simpático —non sei se chamalo así— que nun momento en que acaban de presentar nunha precampaña —porque iso é no que están, nunha precampaña— 370 medidas, este tema, o das bolsas, que é competencia estatal —logo falaremos de competencia estatal—, despáchano con dous puntos, 107 e 108, dúas xeneralidades para incluír nunha nova lei e nun novo pacto educativo, xusto os mesmos que se levantaron da mesa cando estaba a punto de asinarse o pacto educativo —non fora ser que se fixera co Goberno do PP—. E isto preséntano, ademais, pouco despois de que o seu ministro de Ciencia e Universidade di que hai que eliminar títulos. ¡A ver se se poñen de acordo! O seu ministro dicindo que hai que recortar e vostedes que hai que ampliar ao chou, sen concretar, en todas as áreas e en todos os sitios, sen coordinación.

A Consellería leva unha década planificando isto coas tres universidades, e faino a través do mapa de titulacións. Un mapa de titulacións asinado no 2017 con horizonte 2021, que se está



levando á práctica con coherencia, deseñado polas propias universidades, con expertos universitarios e en función das necesidades de Galicia, do mundo e da actualidade. Ademais, este ano —só este ano— incorpóranse sete mestrados dentro dese plan que se está levando con orde coas universidades, e só se pechan os mestrados que non teñen demanda, os que non teñen alumnos, porque hai que levar as cousas con orde e segundo as necesidades da universidade e da sociedade galega deste momento.

Ademais, hai un plan de excelencia que contempla unha liña específica para definir os perfís profesionais do futuro e os títulos necesarios para eles, que se está facendo coa Feuga, cos especialistas, para que cando remate este primeiro plan xa en marcha teñamos outro estudado; non abrir todo o que se queira, así —como digo— ao chou.

En segundo lugar, fala das dificultades para acceder ao mestrado, efectivamente. Pero di: se hai un indicador que marca a facilidade ou a dificultade para acceder aos programas de mestrado, son os que se incorporan ao mestrado no ano de egresado. Acaba de publicar o Ministerio de Educación os últimos datos, os egresados do 2015-2016 que ingresaron no mestrado no 2016-2017 —os últimos datos publicados—. Galicia é a terceira comunidade de España en ingreso en mestrados de egresados, despois do País Vasco e Asturias, ¡a terceira! Ademais, cando a media estatal está no 22,8, en Galicia está no 27,3, 4,5 puntos por riba da media. Este é o indicador que utiliza o Ministerio, polo tanto, non é verdade que en Galicia esteamos por debaixo ou teñamos maior dificultade que outras comunidades autónomas para acceder a estes programas.

Fala de bolsas, dunha competencia estatal. O Goberno socialista de Pedro Sánchez leva dous anos, dúas convocatorias de becas, ¡dúas!, e non aumentou nin un euro ningunha bolsa, ¡ningunha! Isto é un decreto lei deses sociais, dos verdes. Mire, se é tan razoable, se son contías tan razoables para a Xunta, ¡imaxine para o Ministerio, que é o competente!, porque as bolsas da Xunta son complementarias. Por certo, hoxe sae unha nova —non é a primeira vez—, para desempregados de longa duración, para acceder aos mestrados. Esas son as complementarias da Xunta. Por certo, unha axuda que antes daba o Ministerio e que agora tampouco dá, por iso ten que dalas a Xunta. Polo tanto, se é tan razoable como di vostede, dígalle ao seu ministro que poña os cartos nun verde social e todo arranxado. Porque son competencias estatais, como ben recordou a voceira do BNG, que non se pediu.

En calquera caso, a desgraza para os bolseiros galegos é que reciben as bolsas e poden pedilas en contías, en número e en función do que publica o BOE, non dos mitins do Partido Socialista, como escoitamos esta mañá aquí. ¡Esta desgraza! Falaba o señor Tellado de que os socialistas sobrevoan en Falcon os problemas e que os arranxen as comunidades autónomas, que os arranxe Galicia. Esta é unha PNL clara do que dicía.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Sobrevoamos o problema das bolsas, que é competencia dos socialistas de Madrid, e que o arranxe Galicia e que poña os cartos que non nos transfiren dos 800 millóns. ¡Pechamos o círculo!



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ¡Fácil para os señores socialistas! Evidentemente oportunista, neste momento de precampaña no que está o señor Sánchez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Prado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Concepción Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio de todos os grupos da oposición, e comentarlles ás señoras voceiras que falaban desta elitización da universidade e das dificultades, que esta iniciativa vai precisamente tamén para iso, para intentar corrixir un grave problema que algunha de vostedes nomeou, e é que os másters están fundamentalmente crescendo en mans das universidades privadas, é o gran negocio das universidades privadas. ¿E por que? Porque moitas das universidades públicas, entre elas as galegas, coartadas polo Goberno político, non poden facer crecer eses estudos de máster, ese nivel de oferta de másters, e as privadas están facendo esa oferta. E aquí claramente falaba algunha de vostedes deste plan de estabilidade —que é ao que eu me refería—, que ten un teito claro para impedir que aínda que se poida, aínda que sexa a custo cero, se implanten máis másters.

Señor Fernández Prado, eu non sei que campaña estou levando, porque lle estou pedindo cousas á Xunta. A campaña estana levando vostedes, que aquí, no Parlamento de Galicia, non deixan de solicitarlle cousas ao Goberno de Madrid. ¡Claro! Eu estou pedindo que o faga quen o teña que facer, que o faga o Goberno da Xunta de Galicia.

Logo todo son balóns fóra. Acaba de recoñecer vostede mesmo que o sistema de bolsas que puxo en marcha o Partido Popular non é suficiente, e sabe vostede que nós aínda temos os orzamentos do Partido Popular e non podemos facer crecer iso. Iso si, fixemos reducir os requisitos, esas alteracións que vostedes puxeron en marcha, como que non se podía ter unha beca se non se tiña un 5. Pero si se pode entrar, os que teñan diñeiro, entran cun 5 entran, os que teñan unha bolsa necesitaban máis. Iso rematou totalmente.

¡E mestura vostede o mapa de titulacións! Mire, señor Fernández Prado, no mapa de titulacións do que vostede fala están os graos, pero os másters revísanse anualmente. Os másters funcionan por outro lado, loxicamente, porque os graos teñen unha estabilidade de polo menos catro anos e máis, para ver a súa posibilidade de continuar. Os másters non, por iso os másters son tan importantes —pero contradise vostede mesmo— para chegar a eses novos perfís profesionais. Porque é a través do máster onde podemos rapidamente organizar estudos que teñan maior implantación —ou que pareza que teñan maior implantación— no mercado laboral. Polo tanto, vostede di que non porque seguen nesta política de constrinxir o labor das universidades, e, sobre todo, de impedir —imaxino que por motivos económicos...,



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: ...quero pensar, pero fronte ao que vai vir nos próximos meses, non sei se soamente son motivos económicos ou son outros motivos—, constrinxir o sistema universitario público. Porque vostedes, seguramente, apostan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...por outro tipo de sistema.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón. Sobre a emenda, señora Burgo. Non sei se o dixo, non me dei conta.

A señora BURGO LÓPEZ: Señor presidente, perdón.

Si, si, aceptámola, por suposto...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale. Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...porque complementa o que nós dicimos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 54051).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Demandar do Goberno central que nos orzamentos do ano 2020 se contemplen os investimentos na Comunidade Autónoma de Galicia que permitan o remate das infraestruturas viarias pendentes,



as melloras nas redes e servizos ferroviarios e actuacións nos portos de interese xeral do Estado de Galicia, conforme aos distintos acordos acadados no Parlamento de Galicia.

2º. Que nos orzamentos da Xunta de Galicia do ano 2020 se dea un impulso definitivo aos distintos plans existentes, nomeadamente os relativos á mellora das infraestruturas portuarias e o plan de mobilidade e ordenación viaria.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ante o Goberno central unha axenda galega de infraestruturas co seguinte contido:

1. Aprobación dun plan de conservación e modernización da rede ferroviaria de Galicia no que, en coordinación co Plan director para o Corredor Atlántico se recollan as actuacións necesarias para favorecer e mellorar a mobilidade dos cidadáns. Este plan incluirá, cando menos, as seguintes actuacións:

- Saída sur e mellora da comunicación entre Vigo e a fronteira portuguesa

-Modernización da liña Ferrol-Ribadeo

-Modernización e mellora do trazado da liña Ferrol-A Coruña

-Mellora da conexión Vigo-Porto

-Modernización da liña Ourense-Lugo-A Coruña

Así mesmo, primará vertebrar o territorio mediante a mellora das conexións, frecuencias, horarios entre as principais cidades e vilas galegas.

2. Desenvolvemento dun plan plurianual de investimentos en autovías en execución ou pendentes, aprobando os proxectos e licitando as obras comprometidas. Este plan incluirá, cando menos as seguintes actuacións:

- Novo trazado na A-55 entre O Porriño e Vigo e que conectaría coa A-52.

- A-74 ou autovía da Mariña, conectando San Cibrao e Barreiros, para enlazar coa A-8.

- A-56, que conectaría Ourense coa A-54 para acadar a cidade de Lugo.

- A-57, que transcorrería nunha primeira fase dende Pontearreas a Pontevedra.



- A-59, que conectaría coa A-57 e transcorrería desde Vilaboa ata Peinador.

- A-76, que conectaría Ourense ca saída/entrada central de Galicia ata Ponferrada

3. Cumprimento dos acordos do Parlamento galego en relación co porto exterior da Coruña e os terreos portuarios da cidade, e aprobación dos investimentos demandados nos portos de interese xeral.

4. Cumprimento coas restantes obras recollidas nos Orzamentos Xerais do Estado en vigor.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Esta é unha iniciativa para denunciar a aldraxe e o maltrato a Galiza polo Goberno central, e, polo tanto, polos partidos turnantes no Goberno central; que é o maltrato aos galegos e ás galegas, a fin de contas. Maltrato pola vía dos orzamentos, dos investimentos non executados, tamén pola vía do sistema de financiamento. E isto —como é evidente— ten repercusións moi negativas no día a día na vida das persoas, porque supón un drástico descenso da actividade económica e, polo tanto, tamén da creación de emprego.

É unha iniciativa tamén en defensa de Galiza fronte ao maltrato por parte do Goberno central. Esta defensa debía facela o Goberno galego, a Xunta de Galiza, pero como non a fai, facémola nós, faina o Bloque Nacionalista Galego, que para iso estamos. Debería facela o Goberno galego, plantarlle cara e defender os intereses de Galiza, pero vostedes non o fan.

É unha iniciativa que tamén ten que ver coa ausencia do noso país do debate estatal, porque, con todo este barullo no que están metidos, ninguén fala do noso país e Galiza está desaparecida. Parece que Galiza só lles interesa aos políticos de Madrid cando veñen aquí buscar o botín electoral.

É tamén unha proposta que ten que ver coa necesidade de termos voz propia, sen ataduras, que defenda os intereses de Galiza en Madrid. E máis agora, con esta postura pusilánime da Xunta de Galiza e do señor Feijóo, que de vez en cando sente un ataque de sentido de Estado que verdadeiramente son ataques de submisión.

Levan dez anos de silencio, calando e outorgando, poñendo a outra meixela. Lévano facendo, por exemplo, no caso dun sistema de financiamento que vostedes mesmos recoñecen que é discriminatorio e que é inxusto. Levan eses anos tamén, e os últimos anos, sen reclamar a débeda da dependencia, unha cuestión que ten que ver coa vida, co día a día, co sufrimento, de miles de persoas que non reciben esas axudas, que están morrendo sen recibir esas axudas. Tamén aceptando os recortazos continuos dos investimentos en infraestruturas, ou agora con este debate dos 700 millóns de anticipos a conta, no que van de farol. Hoxe o presidente da Xunta anunciounos unha carta. Despois de meses, de semanas de debate, oco-



rréuselle mandar unha carta hoxe, cando xa lle propuxemos hai semanas que presentasen un recurso nos tribunais ante esta aldraxe, que tamén é unha aldraxe.

Esta é unha proposta en positivo en defensa do país, ademais nun contexto grave, preocupante, de bloqueo e parálise institucional, onde estamos asistindo a un espectáculo absolutamente lamentable, que produce preocupación e, sobre todo, que produce noxo, que produce carraxe, que produce vergoña entre a poboación, porque son sete meses de parálise, sen goberno, e cun parlamento, o Parlamento central, que tamén está en *standby*. Esta preocupación, esta indignación, este noxo, son tamén pola incapacidade dos partidos estatais para chegar a acordos, e sinalamos claramente, neste caso, ao Partido Socialista e a Unidas Podemos.

Por iso a xente está farta, está cansa, está aborrecida deste marasmo e deste vodevil; unha situación que produce desconfianza e descrédito das institucións e tamén dos partidos que son responsábeis desta situación de tactismo electoralista, de postureo, de oportunismo, de política convertida en politiquería e convertida nun taboleiro para vantaxistas e tahúres. E nun contexto, ademais, conflictivo e complexo, onde hai no horizonte riscos, ameazas e alarmas pola situación política e pola situación económica internacional e estatal.

Neste comezo de curso político, no mes de setembro, diante desta ausencia de Galiza, diante dun goberno da Xunta tamén ausente, que non defende o país, queremos traer estes temas ao debate político, ao debate público, no Parlamento de Galiza e en toda a sociedade; recuperar esa axenda galega diante do Goberno central para rematar con esta parálise, con este abandono e con esta marxinação, con este ninguneo que ten que ver con esta ausencia de Galiza, de posicións propias do Goberno da Xunta de Galiza, no debate sobre o sistema de financiamento. O BNG dixo claramente cal era a súa postura, estamos agardando pola postura do Partido Popular. Non se coñece. Esperemos que nolo digan nas próximas semanas, que traeremos tamén aquí este debate.

Por non falar do que sae hoxe sobre o caso de Navarra. ¡Xa nos gustaría a nós ser Navarra en cuestión de investimentos, en cuestións, sobre todo, de sistema de financiamento! Fixo o señor Feijóo unha comparación moi chiripitiflaútica en canto á proxección entre PIB e poboación. Resulta que temos tres veces máis PIB pero temos catro veces máis poboación; é dicir, deberíamos ter 80.000 millóns de PIB, segundo a proxección de poboación, e temos 60.000. En fin, esas son as contas.

Tamén queremos falar de enerxía. Loxicamente, queremos falar de transferencias, da AP-9, de tráfico, de ferrocarril, de portos, de salvamento, en fin, de todas esas transferencias pendentes, aparcadas polos gobernos de turno. Tamén da prórroga ilegal de Ence, tamén de memoria histórica, tamén de dereitos e liberdades, sobre todo agora, cando este Parlamento impón a súa propia lei mordaza e quere silenciar a xente.

Hoxe queremos facer fincapé nunha cuestión que nos parece especialmente sangrante, que é a dos investimentos do Estado, para denunciar ese apagón investidor que se vén producindo nos últimos anos, non só agora co Goberno do Partido Socialista, tamén cos gobernos do Partido Popular, nun momento en que temos uns orzamentos prorrogados, polo tanto, sen investimentos, e no que hai incerteza sobre os orzamentos do próximo ano.



Queremos, ademais, traer ao debate a compensación polos investimentos non executados nos últimos anos, co silencio cómplice da Xunta do Partido Popular. E quero recordarlles, señoras e señores do Partido Popular e do Goberno da Xunta, que no ano 2017 o señor presidente da Xunta anunciou unha comisión de seguimento dos investimentos do Estado. ¿Onde está esa comisión? Non se volveu falar nada máis dela. Sacárona da chisteira naquel momento porque había un clamor social polo recortazo de 400 millóns de euros nos investimentos do Estado, pero nunca máis. Se non, déanos os datos vostede porque os temos que buscar noutro sitio.

A realidade é que os datos que se publicaron en agosto —por iso traemos agora precisamente esta iniciativa a debate— falan dun nivel de execución extremadamente baixo, que se suma ao dos anos anteriores, do 56 %, 458 de 806 millóns previstos polo Ministerio de Fomento, que é, como sabemos, o departamento que ten máis capacidade investidora en Galiza.

Ademais, tamén se coñeceu un estudo que fixo curiosamente a Generalitat de Cataluña —e vaia un saúdo para Cataluña neste día da Diada nacional de Cataluña—; fixo un estudo da execución dos orzamentos do Estado, dos anos 2015 ao 2018, que revela uns datos moi negativos, nos que Galiza sae moi mal parada, moi por debaixo da media estatal, e xa non digamos dos datos que ten Madrid, que ten un nivel de investimento do 114 %. Son datos da Intervención Xeral do Estado que falan de que se deixaron de investir 1.500 millóns de euros nestes catro anos.

A situación —como dixer— vese agravada pola prórroga e pola ausencia de orzamentos, cun parón investidor de obra pública da que son responsábeis tanto a Administración do Estado como tamén a Xunta de Galiza, que non está executando, licitando, practicamente ningunha obra pública de certa dimensión, está só facendo proxectos de obras menores e de mantemento, e iso —como dixer— ten unhas graves consecuencias en canto á actividade económica e á perda de emprego. Por iso traemos aquí estas propostas que falan de cuestións concretas e queremos que se posicionen sobre estas cuestións.

Pedimos a aprobación dunha dotación orzamentaria extraordinaria, de cando menos 1.500 millóns de euros, para facer fronte a todas esas necesidades e para compensar os investimentos non executados nos últimos anos, para facer investimentos de mellora da rede viaria, do ferrocarril etc.

Tamén queremos un plan plurianual de mellora da rede ferroviaria galega, cunha serie de actuacións que xa son coñecidas, demandadas historicamente e aprobadas neste Parlamento nos últimos anos, e no que incluimos tamén —curiosamente vostedes isto exclúeno das súas emendas— a creación do servizo ferroviario de cercanías e a transferencia a Galiza...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...das competencias na materia, e tamén investimentos en autovías e en materia portuaria. Queremos, polo tanto, poñer a Galiza no mapa do...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...



O señor BARÁ TORRES: ...debate neste momento e tamén que se posicionen todos os grupos políticos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...sobre todo os partidos estatais, a favor destas demandas que van a favor...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...do noso país e da nosa xente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Presenta o Bloque Nacionalista Galego hoxe unha proposición non de lei relativa a infraestruturas, tanto viarias como ferroviarias como de portos, e orienta esa proposición non de lei case de forma exclusiva aos orzamentos do Estado e aos seus investimentos correspondentes en Galicia. Conste que estamos basicamente de acordo con todo o contido da proposición non de lei.

Se me permite, señor Bará, voulle dicir que na súa argumentación encontro certo exceso de creatividade, posiblemente, cando lle atribúe á falta de goberno no Estado problemas tan transcendentales como o Brexit, as guerras comerciais, as tensións en Oriente Medio, a alerta dunha posible recesión económica, as alarmas respecto dunha crise do clima etc. Sen dementir a existencia de todo isto que vostede di aquí, creo que está vostede moi próximo a entrar na liña argumental do Partido Popular cando di que o señor Zapatero é o culpable de todos os males que ten a humanidade. Pero bueno, é vostede dono da súa iniciativa, evidentemente.

Estamos a favor de que o Estado invista en Galicia todo o que ten pendente en infraestruturas de todo tipo. Das autovías, como non; da autovía coñecida como a da Mariña de Lugo, a Ourense-Lugo coa conexión coa A-54, a A-76, etc. Nas infraestruturas e servizos ferroviarios e portuarios tamén, como non. A diferenza é que nós non imos cambiar o noso discurso, nós non imos empezar a exixir ou deixar de exixir o que antes exixiamos, a diferenza do Partido Popular, que estivo profundamente calado durante todos os anos do Goberno do señor Rajoy con respecto ás infraestruturas e os investimentos do Estado en Galicia.

Pero creo que tamén é xusto... — señor presidente, descoñezo o tempo que me queda porque non teño... —.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): É que non lle dei eu.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¡Ah!, nese caso empezo desde cero, teño máis tempo. (*Murmurios.*) ¿Canto me vai deixar? (*O señor presidente, Calvo Pouso, pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moi ben. É que sempre é bo ter un punto de referencia ou dous, que permiten triangular a realidade incluso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Decía antes que convén ter en conta cal é a historia, como chegamos á situación deses 1.500 millóns aos que vostede acertadamente fai referencia na súa proposición non de lei. Pero convén tamén ter en conta que, por exemplo, no ano 2015 o Goberno do Estado executou en Galicia o 63,74 % do que tiña orzado inicialmente; naquel momento, os investimentos en Galicia, sobre o total do Estado, representaban o 10,52 %. É importante que reteñamos estes datos, se alguén se perde, podo repetilos ao final. No ano 2016 executou o 41,43 %, e os orzamentos representaban o 10,19 % de todo o Estado. No ano 2017 executou o 74 %, e os orzamentos representaban o 7 % de todo o Estado. E o Partido Popular de Galicia aplaudía de forma... non sei se enardecida é un termo adecuado, en todo caso, aplaudía con insistencia eses orzamentos que tiñan tres puntos menos que o ano anterior. E no ano 2018 ese goberno ao que vostede agora lle demanda 1.500 millóns de euros executou o 116 % do que tiña orzado inicialmente, o 116 %, é 116 %.

Pero, en todo caso, posto isto no seu punto, nós estamos de acordo, e por iso na nosa emenda pedimos o que pedimos, que é que se demande ao Goberno central que nos orzamentos se contemplen os investimentos [...] na comunidade autónoma. Pero tamén hai unha parte fundamental das infraestruturas da comunidade autónoma que dependen estritamente e exclusivamente da Xunta de Galicia, por iso a segunda parte da nosa emenda. Porque eu quero tamén que se remate a AG-13, Vía Ártabra; que a AG-56 se desdobre ata Noia; que se constrúa a AG-51, da PLISAN; a do Baixo Miño, a de Santiago-A Estrada, a autovía da Costa da Morte, a de Curro-Brión. E fíxese vostede que coincidencia, o que dan de si os números. Eu teño aquí unha relación de 34 obras que figuraban no Plan MOVE, 34 obras sen executar, que suman elas soas 1.443 millóns de euros. É dicir, practicamente o mesmo que se lle demanda ao Estado. Polo tanto, tamén entendemos que esta proposición non de lei debe complementarse con demandar todas as infraestruturas que ten pendentes a Xunta de Galicia na nosa comunidade autónoma, non só o Estado. Insisto, estamos de acordo porque nós non imos cambiar de discurso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Bo día de novo.

Bo día de novo. Bo día a todos.



Don Xosé Lois Bará, non diga Martiño que se me poñen nerviosos todos os grupos da esquerda. (*Aplausos.*) A min o de Martiño non me importa, pero os señores do Grupo Mixto e da Esquerda Común póñense nerviosos, non vaia vir por aquí.

Fóra destas brincadeiras, espero que me dea o tempo, señor presidente.

Esta mañá, señor Bará, recordáballe o presidente que son os seus socios, os seus socios socialistas, dos que vostedes son a muletilla en todos os sitios, os que están facendo... chamoulle aldraxe, non sei como lle chamou, esta paralización. Só teñen que romper con eles, exixirilles aos seus socios. Onde fai falla, como lle dixo o presidente, aí están vostedes sempre cos seus votos para axudalos.

Evidentemente, recordámolo todos, levamos debatido bastante destes temas, e señor Álvarez, todas estas cousas están pedidas e apoiáronse cando gobernaba o Partido Popular. Non cambiamos absolutamente para nada na oposición, governe quen governe.

Resulta de verdade un pouco chocante ese interese desesperado que mostrou o señor Bará por intentar demostrar que o BNG defende os intereses de Galicia, cando, evidentemente, os cidadáns o deixaron fóra do Congreso e o deixaron fóra de poder defender, e intentan traer aquí debates que non poden facer no Congreso.

Pero mire, se hai alguén que nestes anos defendeu claramente os intereses de Galicia e das súas infraestruturas, ese é o grupo maioritario do Partido Popular e o Goberno do Partido Popular que apoiamos. (*Aplausos.*) Claramente. Por iso, algunhas destas obras están xa recollidas e pedidas.

A min, despois de escoitalo, gustaríame aclarar algunhas cousas. Fala da parálise destes cinco meses. ¿Quen está montando este circo en Madrid? Os seus socios, PSOE e Podemos, que son socios onde os necesitan. E non teñen paralizado isto desde hai cinco meses, téñeno paralizado hai dezasete, coa moción de censura, porque teñen de verdade paralizado isto.

Nós e o Goberno imos seguir defendendo. Por iso esta emenda, que apoiamos obras concretas, moito máis alá dos 1.500 millóns. Pedimos moitos máis millóns, moitos máis, en obras concretas: en investimentos para o tren, para estradas, para os portos; ¡concretas! Dígalles aos seus socios que polo menos executen os orzamentos aprobados. No tema dos orzamentos, primeiro, cando vostedes gobernaban aquí e apoiaban o Goberno en Madrid, palmeaban cando chegaban ao 8 % os investimentos en Galicia. Ningún ano destes últimos baixaron do 10 % en Galicia, ¡ningún!, e cando encima hai un terzo menos. Do que non pode falar é de datos absolutos. E cando fale de execución, tampouco faga trampa cos números, igual que o voceiro socialista, porque unha cousa é a execución, e incluso cousas comprometidas acabábase ao ano seguinte.

Non xoguemos de trileiros cos datos e coas cifras. Cando interesa, collemos as de Fomento e cando interesa collemos os investimentos globais, como acaban de facer os dous voceiros, e son datos distintos. En calquera caso, estamos de acordo, por iso a emenda. Pidamos todas estas obras pendentes, pidamos de verdade a execución. Por iso lle pedimos a Madrid que



polo menos execute o orzamento do 2018, que está aprobado, ¡polo menos! Por iso metemos un punto máis tamén, e xa ten aí obras, tenas aprobadas, ten orzamento, só ten que licitalo. Pódeo facer un goberno en funcións, si, que xa está aprobado. Pero claro, hai que seguir tapando os amigos e falar de grandes agravios e de grandes cousas.

Pero miren, está claro, nós imos seguir defendendo estes investimentos. Aí ten a emenda, están recollidos os grandes investimentos, o que teñen é que pedirilles vostedes aos seus socios que o fagan. E nese sentido, sempre que fagamos estas reivindicacións con coherencia e con sentido, vai estar o Grupo Popular detrás. Por iso se aprobaron todas esas cousas, porque o grupo maioritario aprobou esas demandas gobernase quen gobernase en Madrid.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Un debate ben traído hoxe ao Parlamento, nunha xornada na que como cidadán progresista participo desa desazón, desa mágoa, incluso desa vergoña que sente unha parte importante da cidadanía progresista en Galicia e no conxunto do Estado ante a incapacidade do Partido Socialista e de Podemos de poñerse de acordo en alumear un goberno de carácter progresista, o cal demostra unha falta de interese público, de interese polo común, de interese polas maiorías sociais, das que tantas veces se fala. Porque podían levar varios meses as Cortes do Estado tramitando iniciativas que ampliasen dereitos e que minguasen recortes, que, en definitiva, supuxesen ampliar o benestar, e, sen embargo, non estamos vendo nada disto. E iso é unha responsabilidade compartida, da que a cidadanía non ten culpa, pero que está padecendo eses efectos. Polo tanto, aproveito a tribuna para reclamar unha pronta solución a esa situación.

Un debate no Estado no que como galegos e galegas temos asistido de forma impávida, sorprendidos e sorprendidas, por que houberse unha ausencia total da axenda galega nesa propia falta de configuración do Goberno de carácter progresista; cun silencio cómplice, ademais, da franquía galega de Podemos e do Partido Socialista de Galicia, que para nada levantaron a voz para reclamar que, dentro das competencias que ten o Estado, puideran beneficiar non soamente o desenvolvemento das infraestruturas, senón tamén a cohesión social e territorial do noso país e estivesen actuando de forma positiva para que iso quedase incluído dentro do propio debate.

Pero bueno, non debemos esquecer que ao longo destes meses pouco se falou de debate de ideas, e si de debate de sillóns. Non houbo un debate sobre cal debería de ser o alcance da derogación da reforma laboral, nin de se se debería despenalizar a eutanasia ou en que extensión, ou en que forma garantir progresivamente ou de golpe a implantación da gratuidade e da universalidade da educación de 0 a 3 anos. Non, non houbo un debate de ideas público, onde a cidadanía se puidera posicionar e dicir: teñen razón uns e outros e non acadaron un goberno. Non, foi un debate moito máis espurio.



Quero recordar tamén que líderes autonómicos, tanto do Partido Socialista como de Podemos, se pronunciaron no seu momento pedindo que se incluíse a propia axenda política das súas comunidades, como foi o caso de Chimo Puig en Valencia ou o caso de Teresa Rodríguez en Andalucía, nesas negociacións, pero aquí houbo o silencio máis estrepitoso.

Hoxe mesmo acabamos de ver como estreándose Gonzalo Caballero non vimos que o seu compromiso co país obtivese un só respaldo con relación a esa conformación dun goberno no Estado.

Quero recordar tamén que se expuxeron durante estas últimas semanas 370 medidas, supostamente para seducir a todo o espazo progresista, das que estaba completamente ausente calquera axenda galega. Quero recordar a ausencia completa das obras do corredor atlántico ferroviario, ausencia, polo tanto, da vertebración dunha mobilidade sostible, tanto nese sistema como no tren de cercanías. Tampouco hai ningunha referencia á condonación da débeda do porto da Coruña; tampouco hai referencia ás melloras necesarias do Porto de Vigo, á conexión dos portos exteriores. En materia ambiental, o saneamento da ría do Burgo etc. Isto non impediu que algún dos líderes estatais protagonistas desa negociación dixese que lle sonaban moi ben esas medidas, moi ben, a pesar de que non había axenda política galega, algo que supuña unha reparación de xustiza básica, como consecuencia do que levamos sufrido xa non só historicamente, senón no último quinquenio.

Quero recordar tamén, durante o último ano, como os orzamentos do Estado para 2019 supúñan —e iso que eran tildados de progresistas— unha redución dun 30 % dos investimentos para o noso país, o cal consolidaba —e facía chover sobre mollado— a falta de execución orzamentaria e a falta de compromiso dos gobernos do Partido Popular, que sumaban máis de 2.400 millóns de euros. Todo isto, sen que houberse voces con representación nas Cortes do Estado neste momento que fixesen valer unha axenda política galega, tanto de desenvolvemento de infraestruturas como en xeral de desenvolvemento socioeconómico, de cohesión territorial e social para o noso país.

Polo tanto, nós pensamos que foi unha perda de oportunidades importante, e supoñemos que a cidadanía tomará conta disto.

Nós imos apoiar esta iniciativa porque nos parece que pon enriba da mesa, como leva feito En Marea durante os últimos meses e durante os anos da súa existencia, a necesidade de facer problemas do Estado dos problemas que ten o noso país, para darlles unha solución política, cando se articulan maiorías de Goberno, dentro do ámbito das competencias do propio Estado, tanto en materia de competencias, en materia de transferencias, como en materia de investimentos, en materia de infraestruturas, como en materia de medio ambiente, como en materia de cohesión social, e, polo tanto, en beneficio dunha cidadanía que parece que no debate destas últimas semanas ou destes últimos meses resultou a grande prexudicada pola falta de Goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.



Grupo Común da Esquerda, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Todos os chineses son iguais: oportunistas, electoralistas, taticistas, e son movementos que estamos vendo hoxe aquí tamén neste Parlamento.

Eu non vou entrar nestes debates porque non dei o paso do activismo ao traballo institucional para estas batallas, vin aquí para mudar a realidade da xente, e, evidentemente, para buscar aliados naqueles cos que se poida mudar esa realidade. E vou centrar a miña atención onde penso que debemos centrala.

Con respecto á iniciativa, imos apoiar esta iniciativa como temos feito tantas veces. Este tipo de propostas xa se teñen feito noutras ocasións, o problema que hoxe se pon enriba da mesa non é novo, é un problema que levamos vivido moitos anos, tampouco catro, como xa se dixo aquí. Mesmo dende o 2010 comeza a caer o investimento do Estado en Galicia dunha maneira importante, ata as últimas cifras que vimos ultimamente, que son totalmente inxustas e que, evidentemente, non podemos tolerar, e temos que exixir un plan que revirta esta situación.

É curiosa a intervención do señor Prado, na que di que sempre defenderon o mesmo e di que sempre foron os garantes de todo isto. ¡Claro!, vostede olvidou o que aconteceu nos últimos dez anos, porque a realidade é outra.

Vostedes estiveron votando en contra deste tipo de iniciativas, porque viñeron máis, cando gobernaba M. Rajoy no Goberno do Estado, e vostedes estiveron votando sempre en contra deste tipo de iniciativas. Agora votan a favor. Vostedes non sempre estiveron na mesma posición.

Vostedes critican agora a baixada do investimento, pero estiveron caladas en 2013 cando o investimento do Estado caeu o 50 %. Caeu á metade, do 2012 ao 2013, e estiveron absolutamente calados. Agora son os grandes defensores de Galicia, pero naquel momento non o eran tanto. E no 2016 volveu caer outro 30 % máis o orzamento do Estado, e vostedes, o Partido Popular, tanto o Grupo Popular como o Goberno da Xunta de Galicia, estiveron absolutamente caladas. E non só iso, oxalá, cando menos, estiveran caladas. Estiveron gabándose do gran ministro de Fomento que tiñamos no Estado e de que se portaba moi ben con Galicia, palabras que dixeron membros do Partido Popular, do Grupo Popular, o voceiro do Grupo Popular e mesmo o presidente da Xunta de Galicia, despois dunha caída dun 70 % do orzamento durante o Goberno de Mariano Rajoy. Esa foi a Xunta de Galicia durante estes anos, que non lle preocupou absolutamente nada e mesmo saía a defender o Goberno do Estado.

O mesmo que aconteceu coa AP-9, que vostedes votaban aquí unha cousa, en Madrid bloqueaban o seu debate, e viñan aquí defender o ben que se estaba portando o PP madrileño.



Por certo, falando da AP-9 tamén quero aproveitar para falar da propaganda que está facendo o Partido Popular estes días coas grandes rebaixas de peaxes, esa gran medida, con esa gran incidencia de eliminar as peaxes das doce da noite ás seis da mañá, que todos sabemos que é cando todo o mundo se move en vehículo, e con esa medida fantástica pretenden presionar para que a AP-9 rebaixe o seu prezo. O último convenio da AP-9 con Fomento é co Partido Popular. As últimas modificacións que existen firmadas de Fomento con Audasa son do partido Popular. Eu non sei por que o Partido Popular nese momento non firmou unha rebaixa das peaxes, por que o pide agora e naquel momento non o fixo. Porque vostedes moito lirilo e pouco lerele, e mentres gobernan, unha cousa, e cando non gobernan, outra cousa ben diferente. Non sei se isto atenta contra o decoro parlamentario, pois se me alteraron algunhas deputadas do Partido Popular.

Polo tanto, imos apoiar esta proposta do BNG, que nos parece indispensable, urxente e moi necesaria.

Quero centrar a atención en dúas cuestións. Unha é o necesario investimento en infraestruturas. Por unha banda, creo moi acertado que haxa un desenrolo moito maior no que ten que ver coa infraestrutura ferroviaria. Creo que é unha das cousas máis urxentes que temos que facer polo que ten que ver coa a necesidade de impulsar o transporte colectivo e a mobilidade sustentábel para afrontar o cambio climático, cambio climático que o señor Tellado nega, e que é importantísimo meter aí.

Despois, outra cuestión ten que ver coas autovías, coas estradas e demais. Cremos que se deben centrar todos os orzamentos pensando no grave problema que temos coa sinistralidade, coa altísima sinistralidade. Aí estamos á cabeza en canto aos puntos negros da rede viaria do Estado. Polo tanto, cremos que é o máis urxente onde se debe actuar.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Pois quedou clara a oportunidade deste debate, desta proposta. Por unha parte a necesidade de falar destes temas e tamén a incomodidade dalgúns grupos con este tipo de debates porque os obrigan a quitar a máscara e a retratarse. Sobre todo, a máscara do Partido Popular, do seu silencio cómplice con estas aldraxes, sobre todo cando gobernaba o seu partido en Madrid. Recórdolle que lle preguntei —que non me dixo nada—: ¿que foi daquela comisión de seguimento dos investimentos dos orzamentos do Estado que anunciaron no 2017? Unha medida para a galería que despois desapareceu.

Señor Álvarez Martínez, non terxiverse as miñas palabras. Eu non culpei o Goberno Socialista de todas esas grandes ameazas e cataclismos, o que dixen foi que esta situación era moito máis preocupante cando hai riscos que están aí, no horizonte, dunha posible recesión económica, tamén de tensións xeopolíticas internacionais e tamén a realidade da emerxencia climática, que estará de acordo comigo en que é moito máis fácil enfrontala cun goberno que estea en plenitude que cun goberno en *standby*, en funcións.



Tampouco terxiverse os datos de execución, porque dicir que a execución do 2018 é de 116 %, iso ten trampa e sábeo vostede perfectamente. Os datos do Ministerio de Defensa que ten, ¡fíxese!, unha porcentaxe de execución do 3.000 % ¡do 3.000 %! Aí hai trampa polas fragatas, xa o sabe. Porque, realmente, do que estamos a falar é dos investimentos do Ministerio de Fomento e aí a porcentaxe era do 56 %; deixaron sen executar 400 millóns, responsabilidade compartida entre Partido Popular e Partido Socialista que gobernaron ao longo do 2018. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, comprometido, pero unha cousa é comprometido e outra cousa é investido. Investimento real, son os datos, son os datos.

Non temos ningún problema en aceptar a emenda do Partido Socialista sobre os investimentos da Xunta, aínda que pensamos que iso daría pé a un debate diferente e novo, que o podemos dar e que o daremos no debate dos orzamentos do Estado, por suposto.

Tampouco temos problema en aceptar a emenda número 4 do Partido Popular, que é a única das que presentaron que engade algo ao que dixo o BNG na súa proposta.

Mire, señor Martiño, ou Martín, ou como queira chamarse, que non se pon ninguén nervioso, o BNG está onde o pon o pobo, estamos aquí neste Parlamento para falar destes temas. O que non vai facer o BNG é calar ante a aldraxe, ante o abuso, ante a discriminación deste país. Vai defender os intereses de Galiza alí onde sexa, *(Aplausos.)* contra o Partido Popular e contra o Partido Socialista cando faga falta.

Vostede non ten claro o que significa a democracia. Democracia significa pactar, chegar a acordos en beneficio da xente, e o BNG chega a acordos en beneficio da xente. Ademais sabe que o Partido Popular é especialmente prexudicial, por iso chegamos a acordos nas deputacións e nos concellos con outras forzas políticas polo ben da xente e polo ben deste país. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o seu tempo.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e dezasete deputados/as máis, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional da Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada

O señor PRESIDENTE: Hai emendas de todos os grupos.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 54185)

Emenda de adición.

Ao final da parte dispositiva debe engadirse o seguinte texto:



«...ao tempo que respecta os dereitos dos/as illáns/ás como parte integrante dos valores histórico e cultural dos arquipélagos.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acadar unha proposta consensuada e apoiada de maneira unánime antes de calquera paso encamiñado á declaración de Patrimonio da Humanidade pola Unesco mediante un proceso de diálogo con todos os concellos e coa veciñanza dos arquipélagos que compoñen o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.»)

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 54185)

Emenda de modificación.

Débase substituír a o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a abrir un diálogo coas representantes da veciñanza de Ons e o Concello de Bueu co fin de buscar solucións ás súas reivindicacións e estudar conxuntamente a posibilidade de presentar a candidatura do Parque Nacional das Illas Atlánticas para optar a ser Patrimonio da Humanidade.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 54185)

Emenda de adición.

Engadir ao parágrafo actual, que pasaría a ser o punto 1, os seguintes puntos:

«2. Procurar a integración na candidatura da veciñanza da illa de Ons, recoñecendo os seus dereitos históricos, promovendo unha Carta da veciñanza e facilitando o acceso á illa sen restricións tanto da poboación illeaga como da súa contorna familiar e social.

3. Impulsar un Plan de investimentos nas Illas Atlánticas e singularmente na Illa de Ons co obxectivo de atender as necesidades de protección e conservación dos valores culturais e naturais así como de dar resposta ás demandas veciñais de mellora das infraestruturas e dos servizos: mellora dos espazos públicos, das construcións residenciais e auxiliares, da rede viaria, do abastecemento de auga e saneamento, do subministro de enerxía eléctrica e da atención sanitaria.

4. Crear unha comisión mixta co concello de Bueu e coa veciñanza de Ons para impulsar as medidas recollidas nos puntos 2 e 3.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Rexistramos polo trámite de urxencia esta proposición non de lei polas declaracións de diferentes figuras políticas, relevantes no panorama galego, que puxeron en cuestión un traballo que vén de longo. Un traballo que podería comezar coa creación do Parque Nacional Illas Atlánticas, apoiado de xeito unánime por este Parlamento na remisión ao Congreso da súa lei de creación. Iso foi no 2000 e a lei é do 2002. Daquela gobernaba o Partido Popular, e de feito as obxeccións dos grupos da oposición, lonxe de ir no camiño de restrinxir a extensión do parque, ían, polo contrario, no camiño da súa ampliación, como reflicte o feito de que na posterior tramitación no Congreso se engadise por instancias do Grupo Socialista a illa de Cortegada. Benvida fora nese momento, e sexa, a illa de Cortegada.

Pois nós, cada día máis abraiados por certas declaracións de dirixentes do Partido Socialista, queremos reforzar o apoio deste Parlamento á candidatura de Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas a patrimonio da humanidade, sen a exclusión das illas de Ons, de Sálvora ou de Cortegada. Queremos ese espírito do ano 2000, e queremos ese espírito sen excluír a ninguén, porque unha cousa son os cantos de serea por todo medio de comunicación que poida existir, e outra cousa ben diferente son os argumentos en sede parlamentaria, son as votacións e o que manifestamos cada grupo aquí. Polo tanto, eu creo que é importante que cada partido se manifeste ante unha candidatura tan importante.

Señorías, como ben saben, detrás da resolución dunha determinada candidatura de patrimonio natural da UNESCO a patrimonio da humanidade hai un procedemento moi arduo, que en ocasións se demora no tempo máis do que nos gustaría, e precisamente é ese tempo o que o socialista Abel Caballero emprega de escudo e de pretexto para mentir ou para enganar en certo modo, vou explicar despois por que.

Hai case seis anos que leva falando dunha posible candidatura de illas Cíes en solitario; pero falando —insisto—, porque non hai actuacións, nin feitos, nin trámites, non hai nada, só hai gastados moitos cartos en promoción turística. Onte falaban dunha promoción turística masiva a eses arquipélagos, que non é o máis axeitado, feita pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Vigo, sen ningunha intención e sen ningún trámite administrativo para que as illas Cíes sexan en solitario patrimonio da humanidade. Polo tanto, a súa é unha candidatura pantasma, soamente existe esta que hoxe queremos reafirmar no Parlamento de Galicia.

En contraposición a iso, a Xunta de Galicia ten avanzado neste tema. Vou facer unha cronoloxía e, polo tanto, creo que quedará reflectido con papeis oficiais ou con hemerotecas. Para falar das declaracións de Abel Caballero só me podo remitir á hemeroteca; para falar de feitos da Xunta, si que hai documentos oficiais que acreditan o que se fixo. Polo tanto, esta que presentamos hoxe é unha candidatura sólida, integradora e realista, e hoxe sabemos de sobra que vostedes non se van negar a que isto sexa por fin unha realidade.



Imos ás datas clave. En novembro de 2013 o Concello de Vigo anuncia a proposta para que as Cíes sexan patrimonio da humanidade. En xaneiro do 2015 anuncio de accións promocionais para impulsar esa candidatura. No 2015, e xa no 2014 gastáronse 200.000 euros nese impulso sen haber nada polo medio.

En xaneiro do 2015, Caballero anuncia que aparca temporalmente o plan para declarar Cíes patrimonio da humanidade. Aparcar é calar un rato e deixar de falar do tema.

O 14 de maio do 2015 Caballero anuncia a proposta de declarar Cíes como patrimonio da humanidade como unha das súas grandes apostas para o seguinte mandato. É dicir, no anterior non fixera absolutamente nada; empeza xa cos argumentos electorais.

En febreiro do 2016 Caballero di que espera o momento óptimo para que as Cíes poidan chegar a ser patrimonio da humanidade e que está facendo presentacións en diferentes lugares con moito éxito. É xusto despois de Fitur. Se se dan conta da data, presentou iso en Fitur sen ter nada que argumentar, ningún trámite administrativo. Di ademais que a Xunta non apoia isto. Pero a Xunta argumenta, e ademais pode demostralo, que non recibira ningunha solicitude e ningunha documentación deste tema.

En febreiro do 2016, a conselleira de Medio Ambiente di en Vigo que podería ser moito máis sólido, factible e realista que fora o parque natural no seu conxunto patrimonio da humanidade. En maio do 2016, Abel Caballero anuncia que prevé iniciar, tras o verán, o proceso de declarar as illas Cíes patrimonio da humanidade. Isto xa en maio do 2016. E ademais di que está buscando unha «*fórmula concreta*» —abro comiñas porque son palabras textuais—. Recoñece así que ata maio de 2016 non fixera absolutamente nada.

En xullo do 2016, Caballero reitera que no outono presentará a candidatura. Segue pasando o tempo, e en outubro do 2016 di que o primeiro paso —tres anos despois— será a elaboración dun documento informativo para apoiar a candidatura de Cíes, e que en tres ou catro anos poderá ser unha realidade. Fai así unha estimación a ollo.

En xaneiro do 2017, Abel Caballero di que o Concello de Vigo ultima o documento que presentará en dous meses de maneira oficial para a candidatura das illas Cíes. Eu sei que é cansino, é moi cansino, pero queda só unha data. Outubro de 2017, na que di que a candidatura das illas Cíes está na fase científica. Entón, queda tan tranquilo. Non sabemos se estará na NASA, pero a Xunta non recibiu aínda ningún documento para invitala a participar nese procedemento de candidatura. É de chiste, porque hai quince días escribe unha carta ao presidente da Xunta pedindo que retire a única candidatura presentada.

Nós o que queremos preguntarnos aquí é por que quere retirar esa candidatura. Este, ademais, é o razoamento e por que hoxe presentamos polo trámite de urxencia esta proposición non de lei.

A Xunta, en outubro do 2017, supera unha proba decisiva coa candidatura súa. O Consejo de Patrimonio Histórico Español, composto polas dezasete comunidades autónomas e o Goberno do Estado, aproba a inclusión na lista indicativa nacional.



En febreiro do 2018, o rexistro da candidatura entra na UNESCO co fin de formar parte como ben natural dese club da UNESCO. En maio do 2019, o convenio coas tres universidades, para que entre elas, todos xuntos, e toda Galicia no seu conxunto, poidan facer un formulario de nivel acorde coa candidatura que hai que presentar.

A Xunta de Galicia e o Concello de Vigo teñen os mesmos obxectivos —o Concello de Vigo, non o alcalde de Vigo—, que as illas Cíes sexan patrimonio da humanidade. Só hai dúas diferenzas, que as pon o propio alcalde da cidade, Abel Caballero: nega ese dereito a outros concellos, non sabemos por que; e só fala, pero non traballa, para ese obxectivo, traballa para si mesmo. Dálle resultado, nós tamén recoñecemos que lle dá resultado, pero non traballa para que o parque nacional sexa patrimonio da humanidade, traballa para si mesmo.

Non se pode pensar en cativo para este tema. Non podemos deixar que o capricho puntual dun político que practica unha política egoísta, que todos coñecemos, tire por terra todo o traballo. Unha candidatura que é de xustiza —creo— para Galicia e para o resto de España. Non podemos quedar fóra.

Patrimonio mundial en España son parques nacionais como Garajonai en Canarias, como Doñana en Andalucía, como o Teide en Canarias; no seu conxunto, non individualmente. Polo tanto, nunca Vigo tivo unha oportunidade así, tampouco Bueu, tampouco Vilagarcía, tampouco Ribeira, e nós, dende o Parlamento e como galegos que somos, representantes de todos os galegos, temos que apoiar esa candidatura porque cremos que é un ben para as Rías Baixas, para a provincia de Pontevedra e —insisto— para Galicia enteira.

Cómpre facerse algunha pregunta. ¿Que argumento de peso ten Abel Caballero para pedir que se retire esta candidatura? ¿Hai algo máis, detrás das súas intencións, que un odio e un resentimento a un político concreto ou a unha administración concreta? ¿Por que non se suma a este traballo e a esta petición? É beneficiosa para Vigo —insisto—. Estamos falando de que todos temos os mesmos obxectivos, e as Cíes van ser patrimonio da humanidade.

Se houbera algún argumento de peso máis que o de que a Xunta ataca a Vigo, a min gustárame coñecelo. Non sei se o saberán os deputados do Partido Socialista, pero a min gustárame coñecelo. Todos queremos que Cíes sexa patrimonio da humanidade, pero as Illas Atlánticas que conforman o parque tamén, o parque no seu conxunto.

Temos un caso moi preto, coñecido e parecido, que é o tema da Ribeira Sacra. A Ribeira Sacra é candidata oficial xa de España, por fin, a entrar na lista do patrimonio da humanidade no 2021; unha candidatura que implicou á Xunta de Galicia, dúas deputacións, vinte concellos. Isto foi nun clima de normalidade institucional, de colaboración e cooperación. Imaxinen, para saber o ridículo que resulta este alcalde, que un alcalde dos vinte da Ribeira Sacra dixera que só quere a Ribeira Sacra da beira dereita do río, ou non, mellor a veira esquerda, ou a ourensá, ou só a Ribeira Sacra lucense. ¡Resulta ridículo! Pois iso é o que está facendo Caballero, o que pasa é que como son illas parece que xa están divididas e non nos damos tanta conta.

Cíes lidera a candidatura e, se me permiten, lidera o parque natural. Cíes, neste caso, é a xoia da coroa, pero non son as illas de Abel Caballero, polo tanto, son illas que nos brindou



a natureza a todos os galegos, que incluímos dende este Parlamento nun parque natural e que conseguimos, ademais, que se recoñecera así as través dunha lei.

Polo tanto, a min gustaríame reiterar, como conclusión, que o feito de querer inventarse unha candidatura alternativa —inventarse porque non existe, insisto— é atacar a xa existente Illas Cíes-Parque Natural Illas Atlánticas, que xa está incluído na lista indicativa nacional e rexistrada como candidatura á UNESCO.

Ademais, facer esas declaracións tamén é poñela en perigo, é obstinarse en facer dano non só ao resto dos concellos e comarcas, senón ao propio concello de Vigo e ás Cíes, xa que a alternativa da que tanto fala ten nulas posibilidades de éxito.

Eu insisto, pedimos o apoio a esta iniciativa porque é positiva para todos os galegos e galegas menos para un —ou iso parece—, que gaña eleccións provocando debates coma este, que eu creo que en ningún outro sitio se darían se non fose por el.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días de novo.

Desde o noso grupo parlamentario presentamos unha emenda porque pensamos que compartimos a formulación que fai a proposición. Máis alá da situación de oportunidade ou non para presentala, ou do oportunismo ou non para presentala —que iso vai ao abeiro de cadaquén—, nós, desde logo, respaldamos a idea que hai de fondo porque entendemos que as illas atlánticas constitúen unha serie de valores naturais, de valores patrimoniais e de valores culturais que deben de ser tratados como unha unidade na súa apreciación, como unha unidade na súa protección e, polo tanto, tamén como unha unidade na súa promoción.

Nós pensamos que nesta categorización de illas, da súa protección, da súa promoción e da súa conservación, non pode haber illas de primeira e illas de segunda, como tampouco pode haber concellos de primeira e concellos de segunda. Hai algúns que poden ter ao seu abeiro unha configuración categorizada dunha illa cunha forma e outros con outra. Nós pensamos que este debate non debera, en ningún caso —nunca—, producirse nestas circunstancias.

Queremos, polo tanto, superar as loitas localistas. Pensamos que isto é bo non só para Vigo, non só para Bueu, non só para Vilagarcía ou para Ribeira, é bo para toda a cidadanía de Galicia e é bo para toda a xente coa que compartimos un tesouro que para nós é fundamental, e as cousas que son boas é bo compartilas. E sendo os mesmos valores, sendo o mesmo patrimonio natural e o mesmo patrimonio cultural e humano, é bo que teñamos a capacidade de compartilo como unha unidade.



Agora ben, nós presentamos unha emenda porque, da mesma maneira que o Grupo Popular considera que era necesario, que era oportuno, traer este debate agora precisamente porque hai unha polémica política con relación ao parque, nós tamén pensamos que existe un conflito —viuse onte tamén na propia comparecencia da conselleira— e pensamos que debe quedar clara tamén cal é a posición dos grupos políticos neste sentido.

A emenda que nós formulamos é unha emenda de adición, polo tanto, parte de admitir o contido e a finalidade da propia proposición pero engade a todo o anterior «ao tempo que se respectan os dereitos dos illáns como parte integrante dos valores histórico-culturais dos arquipélagos», de tal maneira que facemos unha declaración expresa de compromiso co valor que supoñen os habitantes, os pasados —a memoria dos pasados— e tamén os presentes, e o compromiso que queremos ter con eles e con elas no futuro, á hora da súa consideración como patrimonio da humanidade.

Polo tanto, nós non queremos que se exclúan illas e tampouco queremos que se exclúan illáns nin illás —se se pode dicir así dalgunha maneira—. Estou seguro de que a propoñente entende perfectamente o sentido da nosa emenda, e incluso atreveríame a dicir que, despois do debate que tivemos onte —que por momentos foi tenso pero, en xeral, creo que foi edificante porque todos e todas tivemos oportunidade de coñecer mellor cales eran as reivindicacións, cal era a posición lexítima da veciñanza de Ons—, hoxe estamos en mellores condicións de asumir esta emenda. ¿Por que? Pois porque forma parte dese tesouro inmaterial, é dicir, da parte que é máis sensible, non soamente os valores que se ven, senón tamén os valores que non se ven, que só se perciben co contacto humano, algo que a propia UNESCO así reconece, e non soamente nesta candidatura —que, por certo, foi enalzada pola Xunta de Galicia como unha das súas compoñentes esenciais—, a compoñente do valor patrimonial e do valor cultural que lle daba tamén o feito de estar habitada historicamente, particularmente no caso de Ons, algo que a UNESCO reconece desde xa hai décadas á hora de promover e de reconecer o patrimonio da humanidade. E tamén —dixémolo onte— porque nos parece que é positivo, que é bo, que se lance unha mensaxe social, no sentido de que a protección dos valores naturais e do medio ambiente non está reñida coa presenza humana. Polo tanto, é un chamamento tamén a toda a sociedade a que acolla en positivo sempre a protección ás figuras progresivas de protección ambiental, porque é posible a convivencia entre uns valores e outros. Polo tanto, iso foi o que nós quixemos expoñer onte e o que queremos expoñer hoxe, e estamos seguros de que unha cousa non é incompatible coa outra. Polo tanto, sendo que se incorpore esta emenda, votaremos a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Egerique, por un momento pensei que botaba de menos vos tede o Pleno do Concello de Vigo. (*Risos.*) (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.*) Sabía que llo ía dicir, ¡claro! Porque vén aquí vostede, desde o partido maio-



ritario deste Parlamento, facerlle outra vez oposición — parece que teñen aí unha frustración permanente— ao Concello de Vigo.

Mire, nós non imos participar nesta guerra absolutamente absurda e inútil, neste enfrontamento infantil arredor das illas Cíes: a ver quen lle quere máis ás illas Cíes, a ver quen defende máis as illas Cíes, a ver quen fai máis por acabar coas illas Cíes; porque a este ritmo parece que vostedes compiten por iso.

¿Que pasa? Que esta é unha actitude irresponsable porque están poñendo en risco a declaración como patrimonio da humanidade. E pona en risco o irresponsábel alcalde de Vigo, que é un kamikaze, este tema deixouno en evidencia; e tamén a pon en risco a Xunta de Galicia, e fano por partidismo e por egoísmo, e tamén por egolatría.

A realidade é que a candidatura que está presentada e que foi apoiada por todo o mundo diante da UNESCO é a candidatura de Cíes-Illas Atlánticas, efectivamente, que se foi modificando ao longo do tempo e está pendente dunha decisión definitiva. E hai unha comisión de persoas expertas que ten que valorar e avaliar *in situ* a candidatura. ¿Vostede se imaxina que pode pensar esa comisión de persoas expertas do espectáculo lamentable que se está dando sobre esta cuestión por parte da Xunta e por parte do Concello de Vigo? Porque, se están agora por aquí e teñen que tomar unha decisión proximamente, comprobando *in situ* os valores deste espazo, e len a prensa, desde logo, non creo que lles queden moitas ganas de apoiar esta candidatura. Polo tanto, é irresponsable poñer en risco o futuro e a viabilidade desta candidatura.

Por se fose pouco, vostedes aínda botan máis leña ao lume co caso de Ons. E xa lles dixemos onte que, onde non había ningún problema, vostedes acaban de crealo e de poñer a xente de Ons en pé de loita, en pé de guerra, en defensa dos seus dereitos históricos que vostedes queren pisotear. E iso tamén é un gravísimo problema porque, evidentemente, nós queremos que Ons sexa patrimonio da humanidade, e, ao mesmo tempo, queremos que a humanidade sexa patrimonio de Ons porque é o máis grande que ten. A xente que defendeu a illa, que traballou nela, que viviu nela, que está alí enterrada, que lle quere a illa, que quere o mellor para a illa, non é ningún problema. E hai que buscarlle unha solución a esa cuestión. Hai que integrar, sumar a xente de Ons nesa candidatura, pero vostedes están traballando no sentido contrario. Esperemos que despois do debate de onte dean volta no camiño, cambien de rumbo e busquen a integración da xente de Ons nesa candidatura.

Miren, nas candidaturas para bens patrimonio da humanidade valóranse dous aspectos: os culturais e os naturais. Aínda que nesta vostedes parece que lles dan máis valor aos naturais, tamén se consideran — e as persoas que avalían tamén os consideran — os valores culturais. E aí fálase, concretamente, de que eses bens deben constituír un exemplo sobresaínte de hábitat ou establecemento humano tradicional, representativo dunha cultura ou culturas vulnerábeis. Pois, mire, esta definición parece que cadra perfectamente para o caso de Ons. Ons é un elemento central desa candidatura e teñen que facer o posible por sumar a xente de Ons a ela.

Ademais, isto ten que ver cun debate que tamén demos onte e que é absolutamente central, que é como resolver a participación e a implicación das poboacións nos espazos naturais



proteixidos. É un gravísimo erro actuar de costas á xente; intentar impoñer as actuacións e as medidas; non contemplar actuacións e medidas de desenvolvemento, de estímulo, de potenciación das actividades tradicionais, da economía, da cultura, dos servizos desa xente, e que a xente entenda que ser un parque natural, ser un parque nacional, é un problema, é un atranco; temos que evitar iso. Polo tanto, este é un debate absolutamente central para esa cuestión e tamén para o futuro, para outros posibles parques naturais e parques nacionais.

Por iso, nós presentamos unha serie de emendas que se suman —son de engádega— á súa proposta de acordo e parécenos que enriquecen esa proposta. A primeira delas é, precisamente, a que ten que ver co recoñecemento á veciñanza de Ons, con garantirlle os seus dereitos e tamén a garantía de acceso á illa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Facer un plan de investimentos, crear unha mesa por Ons onde estean todas as partes implicadas, son medidas fundamentais para darlle viabilidade ao parque e tamén á xente que lle quere a ese parque e a esta candidatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Común da Esquerda, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día novamente a todos e a todas.

A nós tamén nos pode parecer que pode ser acaído facer unha candidatura conxunta para o patrimonio natural de todo o arquipélago, o que non nos parece acaída é a maneira na que se está xestionando toda esta cuestión, por como se está deixando de lado a veciñanza de Ons —que é un tema que xa tratamos onte— e como se está utilizando esta cuestión de maneira partidista e co interese de buscar confrontación; outro episodio máis da confrontación do Partido Popular con Abel Caballero.

Ese interese, esa prioridade de utilizar isto como elemento arroxadizo para confrontar, e que trouxeran de maneira urxente esta iniciativa hoxe. Vostede xustificou que traen esta iniciativa hoxe de maneira urxente porque Abel Caballero fixo unhas declaracións. Iso demostra que o único interese é a confrontación, porque non había unha urxencia por cuestións burocráticas, nin por cuestións de procedemento, simplemente porque Abel Caballero amosou a súa opinión e vostedes tiñan a necesidade de contraatacar. Para iso veñen utilizar esta Cámara e para iso traen esta iniciativa, para contraatacar a Abel Caballero con esta cuestión.

Díxenllo onte á conselleira tamén falando da problemática de Ons: un Goberno responsable, un grupo responsable, é aquel que busca solucións aos problemas da cidadanía, non aquel que —como vostedes neste caso— os xera, busca a confrontación e busca o enfrontamento,



xerando problemas onde non os debería haber, cando o que teñen que buscar é diálogo e fórmulas que se lle deberían exixir a calquera partido minimamente responsable, a calquera grupo, a calquera goberno, a calquera administración minimamente responsable.

Nese sentido, nós presentamos unha emenda —como vería— na que pedimos que a Xunta de Galicia se sente a falar coa veciñanza de Ons para analizar esta cuestión; e sería, evidentemente, coa aprobación e coa colaboración da veciñanza de Ons coa que habería que facer isto.

Da mesma maneira que no tema do acceso hai que buscar fórmulas que sexan boas para que sexa sustentable a súa presenza e á vez que poidamos manter esa riqueza cultural e inmaterial que supón o poboado de Ons. Nesta cuestión tamén entendemos que hai que priorizar esa veciñanza, sentarse con eles e buscar fórmulas.

É lóxica a desconfianza da veciñanza de Ons cando se atopan con esta cuestión xusto despois de que veña a proposta da Xunta de Galicia a delimitar a súa presenza na illa. É lóxico que a eles lles xere desconfianza, é lóxico que se poñan á contra; o que hai que facer é sentarse e ver se é beneficioso, se é positivo, para a veciñanza de Ons, que eu creo que si que pode ser, o que hai é que buscar a súa aprobación e o seu acordo para que acompañen o proceso. E, se non fose así, entendemos que non se deba continuar con este proceso.

Dixemos onte tamén que a veciñanza de Ons é un valor fundamental que temos que preservar en Ons, e xa ten moitísimas dificultades para poder vivir nese lugar. Como saben, a día de hoxe, e durante todo o ano, xa só queda xente maior, porque a xente que ten que buscar traballo, a xente que ten que enviar os nenos e as nenas ao colexio, en Ons non o pode facer; hai unha carencia de servizos —de luz, de transporte, servizos de todo tipo— que dificulta a vivencia alí. Polo tanto, temos que facer esforzos para poder manter esa poboación activa.

E quero aproveitar tamén —xa que temos este interese repentino do Partido Popular polas Illas Atlánticas e pola conservación do Parque Nacional das Illas Atlánticas— para recordarles que, ademais das cuestións turísticas e ademais das cuestións propagandísticas, que enchen de titulares xornais e que locen moito, as Illas Atlánticas precisan dunha intervención de conservación e recuperación medioambiental que creo que debería ser o que máis nos debería preocupar, o que máis deberíamos priorizar, porque é un parque nacional e, se queremos seguir podendo utilizalo de maneira turística e propagandística, hai que conservar os seus valores naturais.

As Illas Atlánticas estiveron sufrindo moitas ameazas nos últimos anos, Cíes concretamente, que é o cabalo de batalla, coa sobreesaturación de xente que tivo. Negro sobre branco, isto non é unha opinión, hai estudos que xa indican as agresións que houbo á biodiversidade nas Cíes, que precisa dunha actuación en materia de conservación e recuperación, e, sen embargo, en todo este debate parece que isto o estamos olvidando, estamos esquecéndoo, e precisamos acometer isto.

E con respecto ás Illas Atlánticas, xa que agora hai este repentino interese por conservar todo este arquipélago, tamén precisamos recordarlle ao Partido Popular que ter unha fosa



onde se botan toneladas e toneladas e toneladas dos lodos de dragaxes a dous quilómetros de Sálvora, pois moi bo para a biodiversidade do contorno natural non é, e moi bo para a biodiversidade existente nos fondos mariños das Illas Atlánticas non é. Polo tanto, aproveitamos este interese do Partido Popular pola conservación das Illas Atlánticas para que, ademais das cuestións propagandísticas e turísticas, nos fixemos tamén na necesaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CAL OGANDO: ...intervención medioambiental.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todos os deputados e deputadas.

Eu quero comezar a miña intervención dando unha serie de datos que creo que é necesario lembrar. O parque nacional está formado por catro illas: Sálvora, Ons, Cíes e Cortegada. Está ben que vostedes agora se preocupen por Cortegada, que foi adquirida para o patrimonio público, para os veciños de Carril, polo presidente Emilio Pérez Touriño. Mentres Fraga foi presidente da Xunta non se preocupou en exceso, nin tampouco o anterior, por que Franco vendera a illa de Cortegada. Agora parece ser que lles preocupa moito.

Este parque natural foi declarado como tal no ano 2002 e transferiuse á Xunta no ano 2008, tamén con Emilio Pérez Touriño como presidente. En 2002 xa se falaba de que era necesario un plan de xestión. É imprescindible, é o instrumento principal de xestión dun parque nacional. Vostedes tardaron dez anos en aprobalo; dende o ano 2008, máis de dez en aprobar o plan de xestión dende que foi transferido á Xunta de Galicia.

Nós estivemos dende o primeiro día a favor do plan de xestión, de feito, fixemos multitude de iniciativas pedindo que sacaran vostedes o plan de xestión. E a candidatura é de febreiro de 2018, así que xa está na UNESCO.

Agora veñen vostedes con esta proposición non de lei pola vía de urxencia e din «que está xustificada na necesidade dun pronunciamento claro da vontade do Parlamento». Humildemente, a min non me cadra, cos datos que lle acabo de dar, a urxencia desta iniciativa de hoxe. ¿Para que a traen aquí hoxe? ¿Para provocar polémica...? Porque na propia iniciativa —logo falarei da súa intervención— falan da deriva actual do PSdeG e de boicot. Entón, iso encaixa pouco, dentro da miña capacidade, cun pronunciamento claro da vontade do Parlamento. ¿Que urxencia teñen agora vostedes? E, sobre todo, para que vai servir esta proposición non de lei, porque vostedes teñen 41 deputados e deputadas, cada vez que veñen aquí nolo contan —xa o sabemos—, e non intentaron nin minimamente un achegamento á ve-



ciñanza e aos concellos. Onte comprobámolo, cando viñeron concelleiros, concelleiras e veciños e veciñas de Bueu.

Esta é unha iniciativa realmente oportunista, señora Egerique. Ademais agora, de repente, teñen vostedes moito interese polo parque nacional. Pero hai que ter moita cara dura para dicir que teñen tanto interese cando na súa —porque só a votaron vostedes— lei de patrimonio natural e biodiversidade estableceron unha superficie mínima tan grande que non imos ter ningún outro parque nacional en Galicia no que nos quedará de vida mentres esta lei —que só votaron vostedes— siga en vigor tal e como está. Vai ser o único candidato, o único parque nacional candidato a ser patrimonio da humanidade exclusivamente en Galicia.

Onte a conselleira pedía consenso para que a candidatura fose forte. Nós estamos absolutamente de acordo con esa petición. Pero logo, a propia conselleira enlamou o campo ela mesma, meteu a cuña publicitaria do Partido Popular —só faltaba o *jingle* da música do Partido Popular— e empezou a falar mal dos alcaldes de Vigo, de Vilagarcía e de Bueu; curiosamente falou ben do alcalde de Ribeira, pode ser porque o alcalde de Ribeira sexa do Partido Popular, ao mellor non, ao mellor estamos equivocados. Exactamente igual que o espírito desta proposición non de lei. Non hai outro espírito: embarrar e provocar de maneira irresponsable a debilidade da candidatura.

De feito, cando vostede saíu aquí eu non entendía moi ben por que saía vostede. O mesmo argumento que utilizou onte o señor Trenor e non saía o señor Trenor. Sobre todo, non entendía moi ben porque, co lío de concelleiros que tiveron vostedes no Concello de Vigo... Ao final deime conta de que, efectivamente, agora vostede é concelleira no Concello de Vigo, por iso vostede está aquí; entón, non casa ben coa xustificación por escrito desta proposición non de lei.

Hai outras candidaturas en Galicia: O Ferrol da Ilustración, a Ribeira Sacra, o Parque natural Ancares-Somiedo, e vostedes só se preocupan por esta candidatura ante a UNESCO. Ferrol está agardando dende o ano 2007, nunca faláron, nunca faláron nin teñen urxencia. E, jollo!, a UNESCO só aproba un proxecto cada dous anos e, sen consenso, estamos a perder un tempo precioso.

Cremos nós que é necesario que a proposta sexa consensuada, que sexa apoiada de maneira unánime por todos os participantes. Calquera candidatura galega debe basearse nese consenso, porque, se non, o proxecto xa naceu morto. E non é que o queiramos nós, é que así o pide a UNESCO e así o pide tamén o Consello internacional de monumentos e sitios, que piden ese consenso.

Cremos que é necesario, señora Egerique, que deixe de pensar vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...en ubicarse no concello de Vigo e que a Xunta estea no traballo de dialogar, precisamente, para que a proposta sexa consensuada antes de dar ningún paso, non utilizar este Parlamento, como fan sempre, para facer oportunismo político e agochar o seu propio...



O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora VILÁN LORENZO: ...fracaso.

Moitas grazas. Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Vou ir por orde, un pouco tamén porque todos os grupos presentaron emenda e polas intervencións que acabamos de ter no debate.

Señor Villares, en primeiro lugar. Nós entendemos perfectamente —non sei se está o señor Villares— o sentido da emenda pero son debates diferentes. Eu non sei que problema tería o seu grupo en votar o texto que hoxe traemos aquí e que eu expliquei, pero explicarei de novo por que queremos reafirmar esa candidatura e o apoio unánime do Parlamento. Polo tanto, onte quedou claro que o PRUX o que fai é protexer os veciños de Ons, os illáns, e non prexudicalos. Eu creo, ademais, que que as Illas Atlánticas sexan patrimonio da humanidade vai reforzar a súa protección e, polo tanto, creo que ese é o tempo, ese é outro debate, e esta emenda non ten lugar no noso texto de hoxe.

Señor Bará, vostede xa cualificou a persoa que é a que xera isto. Traemos isto porque pediu a retirada da candidatura e iso é prexudicial. Vostede fala dos medios de comunicación... ¿Que dirá a UNESCO cando ve que un alcalde cunha maioría moi absoluta, que ten lexitimidade para falar, pide a retirada dunha candidatura que apoia toda Galicia? Pois nós queremos hoxe que a UNESCO tamén vexa que todos os deputados galegos referendan esa candidatura, porque si é verdade que pon en perigo, pon en risco, polas súas cuitas persoais —como dixo vostede aquí e chamouno moi ben como merece—, unha candidatura que quere presentar toda Galicia.

Polo tanto, nós non queremos poñer en risco nada. A súa emenda eu creo que son puntos que se trataron no debate de onte, que poderíamos chegar a algún acordo se o presenta nunha PNL á marxe desta, porque cremos que estes temas que vostede presenta aquí non teñen que ver co efecto e co sentido do que hoxe queremos aprobar neste Parlamento.

Señor Cal, vostede di que se deixan de lado os veciños de Ons; iso non é certo e quedou claro onte, ¡non é certo! Insisto, tanto a Declaración de patrimonio da humanidade como o propio PRUX que se aproba por esta Xunta de Galicia protexe os veciños e protexe os illáns, non os prexudica.

A confrontación é de Abel Caballero contra todos, non é do Partido Popular ou dun grupo contra outro, é de Abel Caballero contra toda Galicia, e vostede ten que sabelo. Entón, claro,



este Parlamento é lexítimo para pedir que esa candidatura que presenta a Xunta de Galicia e presenta toda Galicia sexa unha candidatura —insisto— apoiada por todos.

Pero sigan vostedes defendendo o señor Caballero, señor Cal, que a nós non nos parece mal, é lexítimo, pero creo que hai que ter un pouco máis de sentidiño para decidir e para votar despois as resolucións.

Señora Vilán, xa dixen benvida Cortegada. Eu non teño o retrovisor posto, benvida Cortegada e miremos para diante. Non, non o teño. E mire, digo unha cousa, insisto na urxencia: se o alcalde socialista segue pedindo a retirada, tal e como fai, con vídeos virais en Youtube, con luces led etc., pon en perigo a candidatura. Por iso hoxe queremos que a UNESCO teña tamén unha resolución do Parlamento de Galicia na que por unanimidade se pide que a candidatura sexa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...absolutamente por todo o parque nacional e non só polas illas Cíes, que ademais non presentou nada.

Por iso, como está en risco, presentamos por urxencia esta iniciativa, e utilizamos o Parlamento porque cremos que esta é a Cámara que debe referendar esa petición.

Nós apoiaremos a candidatura de parque natural cando sexa, no momento que vostedes o plantexen ou...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...que se plantexe por outras vías, e vostedes irán ademais aos territorios a boicotealo.

Insisto. A súa emenda, señora Vilán, é dar a volta para non querer votar este texto, e nós insistimos en que non hai ningún problema...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...non sei que problema poden ter en votar este texto vostedes. Polo tanto, non aceptaremos as emendas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Pressas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial, na factoría de Alcoa en San Cibrao, e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electointensiva galega

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu voceiro, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm 54188).

Emenda número 1, de substitución.

Debe substituírse o punto 2.b da parte resolutiva da proposta polo seguinte texto:

«Débense complementar as poxas de interrompibilidade, cunha regulamentación mellorada, que técnica e economicamente necesita o sistema eléctrico con:

- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a execución inmediata e completa da partida orzamentaria de 200 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva por compensación dos custos indirectos por pagos de dereitos de emisión de CO₂. Na mesma liña recuperar as partidas orzamentarias que polo mesmo concepto non se executaron no ano 2018.

- Instar o Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico sacando a produción hidráulica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos taxados xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.»

Emenda número 2, de supresión.

Debe suprimirse o punto 2.c da proposta resolutiva.

Emenda número 3, de adición.

Debe engadirse un novo punto nº 3, co seguinte texto:

«3.- Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO₂ dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidores de electricidade, lle fagan a competencia as factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir, cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas.»

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm 54188).

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



«1º. Establecer unha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa de San Cibrao para esixir a activación das cubas suspendidas e garantir o mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto se prolongue a actual situación de declive industrial e inestabilidade nos prezos da enerxía.

2º. Impulsar a creación xunto con grupos políticos e axentes sociais e económicos dunha Mesa da Industria Galega que incorpore a expertos nacionais e autonómicos xunto aos referidos axentes impulsores, e que teña por obxecto conformar un pacto polo futuro da industria galega 2020-2024, que será subscrito por todos os seus membros e aprobado polo Parlamento de Galicia. A execución do pacto e das súas liñas de actuación requirirá do orzamento correspondente que porá a disposición a Xunta de Galicia, detallado para cada exercicio.

3º. Apoiar ao Goberno central nas medidas urxentes en curso sobre o marco enerxético para paliar a crise da industria electrointensiva galega, en especial:

a) A elaboración e aprobación do estatuto do consumidor electrointensivo.

b) A planificación dunha regulación estable que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego.

c) Ter en consideración, para un futuro sistema enerxético, o papel produtor de Galicia, e o seu eventual resarcimento polos custes ambientais e sociais de apoiar a xeración.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Señorías, hai case un ano, desde o pasado outubro de 2018, debatemos en numerosas ocasións nesta Cámara sobre a situación de Alcoa na Coruña e en Avilés, despois de que a empresa anunciara as súas intencións de pechar as instalacións nestas localizacións. Ao fío disto, debatemos varias veces sobre o futuro do sector do aluminio no noso país, un sector que para calquera país avanzado, como o que nós queremos que sexa Galiza, é estratéxico.

Meses de mobilización social, meses de presión política aos gobernos galego e central por parte dos traballadores e da sociedade civil conseguiron continuar un camiño para o que a día de hoxe, no caso de Alcoa Avilés e A Coruña, a partir de xullo vimos unha pequena válvula de aire, vimos un tempo para esta empresa, aínda que a día de hoxe hai que recordar tamén que están a traballar exclusivamente na fundición e que aínda non están a operar con normalidade. Pero o certo é que tamén durante estes meses continuamos a falar da situación de San Cibrao, algo que nos preocupaba de forma importante, porque o certo é que, vendo como actuaba a empresa na súa estratexia internacional e na súa estratexia en concreto co noso país, parecía difícil de crer que non tivera intención máis ou menos explicitada de seguir nun camiño semellante.

A día de hoxe, case un ano despois de todos estes debates, o certo é que os grandes problemas de fondo, que fundamentalmente para a nosa industria é o prezo da enerxía, seguen estando



aí. Os problemas de fondo seguen estando aí, e hoxe o certo é que os sinais de alarma están disparados en canto á situación de San Cibrao, e desde o BNG pensamos que é importante, tal e como comprometemos cos traballadores e traballadoras desta empresa, que este primeiro pleno deste novo período de sesións se posicione e envíe unha mensaxe unánime que estea á altura das circunstancias.

O certo é que, como saberán as súas señorías, xa a finais de agosto a dirección de Alcoa, escudándose unha vez máis no prezo desta enerxía, confirmaba a decisión de parar 32 das 512 cubas electrolíticas; unha decisión que tamén hai que recordar que é o segundo recorte que esta empresa sofre na Mariña no que vai de ano. O primeiro fíxoo despois de que a empresa coñecera ese borrador de estatuto de electrointensivas que puidemos coñecer en marzo —con meses de atraso, hai que dicilo tamén—; un borrador que numerosos axentes políticos e sociais —tamén o Bloque Nacionalista Galego e o propio comité de empresa— emendaron, que ía estar para o inicio da campaña electoral de abril e non estivo, despois ía estar en maio e tampouco estivo, despois en xuño, despois en xullo, despois en agosto e despois en setembro. Ao final, estamos ás portas xa dunhas eleccións xerais outra vez e seguimos sen estatuto. É unha evidencia máis do que podemos agardar do Goberno central: que empreguen algo tan fundamental para o noso país como unha mera estratexia electoral.

A día de hoxe nós entendemos que esta situación é inaceptable, por iso entendemos que unha vez máis —aínda que somos conscientes de que o temos feito anteriormente— é importante que este Parlamento exixa de novo unha aprobación inmediata deste estatuto. Nós entendemos que é inaceptable desde todo punto de vista, exista ou non goberno, existan ou non orzamentos, que esta cuestión demore máis alá de 2019, porque o certo é que esta é unha arma arboladiza que están a empregar as propias empresas do sector, e Alcoa é un exemplo paradigmático, para presionar, para exixir cuestións para o seu beneficio, mentres non aclara que é o que vai facer ou deixar de facer con estes traballadores, que son, ao final, quen están a pagar esta situación.

Hai que ter en conta que a día de hoxe falamos dunha redución na produción xa dun 11 % desta planta da Mariña. Isto deixa unha situación de profunda preocupación e incerteza para o que é o motor económico fundamental, xa non da Mariña, senón de todo Lugo, e é moi importante tamén para o noso país en termos globais. Consecuencias que xa se ven en eventuais que están na casa, que xa se ven nunha lixeira afectación da industria auxiliar e que, sobre todo, xa se ven nese gran paralelismo de moitos acontecementos co que vimos previamente na Coruña. Desde logo, hai que ter en conta que dependen de San Cibrao arredor de 2.000 traballadores que teñen un emprego de calidade e un emprego industrial e con dereitos sociais, que é algo que escasea no noso país. A planta de alúmina emprega máis de 500 persoas, a de aluminio, sobre 1.200, e hai que engadir o impacto nas auxiliares, que é como mínimo de 500 persoas, pensando nas auxiliares que traballan de forma directa exclusivamente con Alcoa San Cibrao.

O pasado 21 de agosto o propio comité saía unha vez máis á palestra pública para demandar a implicación das administracións. Non é a primeira vez que fan esta cuestión. Eu quero recordar que en marzo do ano pasado, despois de toda esta cuestión desatada polo borrador do estatuto de electrointensivas, achegaron a todos os grupos parlamentarios unha serie de



propostas —o Bloque Nacionalista Galego fixo as súas e, lamentablemente, o Partido Popular votou en contra—; propostas ambiciosas, con medidas estruturais, como, por exemplo, a necesidade de modificar o sistema tarifario dese tipo de industrias, que fora unha tarifa estable, que fora vía orzamentos do Estado e que se excluían tamén as peaxes que non teñen que ver co mantemento do sistema eléctrico. Tamén incluían cláusulas para o mantemento do emprego e o control por parte das administracións públicas, porque ese foi o principal problema que nos levou a esta situación despois de moitos anos de inxección de recursos públicos por parte dos sucesivos gobernos centrais sen ningún tipo de control.

Tamén falaban doutras cuestións que nós entendemos que deben continuar a ser contempladas, como a cuestión dos contratos bilaterais, de intervir no *pool* tamén para abaratar a factura para os consumidores e consumidoras domésticas. É unha cuestión que incluimos tamén na nosa proposta respecto das poxas de interrompibilidade. Este é un sistema que temos que aspirar a mudar por unha tarifa industrial estable, e, desde logo, o que non é aceptable é que en canto iso non aconteza, lonxe de cumprir as demandas dos traballadores e traballadoras, o Goberno mude constantemente, como fixo na última poxa, as condicións, prexudicando así de forma concreta o noso país.

Tamén ao longo deste tempo puidemos presentar ata dúas proposicións de lei nas que demandabamos cuestións concretas e que tamén contaron co voto en contra do Partido Popular. Nós insistimos: hai que planificar como substituímos este sistema eléctrico e no futuro como configuramos o sistema eléctrico. Desde logo, o noso país non ten que manter o papel que ten a día de hoxe, que é de reservorio de enerxía eléctrica sen recibir nada a cambio. Parece que pouco a pouco —tamén polo que se ve nas emendas— as forzas estatais van vindo ao rego e van recoñecendo que, abrindo ese debate, o noso país debe recibir algún beneficio. Algo imos avanzando e algo van recoñecendo. O seguinte será que por fin asuman que o que precisamos é unha tarifa eléctrica galega para o noso país.

Eu non sei se o presidente da Xunta de Galiza durante estes anos estivo reflexionando desde aquelas declaracións nas que nos dicía en 2017 que cría que *«ningún español entendería que se pagara la luz en función de cada zona»*. *«Ha criticado que mientras en Europa están intentando ponerse de acuerdo para un planteamiento energético común haya gente que crea que pueden ser distintas. Estos planteamientos no se sostienen ni en España ni en la Unión Europea»*. Lamentablemente, a maldita hemeroteca, e a realidade é teimuda, e temos como tamén posteriormente a Unión Europea, a Comisión, desestima a denuncia que ía contra a cuestión da tarifa vasca como unha axuda ilegal do Estado, recoñecendo que é lexítimo compensar as discriminacións do tipo que sexan mediante a cuestión da tarifa eléctrica.

Nós, desde logo, continuaremos a demandar esta cuestión, porque o certo é que o Partido Popular nos leva costa abaixo e sen freos en cuestión industrial. Hoxe a casualidade quere que sexa mércores —pásanos moitas veces cando temos pleno—, e temos xa os datos do índice de produción industrial; datos do índice de produción industrial que confirman que Galiza volve baixar en xullo por oitavo mes consecutivo. Aquí é a onde nos leva a política industrial inexistente da Xunta de Galicia: costa abaixo e sen freos. Polo tanto, tamén hoxe con esta iniciativa queremos convidalos a que actúen e a que se poñan de lado desta cuestión antes de que sexa tarde.



Hoxe incluímos unha proposta que desde o mes de agosto están a demandar os traballadores e as traballadoras de San Cibrao e que non nos colle na cabeza que non sexa unha realidade xa hoxe mesmo, que é constituír unha mesa de negociación na que se aspire a implicar a propia Alcoa, ademais das propias administracións central e galega e o propio comité de empresa, sen exclusións, con todas as forzas sindicais relevantes deste país —as que lles gustan e as que non—, e que iso poida ter un caldo de cultivo para un paso adiante respecto da nosa industria e respecto de que San Cibrao non corra perigo. E o primeiro que temos que facer, por suposto, entendemos que é ter unha posición firme de exixir a esta empresa que ten que poñer en activo todas as cubas de forma inmediata. Isto é algo absolutamente fundamental.

Remato xa, señor presidente.

Simplemente quero recordar que mañá o propio comité de empresa ten convocada unha asemblea xeral de traballadores e traballadoras para definir as mobilizacións dos próximos meses, e eu creo que é de recibo que teñan un posicionamento unánime deste Parlamento dicindo que imos facer disto unha cuestión de país e que vai estar por riba dos intereses partidarios das forzas aquí representadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Outro día o Día da marmota. As multinacionais téñeno claro: cando se poden aproveitar da situación política dun país aprovéitanse ata a última consecuencia. É o que está a facer Alcoa. Sacaron de encima Alcoa A Coruña e Alcoa Avilés e agora queren aproveitarse da situación política que hai neste país para sacar máis partido a través de Alcoa San Cibrao.

A realidade é que é absolutamente increíble que o Goberno do Estado non ditamine xa, non publique, o estatuto das industrias electrointensivas. Dicir que non se pode facer iso desde un goberno en funcións é absolutamente ridículo, porque hai hemeroteca a esgalla de cousas moito máis importantes que toma un goberno en funcións. O Partido Popular fixo bastantes, a maioría falcatruadas, como ampliar a sesenta anos, por exemplo, a licenza a Ence. Entón, iso é politicamente indecente, pero parece ser que de momento ninguén demostrou que fora ilegal. Co cal, que non me diga o Partido Socialista que unha cousa con moita menos repercusión como sería unha orde ministerial publicando o estatuto non se pode facer. Non se quere facer. É extorsionar a sociedade galega e a sociedade española para conseguir o que queren. Xa sabemos o que queren: estar no goberno sen deber nada a ninguén. E iso non pode ser, é unha irresponsabilidade absoluta.

Co cal, estamos de acordo na maioría das cousas que propón a proposta non de lei do BNG, pero vou centrarme no que plantexamos na emenda, que pensamos que nunhas cousas co-



rrixe e noutras mellora o que eles propoñen. Nós non estamos de acordo en eliminar a interrompibilidade. A interrompibilidade é fundamental para o desenvolvemento de enerxías alternativas. É moitísimo máis barato que os pagos por capacidade, que iso si que é un timo. Os 1.400 millóns que se pagaban por ter as centrais alí postas por decisións empresariais erróneas temos que pagalos os consumidores de enerxía eléctrica. Pois non, falamos dunha interrompibilidade flexible, razoable, cun mercado terciario, onde as empresas puideran mellorar incluso a súa competitividade, díxeno aquí moitas veces. Se unha empresa estima que durante un mes ou quince días non vai ter unha presión de produtividade, pode parar e ofertar eses dereitos nese mercado, que se podería incluso comercializar por semana, como se fai en Francia, cun límite de en torno aos 200 millóns de euros. E, despois, iso complementalo con cousas que xa se podían implementar. É verdade que a partida de 200 millóns de euros para compensar os custos indirectos de CO₂ non pode ser de 200 millóns, porque o orzamento de 2019 non está aprobado, pero o orzamento do señor Rajoy de 2018 xa incluía 150 millóns. ¿Por que non executan xa eses 150 millóns?, digo eu. Non, non, se cando algo se fai ben, eu recoñezoo... Aplaudan, aplaudan, que necesitamos aplausos. (*Aplausos.*) ¡Moi ben!

Implementen xa os 150 millóns, implementen xa a diferenza que deixaron de gastar o ano pasado. En vez dos 92 que repartiron, repartan os 58 que deixaron de gastar. (*Murmurios.*)

Despois —aquí xa non van estar de acordo— o que de verdade soluciona o problema é o que se fixo en Francia —xa o dixen mil veces, pero aquí nin o Partido Socialista nin o Partido Popular van votar a favor nin van nin moito menos aplaudir, evidentemente, pero é o que se está a facer en todos os países—, que é sacar os sistemas de produción eléctrica xa amortizados dos *pools* diarios de subasta, sacar a hidráulica e a nuclear. É o que fixo Francia, deulle para subministrar toda a industria electrointensiva e sobraron 80 teravatios-hora para ofertar a grupos de comercialización para os fogares, baixando a tarifa a menos de 40 euros megavatio-hora, tarifa coa que Alcoa sería máis que rendible e non estaríamos nesta situación. E o mesmo afectaría a Ferroatlántica, Megasa, etc.

E, por último, defendamos desde este Parlamento de Galicia unha medida que se está defendendo xa en moitos parlamentos europeos, que é a imposición de aranceis medioambientais baseados na pegada de CO₂. Non pode ser que Alcoa, cos 1.000 millóns que sacou de postos de interrompibilidade en Galicia montara a fábrica en Ma'aden, en Arabia Saudí, queimando fuel para producir electricidade, queimando fuel para producir auga. É unha barbaridade. Pois ese aluminio está entrando masivamente polo porto de Vigo e é polo que Alcoa en Galicia pode permitirse o luxo de parar as cubas. Ese é o problema, o problema do *dumping* medioambiental. Iso non vai en contra de ningunha lei europea, podería empezarse a traballar niso. É increíble que en España non se estea traballando igual que se está traballando xa noutros parlamentos europeos. Sería bo que o Parlamento de Galicia aprobara unha medida deste tipo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...para animar tamén o Goberno español a facer o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

En relación coa proposición que hoxe trae o BNG a esta Cámara, o noso grupo comparte as liñas xerais da mesma, pero botamos en falta, quizais, que non se pida unha maior implicación da Xunta de Galicia neste tema, xa que entendemos que neste momento Galicia necesita un impulso ata o de agora inexistente. Por iso presentamos a nosa emenda, porque, ademais das peticións que se lle fan ao Goberno central, entendemos que tamén se lle debería exixir unha maior implicación á Xunta no impulso da política industrial, polo que propoñemos a creación dunha mesa e a conformación dun pacto polo futuro da industria galega 2020-2024 no que participen todos os axentes sociais, económicos e políticos. E crémolo necesario debido á inactividade da Xunta, que impediu desenrolar en Galicia unha política industrial que permitise paliar os efectos dunha situación de declive industrial que desembocou en que a nosa comunidade sexa a que presenta un peor comportamento na produción industrial no que levamos de ano.

Cremos tamén que non se valoraron as actuacións que xa realizou e que está a realizar o Goberno central en materia de competitividade industrial, e quero resaltalas porque parece que o Partido Popular —ese partido que agora quere abandeirar e sacar tallada política deste tema, ese Partido Popular que tanto nos gobernos de Mariano Rajoy como do señor Núñez Feijóo abandonou a súa política industrial— agora quere enganar e dicir que non se fixeron cousas desde o Goberno central. Aprobouse o Real decreto lei de medidas urxentes para o impulso da competitividade económica no sector da industria e do comercio en España, co que se creou un marco para incrementar a produtividade da industria e atraer novos investimentos, así mesmo, a convocatoria e o incremento significativo neste ano 2019 das axudas para a compensación polos custos do CO2 e houbo o compromiso tamén do Goberno de Pedro Sánchez de incrementar esta partida ata os 180 millóns. Por iso presentamos esta emenda, xa que, como dixen, non temos problema en apoiar esta proposición, pero cremos que a Xunta tamén debe de asumir as súas competencias e implicarse neste problema.

O Partido Socialista reunise tamén co Comité de Empresa de Alcoa San Cibrao para escoitar as súas reivindicacións e para trasladarlle o noso compromiso co mantemento do emprego. Nós reunímonos cos representantes legais dos traballadores, a diferenza do Partido Popular na provincia de Lugo, que fixo unha quedada de cargos institucionais para facerse unha foto á entrada da factoría (*Aplausos.*) sen reunirse e preocuparse polos problemas dos traballadores.

E despois o único que fan é soltar declaracións polo enviado do señor Feijóo na provincia de Lugo, o señor Balseiro, que nun acto de irresponsabilidade política e nunha nova faceta que descoñecemos —a de vidente— vaticina despidos na planta, metendo medo aos traballadores.



Miren, xa non esperamos nada por parte do Goberno da Xunta de Galicia en colaboración co Goberno central para buscar solucións ás electrointensivas, porque xa o vimos no caso da Coruña, onde o único que estiveron a facer é poñer paus nas rodas. Xa que non van ofrecer esa colaboración, polo menos non a entorpezan, porque, miren, seguen a mentir e a enganar os traballadores, e hoxe permítanme dicir que tamén creo que o voceiro do Grupo Mixto o está a facer.

Vostedes, coma min, saben que a aprobación do estatuto de electrointensivas, tanto pola súa natureza, como polo seu carácter estratéxico e político, como polos seus relevantes impactos económicos, non procede por un goberno en funcións. Cómpre lembrar que este estatuto desenvolve o artigo 4 do Real decreto 20/2018, un real decreto que foi aprobado polo Goberno de Pedro Sánchez, o único que apostou por este estatuto.

¿Que fixo Mariano Rajoy durante os máis de sete anos e medio de goberno? ¿Que pasos deu para aprobar e elaborar este estatuto? ¿E que facía o Partido Popular de Galicia? Calaba, e agora exíxenos que vulneremos a lei do Goberno do 1997, que non permite que se aprobe este estatuto por un goberno en funcións. Pero é que tampouco o permite a xurisprudencia do Tribunal Supremo e os propios informes do Consello do Estado, e vostedes, coma min, sábeno. Estou segura de que se chegamos a aprobar este estatuto de electrointensivas o Partido Popular recorrería á xustiza, porque estamos a vulnerar unha lei aprobada, ademais, polo seu partido. Vaia por diante que consideramos, como tamén o considera a ministra de Industria, prioritario aprobar este estatuto, pero debemos de facelo cando haxa un goberno con plenitude de funcións.

Estiveron enganando a cidadanía, señores do Partido Popular, primeiro, no caso da Coruña, negando que houbera un comprador para a fábrica, e ademais torpedeando a venda, e agora seguen a mentir cando din que se pode aprobar este estatuto de electrointensivas por un goberno en funcións.

Trasládenlle, señorías do Partido Popular, ao Goberno galego que deixen de contaminar e que se poñan a traballar. Menos propaganda e máis traballo e planificación, que, por certo, hoxe, no inicio do curso escolar, vemos que esta planificación tamén falla porque hai moitos colexios que non puideron iniciar o seu curso pola falla de... *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero, rematou o seu tempo.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Primeiro de nada quero dicir que dende o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda imos apoiar esta iniciativa, e ímola apoiar porque é un asunto que nós xa tratamos en numerosas ocasións neste Parlamento. A súa iniciativa coincide en gran medida cunha iniciativa que o noso grupo ten rexistrado, toda vez que a defensa da industria deste país é, como non podería ser doutra maneira, unha prioridade absoluta para o noso grupo político.



É unha prioridade e unha emerxencia, porque se algo define ao conselleiro de Industria é o peche reiterado de empresas, a caída constante da produción industrial. Alcoa, Ferroatlántica, Isowat, Poligal ou Vulcano son algúns dos casos máis preocupantes que temos actualmente sobre a mesa, exemplos do desgoberno e da falta de planificación industrial neste país. Nomes propios da caída industrial rexistrada en Galicia, que, como aquí se dixo, vén de corroborar o Índice xeral de Producción Industrial no Instituto Nacional de Estatística publicado hoxe mesmo.

Segundo este último dato, a produción baixou en Galicia un 0,1 % en comparación co mesmo mes do ano anterior, o que contrasta coa subida media do 2,9 % rexistrada no conxunto do Estado. Dende logo, é para preocuparse. Deste xeito, Galicia acumula oito meses consecutivos de caídas interanuais, xa que o último dato positivo se rexistrou en novembro do 2018, de tal forma que a produción industrial galega descende un 6,2 % no que vai de ano, entre xaneiro e xullo, o que supón o segundo maior retroceso entre todas as comunidades do Estado, só superado por Baleares. Pola contra, a media no conxunto do Estado é dun repunte do 0,4 % neste período.

¿Que está facendo o Goberno galego para evitalo? ¿Que está facendo para reverter esta situación, para paliar o drama da perda de postos de traballo e desemprego que supoñen os peches industriais neste país? ¿Ata cando van teimar en converter Galicia nun deserto industrial?

Moitos casos sobre a mesa, e hoxe falabamos do de Alcoa e do preocupante anuncio realizado o pasado mes de agosto pola dirección da que xa é a última planta da multinacional americana no Estado, despois de desfacerse da de Coruña e da de Avilés, dun novo recorte da produción, que suporá a rebaixa total do 11,25 % da súa actividade e a parada de 32 das 512 cubas de electrólise dispoñibles; unha redución que xustifican na necesidade de diminuír perdas nun contexto de baixo prezo do aluminio e de altísimo custo da enerxía eléctrica nun país excedentario.

Cómpre ter en conta, por suposto, que a planta de San Cibrao é o principal motor económico da Mariña lucense e un dos máis importantes para Galicia. Conta na actualidade con 1.100 persoas empregadas directas e cunhas 400 empresas que dependen da súa subsistencia. É, ademais, a única instalación que mantén a produción de aluminio primario no Estado.

Como é ben sabido, o principal problema que afronta a fábrica e o de moita da industria deste país é o elevado prezo da enerxía, que nestes casos supón ata o 50 % dos seus custos de produción. Unha demanda reiterada unha e outra vez nesta Cámara, por suposto reiterada por parte dos traballadores e traballadoras da industria electrointensiva deste país, e reiterada por diferentes forzas políticas en campaña electoral, pero ignorada unha e outra vez cando a administración competente ten que dar un paso adiante. E hai responsabilidade, por suposto, no Goberno galego, que, como dicía, desatende toda a política industrial e a defensa dos postos de traballo. Hai tamén, por suposto, responsabilidade no Ministerio de Industria, que debiera ter aprobado dende hai meses o estatuto dos consumidores electrointensivos, un real decreto que a día de hoxe tan só é un borrador, que recibiu numerosas alegacións e que polos propios afectados foi cualificado de totalmente insuficiente para garantir a competi-



tividade da industria electrointensiva de España fronte á de países como Francia ou Alemaña. De feito, Alcoa xa alertara do perigo de peche da planta de San Cibrao, toda vez que as medidas que se puxeran enriba da mesa por parte do Goberno para abaratar os custos eléctricos da industria non eran suficientes; opinión compartida tanto polas organizacións sindicais como pola patronal do sector.

Señora Otero, non podemos concordar. O señor Pedro Sánchez antes de ser presidente en funcións era presidente. De querer sacar adiante o estatuto electrointensivo, tivo tempo para facelo, se fora unha das súas prioridades. A escusa de que é presidente en funcións non vale para todo, será un motivo máis para que se aveñan a un goberno de coalición.

Por suposto, dende aquí temos que sumarnos ás reivindicacións do comité de empresa para que as administracións autonómicas e estatais exixan a Alcoa que cese no recorte de produción do aluminio. Hai que traballar para abaratar o custo da enerxía que precisa a industria, mais tamén traballar para que os gobernos fiscalicen a continuidade das industrias que reciben axudas. Que as condicións favorables vaian ligadas a compromisos de continuidade, só así poderemos falar de futuro na industria galega.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Bos días, señorías.

Toca de novo falar de Alcoa nesta Cámara, tristemente, porque en pouco máis dun mes e medio fará un ano do anuncio de peche de Alcoa na Coruña e en Avilés, e o problema de fondo está sen solucionar.

Era cuestión de tempo que aos problemas de Alcoa na Coruña e en Avilés se sumase o de Alcoa en San Cibrao, a maior planta de produción de aluminio primario de toda España. Como xa explicamos en repetidas ocasións nesta Cámara —e recordouno hoxe a señora Noa Presas—, a orixe de ambos os dous conflitos está no prezo da enerxía, que para estas industrias electrointensivas supón o 40 % dos seus custos de produción. E non só estamos a falar de Alcoa, estamos a falar de Megasa, estamos a falar de Ferroatlántica e estamos a falar doutras pequenas empresas que xa comezan a sufrir as consecuencias dos elevados prezos enerxéticos, que non lles permiten competir en igualdade de condicións con outros países europeos.

Señorías, todos estamos profundamente preocupados porque están en xogo os empregos de 5.000 familias que dependen da industria electrointensiva da nosa comunidade. Todos, señorías, agás os socialistas, porque parece que para vostedes o tempo non pasou, parece que non foi suficiente case un ano dende que se iniciou o conflito ou case nove meses dende que anunciaron un estatuto electrointensivo.

Señora Otero, eu voulle ensinar aquí dúas fotografías, son do seu *Twitter*, do *Twitter* do PSdeG, nas dúas está vostede. (*A señora Nóvoa Iglesias amosa dúas fotografías.*) Mire, unha fotografía



é do 1 de abril de 2019, e nela está o señor secretario xeral, o señor Caballero, e vostede; xuntanza co comité de empresa. A segunda fotografía é deste luns, e dicían: «Comprometidos cos traballadores. Hoxe estivemos co comité de empresa de Alcoa San Cibrao, prioridade socialista —coa secretaria Patricia Otero—.»

¿Cal é a diferenza entre estas dúas fotografías, señoría? ¿Cal é? Cinco meses de inacción, cinco meses de compromisos baleiros, señoría. E vostede é da zona. Moita cara ten vostede de estar alí e de non presentar ningunha solución.

Mire, na primeira reunión, débéronlle contar alí que o señor Pedro Sánchez estivera... (*Murmurios.*) —señor presidente...— uns días antes nun mitin da Coruña anunciando que o problema de Alcoa estaba solucionado; que o estatuto se ía aprobar e que o problema estaba solucionado.

Na segunda cita, na deste luns, dixéronlles a estes traballadores que vostedes seguen profundamente comprometidos coa seu futuro. Pero é que dous días antes das eleccións, o 26 de abril, anunciaron que o estatuto non se podía aprobar; que era prioritario, pero que era prioritario, señorías, para cando haxa goberno, que en funcións non se pode aprobar. ¡Ah!, o estatuto non se pode aprobar, pero os reais decretos que vostede mesmo acaba de nomear aquí —eses reais decretos de todos os venres do euromillón, eses, os electorais— si que se poden aprobar. ¡Vaia cara, señoría! ¡É que debería caerlle a cara de vergoña! (*Aplausos.*)

Mire, eu coido, señora Otero, que ao comité de empresa de Alcoa lle debería dicir por responsabilidade, e non por submisión ao señor Sánchez, que están de verdade ao lado dos traballadores de Alcoa e que exixirán que se aprobe canto antes o estatuto. Pero non, vostedes van alí, teñen a cara de facerse fotos e aínda por riba de criticar a inacción da Xunta, despois de nove meses que levan para aprobar o estatuto da industria electrointensiva.

Mire, señoría, os traballadores de Alcoa están fartos, e así llo dixeron: estamos cheos de boas palabras, queremos feitos xa. (*A señora Nóvoa Iglesias amosa un documento.*) Dillo o comité de empresa, señora Otero.

Miren, aínda por riba din que a inacción é da Xunta, cando dende o primeiro momento este grupo, o señor presidente da Xunta de Galicia, se reuniu cos comités de empresa e xunto co presidente do Principado de Asturias naquel momento fixemos todos unha fronte común para intentar solucionar este problema. Non diga que este grupo non apoiou ese goberno, non o diga, señoría, está faltando á verdade. Vostede naquel momento non estaba aquí, pero dígollo eu.

Mire, vostede é incoherente cos intereses de Galicia. Debería poñerse do lado de todos os galegos, pedir que se aprobe o estatuto electrointensivo xa e non vir aquí cunha emenda, señoría, na que cambia unha palabra: «demandar ao Goberno central» por «apoiar o Goberno central». ¿Pero é que está de broma? ¿Está de broma? ¡Ten que demandar que se aprobe o estatuto electrointensivo xa, señoría! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, señoría, non presuman da solución da venda de Alcoa, que sabe que é por dous anos. E, se non se aproba e non se soluciona o prezo da enerxía, (*Murmurios.*) Partner volverá de-



clarar problemas, e sábeno; entón, xa están tardando. Cos gobernos do PP houbo problemas con Alcoa, pero sempre se solucionaron; dígame cando houbo algún problema similar a este...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ¡Por favor, señoría!

¡E aínda por riba vén falar da inacción industrial da Xunta! (*Murmurios.*) Oia, problemas da industria de Galicia, industria electrointensiva, Alcoa, Ence, o naval, o peche das térmicas, querémonos cargar o sector da automoción, prohibimos os coches diésel e os coches de combustión de gasolina... ¡Por favor!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ¡Por favor! (*Murmurios.*) ¡Por favor, señorías!

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Mire, se non votan a favor desta iniciativa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Se non votan a favor desta iniciativa, señora Presas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Nós imos votar a favor da iniciativa sempre que a manteñan tal cal. Ese é o noso compromiso.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Se non votan a favor desta iniciativa, quedarán retratados de cales son os seus intereses...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...servir o señor Sánchez... (*A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa. Terminou o seu tempo.

Grazas.

(*Aplausos.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En fin, igual xa compensaba non reanudar este período de sesións, visto que, ao final, en vez de estar no Parlamento galego centrándonos nos problemas que ten a nosa industria, estamos xa no debate do argumentario do Partido Socialista fronte ao argumentario do Partido Popular e estamos xa en dinámica plenamente electoral. Creo que igual algún está máis pendente do que está pasando noutro parlamento que das cuestións nas que nos temos que centrar neste. *(Aplausos.)*

A señora Nóvoa dixo moitas cousas dentro do argumentario. Eu alégrome de que por fin traian declaracións de comités de empresa para ler nesta tribuna —pouco a pouco algo vai callando neste outro lado da bancada—. E dixo algo que é verdade: que din os traballadores de San Cibrao que están fartos; porque están fartos, como este país, deste pim pam pum constante, cando estamos a falar de 2.000 empregos directos na Mariña lucense. Estamos a falar do motor económico desta parte do noso país, estamos a falar dunha das grandes industrias, que poucas nos quedan neste país e que poucas nos van quedar, a este paso, entre o papel do Goberno central e o da Xunta de Galiza. Polo tanto, eu creo que temos que elevar un pouco o nivel e a profundidade do debate, fóra xa dos chascarrillos e dos enfrontamentos que poida haber noutros ámbitos.

O certo é que hai para repartir, porque o sistema eléctrico do Estado español o deseñou o Partido Popular, señora Nóvoa, *(Aplausos.)* ¡é *made in* Partido Popular! *(Aplausos.)* No 1997 o señor Aznar, no 2012... *(A señora Nóvoa Iglesias pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Que que problema hai, señora Nóvoa? Pois estamos véndoo, efectivamente. ¡Vostede díxoo!: o problema é o prezo da enerxía. ¡Benvidos! Efectivamente, o problema é o prezo da enerxía, e non será que non levamos tempo advertíndoo e non será que non se teñen traído aquí cuestións concretas para abaratar o prezo da enerxía. Porque xa non falo da tarifa eléctrica galega, noutras cuestións que temos traído sobre as peaxes, para reducilas, vostedes, por sectarismo político, tamén votan en contra; por sectarismo político e porque ás veces, a verdade, escoitándoos, dá a impresión de que desexan realmente que lle vaia mal a este país mentres haxa alguén que non sexan vostedes no Goberno central para ter un ariete máis. *(Murmurios.)* É a sensación que dá ás veces ao escoitalos, señores do Partido Popular.

Nós de verdade que apelamos a ter un pouco de responsabilidade, responsabilidade por parte do Partido Socialista, porque tamén entendemos que levamos moitos meses esperando por ese estatuto de electrointensivas e que non hai unha soa desculpa para que esas contestacións non teñan chegado e para que non teñamos unha alternativa enriba da mesa. E responsabilidade tamén por parte da Xunta de Galiza porque vostedes teñen competencia en industria —estamos aburridos e aburridas de debatelo— e realmente a única política industrial que coñecen é a de favorecer as eléctricas e a de confiar meramente na desregulación, que nos ten levado a iso, a que o IPI estea en caída libre e o emprego industrial tamén. Aínda onte saía nun xornal deste país un mapa de cal era a oferta laboral que máis abundaba neste país, que é a hostalería...,

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque o emprego industrial está en extinción.



O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non imos aceptar ningunha das dúas emendas porque entendemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que a proposta básica da mesa de traballo xa está contemplada na nosa, que foi a que foi trasladada ao comité de empresa inicialmente. Polo tanto, imos mantela.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, comezamos coas votacións.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Partido Socialista.

Acéptanse as dúas emendas, a do Grupo Parlamentario Mixto e a do Bloque Nacionalista Galego, pero como de engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa concreción e deseño de medidas para a mellora da atención primaria no sistema sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Mixto e si se aceptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista como de engádega.

(O señor Sánchez García pide a palabra.)



Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aceptamos o punto 1 do Partido Socialista como engádega.

O señor PRESIDENTE: ¿Só o punto 1?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O punto 1, si.

O señor PRESIDENTE: Vale. Pois, entón, con ese...

(A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.)

¿Si, señora Vilán?

Déanlle voz ao escano da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Queríamos pedirlle a votación por puntos ao grupo proponente.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a votación por puntos?

A señora VILÁN LORENZO: Os tres primeiros, por un lado, e o cuarto sería por outro.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede esa votación? *(Asentimento.)*

Bueno, votamos, entón, en primeiro lugar, os puntos 1, 2 e 3 da proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 4 desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas obras iniciadas na serra do Oribio, supostamente para a construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto e, consecuentemente, esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de dona Eva Solla Fernández.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a dotación por parte do Goberno galego ao Sergas dos recursos económicos necesarios para negociar na mesa sectorial un plan de estabilidade laboral que permita convocar as ofertas públicas de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao.

Hai unha autoemenda, que, loxicamente, se acepta. E pediuse a votación por puntos por parte do Grupo Parlamentario Popular. Tamén había unha emenda *in voce* —creo recordar—. No debate propúxoaa vostede. Non sei... Terían que estar de acordo os grupos.

¿Señora Vázquez Verao?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bueno, hai unha proposta de transacción que xa inclúe esa emenda *in voce*. Faríllela chegar aos servizos da Cámara.

E si permitimos a votación por puntos. Entón, votaríanse por separado o 4 e mais o 8, e estes dous xuntos.

Faremos agora chegar a transacción. Pero o punto 1 quedaría: «Elaborar en 2020 un protocolo específico de atención ás persoas maiores...», etc., e remataría coa autoemenda do propio grupo proponente.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Entón, ¿acéptase a votación por puntos, como acaba de ler vostede, e separaríamos os puntos 4 e 8?



A señora VÁZQUEZ VERAO: Si.

O señor PRESIDENTE: Entón, empezamos votando os puntos 4 e 8.

Votamos.

Votación dos puntos 4 e 8 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, agás os puntos 4 e 8, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia, antes do primeiro trimestre de 2020, dun protocolo específico de atención ás persoas maiores que viven soas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira.

Non se acepta ningunha das emendas. (*Murmurios.*)

¿Perdón? ¿Si? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Tellado, ¿acepta vostede a votación por puntos?

Déanlle voz ao escano do señor Tellado.

O señor TELLADO FIGUEIRA: Como os puntos son os acordados entre os traballadores e a Xunta de Galicia entendemos que se debe votar de forma íntegra. (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Non acepta.

Votamos, polo tanto, a proposición tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Te-l-lado Filgueira e catorce deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno do Estado a adopción de varias medidas no eido da transición ener-xética que permitan o mantemento da actividade e o emprego vinculado á central térmica das Pon-tes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por ini-ciativa de D^a M^a de la Concepción Burgo López e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a oferta de estudos de mestrado no noso sistema universi-tario, así como respecto das axudas para favorecer o acceso a estes estudos en igualdade de condi-cións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada ese texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Ga-lego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Acéptanse as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e un punto do Grupo Parlamentario Popular.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

¿Si, señor Álvarez Martínez? ¿Para que quere a palabra?



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Queremos solicitar a votación separada do punto 1.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede? (*Asentimento.*)

Entón, votariamos, en primeiro lugar, o punto 1 desta proposición non de lei.

(*O señor Fernández Prado pide a palabra.*)

¿Perdón? ¿Si? Dígame, señor Prado, ¿para que quere a palabra?

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Si, que se incorporaba o punto 4 da proposición do Partido Popular como engádega. A miña emenda era de substitución para todo o conxunto, non debería de incorporarse.

O señor PRESIDENTE: El dixo, e xa se manifestou no debate, que aceptaba o punto 4 da súa proposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) El aceptábalo como engádega.

Iso foi o que el dixo. Vostede verá o que decide. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, non hai acordo, pero vostede pediu a votación por separado do punto 1. Iso non ten nada que ver, o resto... Eu agora o que estou sometendo a votación é o punto número 1.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 38; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto de puntos desta proposición. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás o punto 1, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para recuperar os investimentos pendentes en materia de infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Non se aceptan as emendas dos grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e dezasete deputados/as máis, sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia da defensa diante da Unesco dunha candidatura para a declaración como patrimonio da humanidade da totalidade do actual territorio do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que non exclúa os arquipélagos de Ons e Sálvora nin a illa de Cortegada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 28.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Non se aceptan as emendas dos grupos Mixto e Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a activación das cubas, así como para o mantemento do emprego e da actividade industrial na factoría de Alcoa en San Cibrao e as demandas que debe realizar ao Goberno central para paliar a crise da industria electrointensiva en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Modificación da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender o pleno ata as 16.30, que é a hora á que voltaremos, quero comunicarlles a todos que foi solicitado polo Goberno o aprazamento da interpelación número 49605, que figura en primeiro lugar, da interpelación número 52802, que figura en segundo lugar, e de tres preguntas, en concreto da pregunta 54031, da pregunta 54848 e da pregunta 54851.

Grazas.



Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co punto quinto, interpelacións.

Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Esperemos que o murmuro inherente ou a masiva asistencia neste momento no pleno non interrompa nin a miña primeira intervención nin ningunha das súas.

Coñezo á perfección o contido da interpelación que se lle formula —está rexistrada no seu momento—, pero entendo que vai entender á perfección que esta primeira parte da miña interpelación se refira ás incidencias que se están dando neste inicio de curso e que supoño que vostede coñece perfectamente, e, polo tanto, non terá ningún inconveniente en responderme, aínda que —insisto— xa sei que non figura na interpelación.

Os alumnos do CEIP Cruceiro de Canido, de Ferrol, non acoden ao colexio polo estado das aulas. A asemblea de pais decidiu o martes, é dicir, onte, non enviar este período lectivo os seus fillos ao centro educativo. Aseguran que as clases están sucias e que ata o martes os profesores non puideron acceder ás mesmas. Os escolares non van acudir ao centro ata o próximo luns 16.

No caso de Cervo e no caso de Foz pasa practicamente o mesmo, pero aínda con máis gravidade. No CEIP de Cervo hai goteiras, portas sen poñer, o ascensor está sen tapiar, as aulas están sen pintar, hai cables colgando, hai po por todos os lados, os obreiros están traballando e os pais decidiron que nestas condicións non enviarían os fillos ao seu posto escolar.

O certo é que a Consellería de Educación, facendo un alarde de transparencia informativa, onte impediu que un fotógrafo de *La Voz de Galicia* accedese ao centro para comprobar cal era o estado real da execución das obras. E no CEIP nº 1 de Foz as maiorías das familias hoxe optaron por non enviar os seus fillos a clase.

No colexio de Casás, no que vostede estivo onte, o curso iníciase a medio gas, e no caso do CEIP Santa María, da Fonsagrada, non se inician as clases e os alumnos a partir de mañá van recibir as clases como poidan no instituto. Ben é certo que no caso da Fonsagrada o co-



lexio e o instituto están pegados, pero tamén é certo que nos parece que é unha solución un pouco pintoresca, máxime cando hai uns días a propia Consellería de Educación lle comunicou á ANPA que os alumnos non podían ser trasladados ao instituto ante a evidencia da situación na que estaban as obras e que non se podían iniciar as clases. O certo é que, *fieles a la recomendación del Salvador*, o que para o Partido Popular onte non era posible hoxe é a solución.

O señor delegado da Xunta de Galicia en Lugo, señor José Manuel Balseiro, dixo, literalmente: «Salvo os nervios propios dos escolares novatos e a continuidade das obras na reforma integral dalgún centro, non se produciron incidencias salientables». Isto dos nervios propios dos escolares é moi paternal, mesmo entenededor, se calquera non se derruba ante a imaxe dun neno ou unha nena de 3 anos chorando no seu primeiro día de clase. Pero resulta máis preocupante, máis que nada porque o outro é certamente algo case habitual en todos os inicios de curso, o estado no que se atopan as obras.

E isto podería pasar a formar parte do anecdotario do inicio de curso se non fora a súa habitual —e cando falo da súa non falo de vostede en concreto— propensión a esa especie de crónica dun éxito adiantado, porque vostede mesma declarou onte que o inicio das clases non se atrasará en ningún centro educativo galego a pesar de que hai colexios nos que aínda continúan obras de mellora cuxa execución comezou a realizarse durante o verán, e que en ningún caso esas obras interferirían na actividade ordinaria dos colexios.

Se estas non son interferencias no desenvolvemento habitual do inicio de curso e se isto non son incidencias salientables, gustaríame a min saber que é unha incidencia salientable, máxime cando a semana pasada, na Comisión 4ª, de Educación e Cultura, se respostou a unha pregunta de autobombo do Partido Popular sobre as obras nos centros educativos e o señor secretario xeral deu cumprida conta do estado de execución das mesmas e tamén dixo que nalgún caso se atrasarían —jollo á explicación!— ben por atraso nas licenzas municipais —caso que entendo que non se deu en Cervo, máis que nada pola coincidencia do Partido Popular na alcaldía e no goberno da Xunta de Galicia— ben por falla de aluminio ou ben porque resulta que agosto é un mes complicado para ter a subministración necesaria. ¡Home!, creo que estas non son realidades sobrevidas; que agosto é un mes complicado xa o debeu ser sempre.

E o certo, e o que evidencia que vostedes non están moi satisfeitos con este inicio de curso, é que a súa propia páxina web, nunha captura de pantalla de hai media hora (*O señor Álvarez Martínez mostra un documento.*), non fai a máis mínima referencia á normalidade do inicio de curso, proba máis evidente de que esa normalidade non existe.

Polo tanto, gustaríame saber que valoración fai vostede desta situación e deste inicio de curso.

Pero, indo xa á interpelación en concreto, estamos no último curso no que este goberno vai ter a responsabilidade de xestionar o sistema educativo galego. Ao longo destes tres últimos anos este grupo parlamentario ten presentado moitas iniciativas, que foron sistematicamente rexeitadas, e, baixo unha suposta argumentación de coherencia e de bo goberno, o que ocultan son verdadeiras decisións ideolóxicas.



Negáronse vostedes a recuperar o programa de gratuidade de libros de texto, cando sabemos que é o modelo máis xusto e economicamente máis eficiente, moitísimo máis que a gratuidade solidaria e calquera outro sistema de préstamo pretérito que vostedes tiveron que co-rrixir cando se deron conta de que se gastaba máis que co programa de gratuidade universal. Rexeitaron unha proposición non de lei en decembro do ano 2016.

Negáronse a que se prohibise a repartición nos centros da comunidade autónoma, tanto públicos como privados, de calquera publicación que puxera en cuestión a igualdade das persoas. Falamos, evidentemente, daquel nefasto episodio de Hazte Oír repartindo certa propaganda polos centros educativos ou pretendendo repartila. Que conste que sabemos que nalgún centro si que conseguiron esa finalidade. Rexeitaron vostedes unha proposición en comisión en xaneiro do ano 2017 baixo o argumento de que os centros tiñan capacidade para limitar esa repartición, como se fora algo —digamos— potestativo dos centros decidir se semellante publicidade ten cabida nun centro educativo da nosa comunidade autónoma.

Negáronse vostedes a consensuar coa comunidade educativa a oferta educativa e a rede de centros. Negáronse vostedes sistematicamente a avaliar con criterios coñecidos programas tanto de experimentación como de innovación educativa, que, como vostede sabe perfectamente, son cousas distintas; por exemplo, na mellora da competencia lingüística do alumnado ou na avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade en centros educativos.

Precarizaron vostedes as condicións laborais dos docentes galegos e negáronse, por exemplo, a introducir no cómputo do alumnado o que repite, como se fora aire e tivera que ser obxecto dunha atención especial.

Negáronse vostedes tamén a recuperar os horarios do profesorado docente non universitario, isto último hai catro meses neste Parlamento, para volver poñer os horarios como estaban antes da entrada en vigor das ordes do 23 de xullo de 2011 e do 4 de xullo de 2012.

Reduciron vostedes o profesorado desde o ano 2008 ata o 2018 en mil catrocentos docentes non universitarios. Estes mil catrocentos parece un número máxico deste pleno, máis que nada pola case coincidencia cos mil cincocentos millóns de euros de débeda do Estado con Galicia e dos mil cincocentos millóns de euros que a Xunta de Galicia ten sen executar de obras que figuraban nun magnífico plan que en papel quedaba extraordinariamente ben.

Continúan vostedes con plans que saben que están fracasados, sen recoñecer a realidade e negándose a avalialos curso tras curso. Teñen vostedes ese programa Estrela PluriFP, que regula a implantación e desenvolvemento dos primeiros ciclos formativos plurilingües. Resulta que no curso 2017-2018 foron autorizados 12 ciclos, en 7 centros distintos. No curso 2018-2019 foron autorizados 35, en 21 centros, e para este curso hai provisionalmente 44, en 23 centros. O pintoresco é que se dan certas coincidencias, porque, por exemplo, dos 44 ciclos que se van autorizar para este curso 17 son novos; é dicir, é un auténtico fracaso.

Implantaron vostedes o programa de introdución á robótica educativa en primaria, que podería sen implementado como materia de libre configuración do centro. Este programa, tan vendido neste Parlamento...



O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...parece que non é un éxito, porque resulta que para o curso que vén só ofertan 25 novos centros cando viñan ofertando 120 nos dous cursos anteriores e o anterior, de 120, só seleccionaron 50 novos; é dicir, quedaron máis do 60 % das prazas sen cubrir.

Polo tanto, señora conselleira, eu pregúntolle: ¿que valoración fai a súa Consellería da posibilidade de avaliar e publicar o resultado dos distintos programas que ten posto en marcha ao longo desta lexislatura? ¿Que obxectivos e liñas fundamentais ten previsto iniciar a curto prazo para mellorar a equidade do sistema educativo e se ten intención de afondar ou mesmo iniciar diálogos construtivos cos distintos actores con interese no sistema educativo para a mellora do sistema educativo galego?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señor Álvarez, arrancamos un novo curso político, este é o primeiro pleno do período de sesións, e tamén hoxe mesmo comezou oficialmente o ano escolar 2019-2020. E unha vez máis, igual que con todo o demais, vostedes piden obras e despois critican as obras. Efectivamente, foi un verán de obras, algunha das cales non está aínda rematada, cousa que as comunidades educativas correspondentes coñecían desde o principio, estaban informadas polas xefaturas territoriais e as unidades técnicas. Eu mesma estiven percorrendo eses centros e comprobando de primeira man como estaba o estado das obras.

Teño que dicir que hoxe abriron as súas portas 773 centros en toda Galicia, de educación infantil e primaria e educación especial, con dúas incidencias, isto é, aproximadamente o 0,2 %, unha na Fonsagrada e outra en Cervo. Tamén teño que dicir que as fotos de Cervo que se enviaron á prensa non coincidían coas fotos do estado das aulas hoxe. Teño que dicir que hai tamén vídeos dalgún centro que eran da semana pasada que se enviaron á prensa e se colgaron en redes sociais que non eran do estado das aulas hoxe.

Teño que dicir que na Fonsagrada, efectivamente, por un tema de correntes nas ventás, aínda que as aulas estaban en estado para empezar as clases, considerouse máis apropiado cambiar os rapaces para o centro anexo de secundaria.

Teño que dicir que este mesmo mediodía, sobre as tres e cuarto da tarde, eu chamei a directora do centro de Casás, en Lugo, que me dixo que todo estaba ben, que as aulas estaban



limpas, que estaban dispostas. E, de feito, comenteille que algunha información falaba de que había un só baño operativo en todo o centro para profesores e alumnos e ela mesma recoñeceume que iso era unha falsidade e que había máis baños operativos.

En calquera caso, 50 obras, 44 millóns de euros, 22 obras de realización integral licitadas o 10 de maio e adxudicadas nun tempo récord, o 4 de xullo. En calquera caso —insisto—, se queremos criticar as obras, critiquemos as obras.

E imos xa ao que nos interesa, que é cal é a avaliación que desde a Xunta e desde a Consellería se fai do sistema educativo. Vostede hoxe tenta facer un debate xeral sobre educación, nun intento —insisto— de levar a iniciativa política na defensa e na mellora do ensino galego, pero chega tarde. E chega tarde e parece un intento pouco afortunado por tres motivos.

Primeiro, porque os socialistas levan instalados na inacción nos meses de mandato no Goberno central, sen falar coas comunidades autónomas, anunciando que van adoptar medidas que despois non fan, como, por exemplo, ese cambio do sistema de bolsas.

Segundo, porque tras os resultados electorais están na parálise total, escudados no argumento de Goberno en funcións...(*Murmurios.*) —efectivamente, como chegaron as súas señorías á Cámara, pois hai murmurios, ou sexa, que os botaba de menos e agora xa os temos—, para non cumprir, como dicía, coas comunidades autónomas e anunciando agora un suposto programa de medidas progresistas sen compromisos reais que non convencen nin os seus socios potenciais.

E terceiro, porque eu mesma, no último pleno ordinario de xuño, comparecín, a petición propia, para analizar e avaliar a situación do ensino da universidade en Galicia ao remate do curso 2018-2019, e, como adianto, tamén expliquei os traballos da Consellería para preparar o curso 2019-2020.

Con demasiada frecuencia desde a oposición confunden a necesidade de facer políticas educativas —e xa o dicía antes— con politizar a educación. Esta confusión non é desinteresada, xa que responde a un afán de desacreditar o traballo da Consellería, case sempre sen fundamento e sen respaldo. Resulta que nos últimos anos, segundo o Grupo Socialista, a Consellería de Educación toma auténticas decisións ideolóxicas e continúa con plans que sabe fracasados, sen recoñecer a realidade e negándose curso tras curso a avalialos.

Señor Álvarez, isto pono vostede na súa exposición de motivos, escrita, e queda tranquilo. ¿Quen é o que renega da realidade? ¿Non será o seu grupo? Negaron a necesidade das avaliacións sobre o sistema educativo previstas na LOMCE, unicamente por ideoloxía, e agora defenden que hai que avaliar.

Avaliemos a situación de abandono escolar en Galicia, un tema que en xullo si tiña interese para vostede. Galicia rexistrou no ano 2018 a taxa media anual máis baixa de abandono educativo temperán desde que se dispón de rexistros, un 14,3 %, que supón un descenso de 0,6 puntos respecto da media anual de 2017.



Cómpre lembrar tamén que a taxa media de abandono educativo en 2009 en Galicia foi do 25,8 %; polo tanto, reduciuse en máis de 11 puntos. Isto demostra que as políticas educativas desenvolvidas desde 2009 están a dar resultado, para conseguir un dos principais obxectivos de calquera sistema educativo: que ninguén abandone sen rematar a educación secundaria de segunda etapa e sen a titulación correspondente.

Eu mesma asistía esta mañá á inauguración do curso no CPI Terras de Maside, que reduciu o abandono escolar do 60 % ao 4 %. Esta taxa do 14,3 % de media de 2018 supón cumprir un obxectivo marcado para España pola Unión Europea para 2020, fixado nun 15 %.

Sigamos coa avaliación. ¿Como é a tendencia do abandono educativo temperán en 2019? Á data de hoxe só coñecemos os datos de dous trimestres deste ano, de forma que no primeiro a porcentaxe se situou no 12,8 %, e no segundo, no 12,2 %. E, como vostede sabe de matemáticas, coincidirá en que os datos apuntan á boa dirección.

¿Isto é o resultado dunha única partida orzamentaria ou de todo o esforzo da Consellería en recursos e en políticas educativas? Señor Álvarez, isto é froito do traballo global, da toma de decisións, da adaptación aos constantes cambios educativos que afronta para cada curso a Administración educativa galega, e froito dos diferentes plans postos en marcha e do conxunto de investimentos que redundan na mellora do ensino.

A diminución da taxa de abandono relaciónase co impulso da formación profesional, coa posta en marcha da FP básica como alternativa ao abandono do sistema, ou con iniciativas de reforzo e apoio como os contratos programa, dos que neste centro de Maside tiñan sete liñas, é dicir, todas as liñas de contratos programa.

O sistema educativo galego é, ademais, hoxe máis atractivo, ao contar cunha estratexia propia de plurilingüismo, así como cunha estratexia ao redor das TIC e do dixital, que enmarca accións de fomento das competencias STEM máis ambiciosas de todo o Estado.

Por abordar algunha cuestión máis concreta, cando se analiza e cualifica un programa da Consellería e o resultado é positivo, vostedes desacreditan o resultado ou simplemente non o consideran. Un exemplo: a constante apelación á que vostede fai referencia e fixo referencia agora a recuperar un modelo de gratuidade total de libros de texto. Agora si podemos falar do modelo anterior. Non era 100 % gratuíto, xa que as familias tiñan que comprar libros e tiñan que pagar fotocopias. Asemade, era un sistema cunha xestión cuestionada por libeiros e comunidades educativas, ata o punto de que para axilizar o seu funcionamento acabaron contratando unha empresa privada.

Por contra, nestes anos a Consellería foi creando un sistema que combina as axudas ás familias que máis o necesitan, o fondo solidario de libros de texto, e a asistencia de contidos dixitais en E-Dixgal. Pero vostedes persisten en reclamar que non funciona, e sendo esta recoñecida pola Defensora del Pueblo —e digo Defensora del Pueblo porque estou a falar do Estado—.

Tamén piden un ensino máis coeducativo, pero ignoran todos os pasos dados co I Plan de igualdade en centros educativos, pese a que se teñen rendido contas en reiteradas ocasións nesta Cámara.



Para vostedes, se non escoitan o que queren oír, resulta que non hai avaliación, por máis que o Goberno explique que estamos ante un plan de implantación progresiva e no que hai que considerar cuestións cuantitativas e cualitativas.

Por outra banda, informes como PISA sinalan que Galicia é o sistema educativo con máis equidade de España, pero tamén é o máis inclusivo de toda España; o 92,4 % do alumnado con necesidades educativas especiais está integrado en centros ordinarios.

Un curso máis a Consellería cumpre coa súa obriga de planificar, regular e administrar o ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Pero os socialistas reivindicán a redefinición consensuada do mapa de centros.

Señor Álvarez, ¿que consenso ofrece o Partido Socialista Obrero Español? ¿O consenso que ofrece Pedro Sánchez presentando nun acto electoral un suposto programa común progresista? ¿O que tirou por terra os traballos no Congreso e no Senado para un pacto pola educación?

As políticas educativas da Xunta de Galicia son coñecidas e ofrecen estabilidade ao sistema, e foron explicadas nesta Cámara na comparecencia de liñas de actuación de xaneiro e ratificadas na comparecencia de xuño. Galicia ten un modelo educativo universitario definido e diferenciado, que avanza e que conta con proxectos. Poden recoñecer ou non a realidade, poden repetir críticas en serie, pero neste goberno cremos que o modelo educativo galego pode servir de exemplo, e así o defenderemos ante o Estado. *(Aplausos.)*

Seguimos á espera de que haxa un interlocutor claro no Ministerio para pedir unha reunión na que a Xunta defenderá os intereses do ensino e das universidades galegas, desde a lealdade e desde o interese xeral. Galicia pode traballar pola mellora do seu ensino. Estámolo a facer pese a non ter a axuda dun goberno central falto de ideas e que só ofrece inestabilidade ao conxunto do sistema educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, pregunto: se o estado das obras era coñecido pola comunidade educativa e non ía haber ningún tipo de incidencia, ¿como se explica as que lle relatei ao principio da miña primeira intervención? Non son incidencias. ¿Vai vostede dicir que os pais de Cervo non son unha incidencia ou que son un accidente, ou que son todos votantes da perversa esquerda, cuxo único obxectivo é dilapidar un goberno eficiente como o seu?

¿Tiña vostede anunciada unha visita ao colexio de Carral, que suspendeu porque en Carral estaba o colexio patas arriba? *(Aplausos.)* Estábana esperando, tiñan as grilandas compradas,



como «*Bienvenido, Mister Marshall*», e resulta que non apareceu vostede. ¿Por que non apareceu, se a comunidade educativa coñecía toda a realidade e sabía que aí non había ningún problema? ¿Ou é que si o había?

Mire, di vostede que chegamos tarde. Eu francamente creo que chegamos antes de tempo, porque ao mellor, dentro non sei se dun pleno, de dous ou de tres, virá vostede facer a comparecencia na que avaliará o inicio de curso e presentará as súas iniciativas, e, polo tanto, esta interpelación creo que chega antes de tempo.

Recorre vostede ao lugar común de falar da ineficiencia dun goberno en funcións, e o único exemplo que é capaz de citar é o das becas. ¿É que non está convocada a convocatoria —perdón pola redundancia— de becas para o próximo curso? ¿Non está publicada? ¿Non está funcionando? ¿Ou é que o Goberno central, o señor Sánchez e a señora Celaá, son responsables dos problemas que ten o sistema educativo de Galicia, que ten competencia plena para a xestión do seu sistema educativo? ¿De quen é responsabilidade? ¿A responsabilidade é do revisor ou é do condutor? É que isto, francamente, é o mundo ao revés.

E dime vostede que non falamos de políticas educativas. ¡Oia!, mire, eu podo entender que alguén que non é un profesional do mundo da educación, como é vostede, non saiba diferenciar entre o que é unha política educativa e non o é, pero vostede non. Vostede sabe á perfección que todo canto figura na nosa interpelación se refire a políticas educativas, non se refire a obras, non se refire ao sistema de becas, que tamén sería parte dunha política educativa. Non, non. Refírese todo a iniciativas que vostedes sistematicamente, sistematicamente, bloquearon neste Parlamento, porque evidentemente todos os grupos da oposición teñen non só o dereito senón a obriga de facer propostas conforme o que consideren ideolóxica e politicamente para mellorar o sistema, desde logo desde o seu punto de vista, non desde o punto de vista do Partido Popular.

Pero mire, é que parece mentira que lle teña que dicir eu isto, pero para gobernar non só hai que saber xestionar, tamén hai que saber recibir as críticas, tamén hai que saber distinguir o que é unha crítica trivial do que é unha verdadeira proposta de fondo, como todas estas que lle relatei antes. ¿Ou é que non é unha proposta de fondo impedir que se reparta nos centros educativos, cunha instrución da Consellería, propaganda que pon en cuestión os dereitos daquelas persoas que elixen libremente unha determinada orientación sexual? ¿É que a estas alturas do século XXI temos que permitir aínda que os centros tomen esa decisión? Non, hai cousas que a Administración, o Goberno ten que limitar, e vostedes non quixeron limitalo, e así nos vai. *(Aplausos.)*

¿Ou é que non é unha política educativa avaliar —e negáronse dúas veces— o I Plan de actuacións para igualdade en centros educativos de Galicia?

Vostede é unha profesional da ensinanza, sabe que hai que avaliar os procesos e os programas cando se están implementando, o que se chama avaliación de implementación —estou farto de repetilo nas miñas intervencións—, e néganse sistematicamente. Iso si, ímolo avaliar ao final, e se non funcionou, como non tiñamos datos do que estaba pasando polo medio —esa famosa teoría da caixa negra que se estuda en ciencia política, de que as cousas entran,



saen pero non sabemos o que pasa no medio nin por que pasa—, xa o veremos despois. Esa non é unha política educativa.

Precarizar as condicións laborais dos docentes galegos non é unha política educativa. Que os alumnos repetidores computen, que o profesorado teña limitado o número de afíns que imparte para mellorar a calidade de ensinanza dos alumnos non é unha política educativa.

Señora conselleira, de verdade, podo entender que as interpelacións da oposición sexan molestas. O que vostede ten que empezar a entender é que facemos uso do lexítimo dereito —insisto— e obriga de cuestionar a acción do Goberno, que para iso somos a oposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Peche da interpelación, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Señor Álvarez, xa lle dixen que as obras de Cervo estaban listas hoxe pola mañá, e temos fotos que o acreditan. Eu non sei nin son quen de saber qué votan as familias da ANPA de Cervo, pero, en calquera caso, as aulas estaban listas para entrar.

Eu mesmo teño un colexio en obras no meu barrio, o Raíña Fabiola, onte estiveren alí, teño veciñanza que leva os seus nenos e nenas a ese centro, comeron no centro, e teño información de que as aulas estaban listas e o comedor tamén en perfectas condicións sanitarias.

Nós comunicámonos coa prensa por notas de prensa e non temos unha web na Consellería de Educación. Deixo constancia porque a nota de prensa si falaba de como comezou o curso. *(Murmurios.)* Non, hai unha rede social pero non unha páxina web. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Álvarez, de todos modos ten vostede o atrevemento de vir aquí falar de logros de educación *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e que a Xunta renda contas, cando o seu presidente en funcións rompeu ese pacto educativo ofertado polo Goberno Rajoy, baseándose en que non se acadaba o 5 % do PIB en gasto educativo, *(Murmurios.)* cando no seu programa ofrecido a Unidas-Podemos —páxina 20— promete acadar o 5 % do PIB no ano 2025. É dicir, esta é a estabilidade coa que vostedes teñen ideas con respecto á educación.

Efectivamente, políticas educativas. Resulta que desde o minuto cero os socialistas veñen criticando todas e cada unha das políticas educativas postas en marcha desde a Xunta. Temos numerosos exemplos de como primeiro descualifican os proxectos pero despois reclaman máis e mesmo tentan apropiarse, visto o caso das obras: pedimos obras, non queremos obras ou ¿que pasa coas obras?



A Consellería de Educación apostou pola integración real das TIC no ensino galego; criticárono e volveron críticoalo cando melloramos a aposta coa estratexia do E-Dixgal.

Programa común progresista, proposta número 100: «*La educación y la formación. Las instituciones educativas y sus actores se insertarán activamente en la agenda de digitalización que promoverá el Gobierno. Para ello vamos a desarrollar en estos próximos años una estrategia de digitalización en educación y formación profesional ambiciosa y desarrollada en cuatro componentes*».

Outro exemplo. A Xunta comprendeu hai anos que era necesario adaptar a FP ao sistema socioproductivo de Galicia e que a FP dual era unha oportunidade de mellora. Os socialistas criticárono unha e mil veces, rexeitaron a aposta de reforzo da rede de centros integrados de FP promovida desde a Consellería. Programa común progresista, proposta número 102: «*Impulsaremos una nueva Ley de ordenación de la FP que incluya una regulación específica de la FP dual y que incorpore en todos los tipos un modo de digitalización*». Proposta 103: «*Incrementaremos, en cooperación con las comunidades autónomas, la oferta de FP para atender mejor la conexión con la sociedad, reforzando el papel de los centros de referencia nacional en FP como generadores de innovación*». A súa incongruencia e o seu afán por desacreditar o traballo da Consellería provoca danos, e provoca danos ao ensino. Hoxe tivemos unha proba máis de como se confunde a necesidade de facer políticas educativas con politizar a educación.

Falemos do profesorado, porque sobre isto tamén son constantes as inxustas descualificacións ás políticas da Consellería de Educación. En época de crise tivemos que pedir un esforzo ao profesorado, pero tamén é certo que este goberno está comprometido cun cadro de persoal docente estable suficiente, coa estabilidade laboral dos docentes, coas melloras retributivas e coa formación permanente do profesorado, xa que da inicial parece ser que hai que esperar ás noticias que nos envíe o Goberno socialista.

Mire, señor Álvarez, teño aquí un recorte do *Atlántico* do 9 de setembro de 2008 cuxo titular é: «*Ensino. CIG-Ensino pide administrativos en los centros, prevención del fracaso escolar y mejores retribuciones para los docentes*». Avaliación. A Xunta de Galicia, a Consellería de Educación, na que hoxe eu estou como titular, conqueiriu administrativos nos centros, preveu o fracaso escolar e conseguiu mellores retribucións para os docentes.

Temos un camiño percorrido, pero seguimos comprometidos e afrontamos novos obxectivos e novos retos. Somos conscientes de que Galicia, mantendo e potenciando o que funciona, debe actualizar o seu modelo educativo e universitario tamén para os cidadáns do século XXI. Respectamos as lexítimas discrepancias das que vostede fala e entendemos o contido das interpelacións parlamentarias, pero apelamos —insisto— a que abandonen esa tendencia a confundir a necesidade de facer políticas educativas con politizar a educación.

Máis nada, moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)



¿Si, señor Álvarez Martínez, para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Presidente, polo artigo 76, por inexactitude nas afirmacións da señora conselleira, que acaba de dicir que a Consellería de Educación non ten páxina web, desmentindo o que eu correctamente afirmei. Esta (*O señor Álvarez Martínez mostra un documento.*) é unha...

O señor PRESIDENTE: Ben, iso pode ser unha...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non, perdón, é unha captura de pantalla...

O señor PRESIDENTE: Pero pode ser unha...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Perdón, é unha captura de pantalla da súa páxina web...,

O señor PRESIDENTE: É unha interpretación menor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...na que, por certo, vostede figura como concejal de Educación e ministra...

O señor PRESIDENTE: É igual.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Faga que o corrixan.

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez Martínez, xa está, ¡xa está!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: É un problema dos...

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez Martínez, eu mesmo confundo iso. A informática...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non, pois ¡mal confundido, mal confundido!, porque a páxina web..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non ten maior transcendencia.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...si, existe e fai publicidade ou información das súas visitas a centros. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Simplemente é unha imprecisión que creo que debe ser corrixida...

O señor PRESIDENTE: ¡Xa está!



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...desde esta Cámara.

Moitas grazas, señor presidente. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Preguntas ao Goberno, punto sétimo.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da actual relación institucional entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde.

Señor Rueda, «como ourensán e como presidente de Galicia creo que sería letal para Ourense ter un alcalde coma Jácome, unha persoa histriónica, o contrario a unha cidade aberta e cordial. Lamentablemente, fóra empézannos a coñecer por iso, e isto preocúpanos, porque nos dá unha mala imaxe». Estas non son declaracións miñas, son declaracións do presidente da Xunta de Galicia nunha entrevista ao xornal *La Región*, o 16 de maio. Ben, tamén dicía: «Eu quero a Ourense»; era outra frase literal.

O PSOE —como saben, señorías— gañou as eleccións na cidade, o Partido Popular deixou de gobernar na única das sete cidades galegas nas que ata o momento tiña esa alcaldía, pero pactou con Democracia Ourenzá e deu a alcaldía a esa persoa que era «letal», ao señor Jácome. Porque ese amor do presidente Feijóo a Ourense é un amor tóxico, un amor interesado, do que só se lembra en campaña electoral ou cando está preparando as autonómicas para cadrar as contas para que o señor Jácome non se presente ás eleccións autonómicas e para manter o señor Baltar na Deputación de Ourense. (*Aplausos.*)

Trátase e tratábase, señor Rueda, de vender a cidade para comprar votos. Trátase e tratábase, señor Rueda, de matar a cidade, tal e como dixo o propio presidente da Xunta, para sobrevivir ou tentar sobrevivir vostedes.

Durante este verán pasamos auténtica vergoña, señor Rueda, os ourensáns e as ourensás, cun circo mediático en todas as sobremesas das canles de televisión estatal, onde non se falaba de Ourense como referente de termalismo, como referente de terra de grandes escritores e escritoras, de referente da moda tamén —que tamén o somos—, senón para entreter e provocar risos e mofas sobre a nosa cidade. Vergoña que tamén están a pasar os militantes do Partido Popular, que non entenden como aqueles que se declaraban a guerra resulta que agora se profesan amor eterno.

Pasou o día pasou a romaría, e resulta que esta semana o presidente da Xunta de Galicia noutro xornal, *La Voz de Galicia*, dicía, cando se lle preguntaba polo goberno de Ourense, que as cousas van con normalidade; é dicir, de ser «potencialmente mortal» —que é a defini-



ción de letal— a «as cousas con normalidade». Porque o normal debe ser que se insulte os funcionarios do concello, os bombeiros, os policía locais, que se reduzan as aportacións ao comercio, que se traslade ou se suprima os principais ciclos culturais da cidade de Ourense, que non se respecten as normas democráticas e que o propio alcalde de Ourense diga que as mocións non son vinculantes e que non lle van facer nin... ningún caso (*Murmurios.*) —porque é unha verba que non se pode dicir nesta Cámara—.

¿Como é esta relación institucional agora mesmo, señor Rueda? ¿De que proxectos falou o presidente da Xunta de Galicia (*Murmurios.*) co alcalde de Ourense? ¿Segue pensando que o alcalde de Ourense é potencialmente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...mortal para a cidade?

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, a súa pregunta é exactamente: ¿como valora a relación institucional existente na actualidade entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense? ¿Esa é a pregunta, non? Pois a resposta é clarísima —a vostede, por certo, non lle importaba moito, efectivamente—. Eu creo que confunde un pouco —perdoe que lle diga— o pleno do Parlamento cun pleno do Concello de Ourense. (*Murmurios.*) Hai cousas que... (*Murmurios.*) O de plantexar no pleno do Concello de Ourense... (*Murmurios.*) Se non lle gusta o que está facendo o Goberno. Pero eu veño plantexar o do Goberno da Xunta de Galicia, e o Goberno da Xunta de Galicia o que ten que facer é respostarlle á pregunta que vostede fai por escrito, que non fixo aquí; esqueceuse dela completamente. Pero eu voulla responder: (*Murmurios.*) valoramos positivamente a relación institucional que temos con todos os concellos de Galicia, (*Murmurios.*) con todos os que queren ter unha boa relación institucional, que son todos aqueles que non pensan que ter unha mala relación institucional, que estar todo o día confrontando, lles dá algún tipo de rédito electoral. É dicir, son todos menos un. Polo tanto, nese todos menos un está incluído tamén o Concello de Ourense, e moitos concellos de todas as cores políticas, e aspiramos a que siga sendo así, porque é o que espera a xente.

Eu creo que resumía perfectamente o outro día o señor alcalde de Pontevedra, co cal vostedes gobernan en coalición e ao que sosteñen. Decía, con ocasión dunha visita ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que lle gustaba moito que viñera á cidade de Pontevedra e que



esperaba que seguira vindo neste ano e nos sucesivos anos. *(Aplausos.)* Esa é a boa relación institucional que creo que hai que ter, con normalidade.

Supoño que isto non a molestará, supoño que estará de acordo en que o deber dun responsable autonómico e o deber de todos os gobernantes municipais é levarse ben entre eles, por encima de diferenzas políticas, por encima de plantexamentos que se poden ter, que se poden plantexar durante a campaña electoral. Pero despois haberá que conseguir cousas e hai moitas cousas que só se poden conseguir en común. E, polo tanto, nós imos seguir así.

Outra cousa, señora Blanco, é que a vostede a moleste non estar gobernando en Ourense, co señor Jácome, que o intentaron, por activa ou pasiva. *(Murmurios.)* O que pasa é que non foron capaces. E, como non foron capaces, agora o que intenta é confundir o que é un pleno municipal cun pleno do Parlamento, pero este pleno do Parlamento non é un pleno municipal, nin moito menos Ourense.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Vostede, señor Rueda, e o seu Goberno ten tantísimo respecto a Ourense que resulta que cando preguntamos pola cidade —e non é a primeira vez que acontece— respóstame con Pontevedra. Así que lle pido que fale do que está acontecendo en Ourense. *(Aplausos.)* E píddolle que fale de se considera valorar positivamente un goberno que está asestando durísimos golpes á vida cultural, un goberno que insulta os empregados públicos, que falta ao respecto aos bombeiros, que sabe vostede perfectamente, polas áreas que leva neste goberno..., *(Murmurios.)*

Gustaríame, señor presidente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas.

E quérolle preguntar: non sei se iso de conseguir cousas para Ourense é conseguir investigar unha mafia policial, se considera vostede que hai unha mafia na Policía Local de Ourense, como acaba de asegurar hoxe pola mañá o alcalde de Ourense.

Vostede, no fondo, avergónase, señor Rueda. Por iso sobraronlle máis de corenta segundos para respostar esta pregunta, porque non ten absolutamente nada positivo. Porque ¿onde están todos os proxectos de Ourense? ¿Onde está a residencia do centro de atención a persoas con discapacidade? ¿Onde está a residencia de maiores, o hotel balneario, os centros de saúde, a ampliación do hospital —con atraso, con ese *parking* privado que acaba de poñerse



en marcha—, hemodinámica, cirurxía pediátrica as vinte e catro horas, esa redución no persoal de cociña, os tobogáns do parque acuático —que vostedes prometeron en plena vaga de lumes das seleccións autonómicas do 2016—? Nin sequera iso. Non sei se faláron diso co señor alcalde de Ourense.

E reitérolle a pregunta: ¿como é esa relación? ¿Esa relación é positiva? ¿A que concello se refire vostede cando fala... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...de todos menos un, señor Rueda? ¿É positiva e pode ser positiva a relación cun alcalde que está —como dixo o presidente da Xunta de Galicia— asestando golpes mortais a unha cidade? E díxoo el, non son verbas do PSdeG. Vostedes o caso é que preferiron escoller entre que morra a cidade e sobrevivir vostedes; intentan sobrevivir a toda custa. Esa é a verdadeira resposta, cunha relación institucional...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...que, de momento, arestora, non debера ser...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...a que teñen agora mesmo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Si, moitas grazas, señor presidente.

Señora Blanco, dicía vostede que me sobraron trinta segundos na anterior. Cando non se teñen argumentos, crese que a súa firmeza consiste en esgotar o tempo repetindo sempre o mesmo, que é o que lle pasa a vostede. (*Murmurios.*) Pero non é así en absoluto.

Ben, eu non vou descualificar o que me está facendo vostede agora mesmo desde aí, porque eu teño argumentos, aínda que non esgote o tempo.

Mire, un respecto, jeh! Se vostede cre que falar ben de Pontevedra e mesmo falar ben do alcalde de Pontevedra, porque estivo ben o que dixo e foi sincero, é faltarlle ao respecto a Ourense, vostede fáltalle ao respecto a Ourense e a Pontevedra con esas cousas que está dicindo. (*Aplausos.*) Téñao claro, jeh!, téñao claro. Polo tanto, un respecto aos cidadáns de Pontevedra, un respecto aos cidadáns de Ourense, que merecen outros argumentos.



Insisto en que vostedes intentaron por activa e por pasiva —joia!, mesmo o recoñeceron— gobernar co señor Jácome e non foron capaces. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E ¿que pasa? Efectivamente. Pois eu pregunto... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ¿E que pasa? (*Aplausos.*) ¿Pero non se dá conta de que vostede mesma..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...utilizando o meu tempo —que eu lle cedo, porque case prefiro que fale vostede para perder toda a forza dos seus argumentos—, se contradi a si mesma? ¿Dáse conta de que o intentan e non o conseguen, e de que se o conseguen os demais iso non está ben feito? ¿Dáse conta, señora Blanco, de que é importante levarse ben con todos os representantes municipais, que é un deber da Xunta de Galicia e do seu presidente?

¿Dáse conta de que o presidente da Xunta de Galicia tivo —e hai menos de tres meses ou tres meses que foron as eleccións municipais— xa reunións con gobernantes de todas as cores políticas e sempre nunha canle de relación institucional para ir conseguindo cousas?

¿Dáse conta de que isto é o que a xente quere e a xente o que non quere é vir, como se vén ao Parlamento, intentar trasladar debates que xa perderon nas cidades, como é o caso de Ourense? Isto é o que quere a xente, señora Noela.

¿Sabe? O que a amola a vostede, o que non é capaz de entender é por que non gobernan en Ourense.

Por certo, gústame moito o argumento da lista máis votada. Xa lle dixemos moitísimas veces que llo compramos sempre. (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Se vostede cre que non gobernan en Ourense e tiñan que facelo porque son a lista máis votada, eu dígolle que en máis de cen concellos o goberno do Partido Popular tiña que estar gobernando... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) e non está gobernando por iso. (*Aplausos.*) Polo tanto —vólvolle dicir—, (*Aplausos.*) outra contradición máis. (*Murmurios.*)

¿Sabe o que me parece, señora Blanco? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Que no fondo, falando de Ourense, non fala doutras cousas. Vostedes teñen agora mesmo en Cerceda un alcalde condenado —¡condenado!— e miran para outro lado. Xa non saben que facer. E segue gobernando e miran para outro lado. ¿Para que lado? Para Ourense. Pero isto é o Parlamento, non é Ourense. (*Murmurios.*) E só—



brame o tempo, pero se cre que iso é febleza de argumentos, estou ata o final. Pero, como creo que lle dixen o que lle tiña que dicir, señor presidente, remato. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os principais beneficios que quere acadar a Xunta de Galicia para os funcionarios públicos e a sociedade galega en xeral mediante a reforma integral do edificio administrativo de San Caetano

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, este verán asistíamos a unha desvergonza do Goberno do Estado sen precedentes en España. Non hai precedentes, señor vicepresidente, de que un goberno do Estado negue ás comunidades autónomas as entregas á conta do IRPF e os adiantos do IVE. Non hai precedentes de que a ministra de Facenda se escude nun inexistente informe da Avogacía do Estado que posteriormente foi feito *ad hoc*. Non hai precedentes, señor vicepresidente, de que as comunidades autónomas sexan asfixiadas economicamente polo Goberno do Estado e se lles obrigue a facer recortes e axustes nos seus orzamentos. E, como non hai precedentes, todas as comunidades autónomas de diferentes cores políticas, afectadas pola asfixia económica, demandaron estes cartos ao Goberno socialista do presidente Pedro Sánchez. Non só Galicia, Andalucía ou Castela-León reclaman os cartos que lles debe o Goberno central, tamén os presidentes socialistas de Valencia e Baleares, Joan Baldoví e mesmo o Goberno independentista de Cataluña. ¿E canto lle debe Pedro Sánchez a Galicia? Pois 700 millóns de euros.

A pasada semana unha deputada socialista gabábase de que a primeira lei de transparencia en Galicia fora aprobada polos socialistas, polo señor Touriño. E tamén o señor Touriño dicía, nos derradeiros días do seu mandato, que era un goberno moi transparente, ¿non? Transparencia, señorías, que non amosaron cando foron requiridos polo Partido Popular para que dixeran o custo das obras de remodelación do despacho do señor Touriño, dos despachos de Presidencia e mesmo do coche presidencial. E o mesmo Goberno do PSOE e BNG, o Bipartito, tampouco amosou de xeito transparente o expediente de contratación e as facturas de gastos amparándose na modalidade de contratación «contratos secretos por motivos de seguridade».

¿E cales eran os motivos de seguridade? Pois nin máis nin menos que permitir ao Bipartito facer opacos algúns gastos tan avultados como 480.000 euros para o vehículo presidencial... Era o prezo dun coche, non da frota de coches do Goberno, ¡dun só coche! (*Murmurios.*) E tamén apelaron a motivos de seguridade para impedir á oposición acceder ao expediente das obras de reforma do despacho do presidente e de tres salas de xuntas. Non sabemos se tamén cambiou o colchón presidencial, seguindo a tradición socialista. O que si era transparente,



señor vicepresidente, era o cristal da sala do Consello da Xunta, que parece ser que custou 180.000 euros para que non deslumbrase os señores conselleiros socialistas e nacionalistas.

Daquela non había problemas de gastos, xogabamos na *champions league* da economía e a palabra crise non existía. Fronte a ese escurantismo, vimos, señor vicepresidente, como o Goberno do Partido Popular non oculta a partida orzamentaria para as obras de reforma de San Caetano. (*Murmurios.*) Houbo exposición pública, hai unha partida orzamentaria concreta e coñecida por todos, concurso público e mesmo se trasladaron, a través dunha rolda de prensa, as obras que se ían facer en San Caetano.

Pero como aínda parece que non quedou claro, porque levantaron unha cortina de fume para tapar eses cartos que nos debe Pedro Sánchez, gustaríanos saber...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: ...señor Rueda, que nos diga a todos os deputados...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está a pregunta por escrito.

A señora PRADO DEL RÍO: ...cales son esas reformas, en que van consistir e cal é o obxectivo... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Si, reforma integral de San Caetano. Xa se sabe a pregunta.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Prado, resulta cando menos curioso que, durante todo este verán, cando se estivo falando —sempre o dicimos, empezamos en Galicia e despois imos ao resto das comunidades autónomas—, conforme se ían conformando os gobernos e se daban conta do problema gravísimo que ían ter se o Goberno non facía a entrega dos cartos que nos debe a Galicia e ao resto das comunidades autónomas, o Partido Socialista —e o señor Caballero especialmente— non abría a boca, e ás veces só a abría para defender, quedando só —xa quedou só niso tamén—. Non abría a boca fronte a esa chantaxe e, de repente, montou en cólera cando se enterou de que a Xunta de Galicia, con total transparencia, explicaba todo absolutamente o que había que facer, o que se quería facer e o que se pretendía facer nunha rolda de prensa. Como vostede recordaba, en moitísimas explicacións que damos e daremos dixemos o que se quería facer para mellorar as condicións de traballo dos funcionarios e funcionarias; non dos altos cargos, da xente que acode todos os días a San Caetano.

Resulta curioso tamén que pensen que isto se vai poder facer aínda que non recibamos os 700 millóns. Os servizos públicos saben que non se van poder facer e, en cambio, iso non lles dá ningún problema, pero que se faga esta obra de 30 millóns de euros si que os alporiza.



Pois hai que dicirlles que todo sae do mesmo. Eu non sei de onde cren o señor Caballero e o Partido Socialista que saen os cartos que emprega a Xunta de Galicia como recursos públicos. Saen todos do mesmo. Polo tanto, todas as actuacións da Xunta de Galicia están ameazadas por eses 700 millóns, tanto estas obras que se pretenden facer en tres anos —e agora o explicarei entre esta e a segunda intervención— como os servizos públicos fundamentais. Unha cousa impórtalles moito e os servizos públicos fundamentais danlles exactamente igual. Pois eu digo que todo é importante e que todo hai que explicalo e, por suposto, esta obra tamén. Xa o dixemos, xa o explicamos e recibiu, ademais, o asentimento xeral tanto respecto de como se fixeron as obras nun edificio que tiña traballadores dentro como do seu resultado final. Xa explicamos o que pretendemos facer nun edificio que vai cumprir dentro de pouco cen anos de existencia, que xa tiña defectos desde o principio, que se foron facendo moito máis estruturais conforme avanzaba o tempo por lóxicos motivos, que tivo unha reforma bastante maior nos anos oitenta e no que agora mesmo se facía imprescindible actuar no exterior e no interior. Primeiro no exterior, que foi onde actuamos, cun investimento que creo que á vista está de todo o mundo para ver o cambio, o antes e o despois, porque creo que o edificio quedou, dende o punto de vista estético —creo que tamén é importante, é a casa do Goberno de todos os galegos e galegas—, moi ben, pero, sobre todo, hai que pensar que se cambiaron as cubertas, que se cambiaron os illantes térmicos e que se cambiou a iluminación. E iso redundou en beneficio das condicións de traballo de moitísimos funcionarios e da xente que acode alí. Iso —xa o fixemos e o explicamos— é un gasto, ao final, para toda a xente que traballa en San Caetano e para a xente que utiliza os servizos públicos.

E agora queremos facer a segunda parte, e explicarémolo tamén. Non é ningún gasto suntuario, non é ningún gasto que non fora necesario facer e, dende logo, non é ningún gasto que...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...non se poida facer, igual que non se poderá facer a prestación de servizos públicos...

O señor PRESIDENTE: Vicepresidente, grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...se non nos dan os 700 millóns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Efectivamente, polo que vemos, esta reforma redundará en beneficio dos funcionarios públicos; loxicamente, empregados públicos que ascenden a unha cifra, segundo limos na prensa e vostede acaba de dicir, de 2.000 traballadores, e non de 50, como dicía o Bipartito



que afectaba aquela reforma do ano 2008. Unha reforma que redundará nun aforro enerxético, unha reforma que vostede acaba de dicir que mellorou a estética do edificio, calquera o pode ver. Eu, como compostelá, prefiro ver, loxicamente, ese edificio da Xunta que aquel dun pouquiño máis arriba, aquel edificio fallido que leva un millón e medio de euros investidos para o que ía ser o cuartel dos bombeiros e da Policía Local de Santiago; un gran investimento do Bipartito compostelán. Probablemente lles guste máis ese edificio que hai en Salgueiriños que o dun pouquiño máis abaixo, o gran edificio de San Caetano; por certo, moi mellorado con esa reforma. Iso si que son cousas que fan cidade e, por tanto, nós estamos orgullosos diso.

Tamén me gustaría, señor vicepresidente, que nos diga se, efectivamente, nesas cartos vai incluída a escola infantil para os empregados públicos, que utilizarán. Porque, claro, o Partido Socialista encheu a boca este verán criticando esta reforma e logo aquí, no Parlamento, trouxeron iniciativas para incrementar as prazas de escolas infantís nos centros de traballo dos empregados públicos, e concretaron: de San Caetano e de San Lázaro. Isto o que demostra é que non lles preocupa a conciliación, que o único que lles preocupa ao Partido Socialista, ao Bloque Nacionalista Galego, ao da Esquerda en Común, aos Comúns da Esquerda e a toda a oposición é o posturo, o falso compromiso coa igualdade, o falso compromiso coa conciliación.

Señorías, nós a verdade é que o felicitamos, señor vicepresidente, porque, efectivamente, a nós nos parece que a reforma é necesaria e precisa que beneficia os funcionarios e beneficia a cidadanía que vai recibir servizos públicos, que cremos que é importante que sexan de calidade. E tamén estamos preocupados por que esa obra ou calquera outra de ámbito sanitario ou de ámbito educativo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: ...non se poida facer porque o señor Sánchez non pague o cupo que lle debe a Galicia de 700 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PRADO DEL RÍO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas a e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, efectivamente, vai haber unha escola infantil e todos os servizos que sexan necesarios para os traballadores e traballadoras — máis de 2.000 — que todos os días están en San Caetano. Polo tanto, esta é unha utilidade máis, é unha razón máis... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi agradecido pola aportación.



Dícialle que sería unha razón máis, se houbera que dalas, que hai que dalas sempre. Por iso queremos facer isto con transparencia dende o principio, pero voulle dar outra. Só o aforro neto entre o ano 2009 e o ano 2019 —cando se peche este exercicio— que conseguiu a Consellería de Presidencia e Vicepresidencia, responsable dos edificios públicos da Xunta de Galicia —da maioría, cando menos—, só o aforro neto da débeda que houbo que enxugar das partidas que estaban mal orzadas, da racionalización do gasto que se fixo, da supresión de parte da administración paralela, dos novos métodos de aforro enerxético, son 36 millóns de euros. Xa son 6 millóns de euros máis do que vai custar toda esta reforma para os traballadores e traballadoras. Xa só co iso quedaría xustificada.

Pero eu creo que queda xustificada con moitísimas cousas máis. Insisto en que esta é unha obra para os funcionarios e funcionarias. Por darlle un dato que creo que é bastante significativo, as únicas obras que encontramos en catro anos de Bipartito —que xa sabemos que nisto era unha auténtica festa— son nos espazos e despachos do presidente da Xunta en San Caetano, no despacho do presidente en Raxoi, no Gabinete do Consello de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na salas do Consello e sala de prensa. ¿Sabe canto? Pois máis de 7 millóns de euros. ¿Sabe a canto saía o metro cadrado, en 1.700 metros cadrados só para altos cargos da Xunta de Galicia? A case 4.000 euros por metro cadrado. En catro anos, deulles tempo, (*Murmurios.*) deulles tempo. Iso é o que non queremos facer nós.

A verdade é que deixaron todo moi ben preparado, por iso, mire, nin nos plantexamos —non nolo plantexariamos igual, porque levamos moitos anos gobernando e non se fixo, pero nin nolo plantexariamos— facer estas obras, cando haxa cartos. Para que haxa cartos, tiña que haber eses 700 millóns, e imos adicalos a isto, a facer obras en case 50.000 metros cadrados que van afectar 2.000 funcionarios e funcionarias, non a altos cargos. ¿O custo do metro cadrado? Bastante menos de 1.000 euros por metro cadrado, fronte aos 4.000 que custaban estas obras suntuarias que nos deixaron en herdanza. Polo tanto, esta é a diferenza fundamental.

Non todos somos iguais e por iso imos seguir traballando así. Despois de facer a envolvente exterior, que creo que tivo moitas vantaxes, imos empezar a traballar no confort dos funcionarios e funcionarias e da xente que acode diariamente, que son máis de 500 persoas que acoden a San Caetano e que tamén cos seus impostos pagan o edificio que é de todos e de todas. E así imos seguir.

E se isto pon nervioso o señor Caballero e se isto é o único que o fai reaccionar fronte a que nos falten 700 millóns, eu quérolle dicir que durante estes próximos anos se vai poñer bastante nervioso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, do G. P. de En Marea, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da reapertura da escola unitaria do Colexio Rural Agrupado de Narón

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Cuña.



A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Como ben sabe, en xuño de 2018 o CRA de Narón pechou a escola unitaria porque non cumpría os requirimentos, que a súa consellería establece en 6 alumnos.

A Xunta asegurou que a clausura non era definitiva, que podería ser revogada no caso de que se garantise a continuidade: que no curso actual houbera ese número de alumnos.

Unha vez aberto o prazo de admisión para o curso 2019-2020, a unitaria recibiu as seis solicitudes que precisaba. Fagamos un brevísimo percorrido. O 28 de marzo aprobouse unha moción no Concello na que se solicitaba que se reabrisse esta escola e que a Consellería cumprise os seus compromisos. A Consellería ignorou este acordo do Concello. O 17 de abril, en plena campaña electoral das eleccións xerais e en precampaña das eleccións municipais, vostede recibiu ás familias e manifestoulles e subliñou a importancia que para vostede tiñan as escolas do rural. Moi ben, pero non fixo nada. O 21 de maio houbo concentración de pais e nais. Os pais e nais dos nenos de 3 anos penduraron os mandilóns na rúa en vez de penduralos no colexio. Conseguiron 1.600 sinaturas. A conselleira recibunos e expresou a vontade de reabrir a escola. O mesmo fixo o xefe territorial, Indalecio Cabana.

Nós consideramos que a situación é deshonesto e inxusta por dous motivos. ¿Por que dicimos que é deshonesto? Porque están facendo un incumprimento flagrante dunha promesa viable. Non é como outros centros, levamos case 200 escolas do rural pechadas. Isto é sangrante; sangrante para Galicia e sangrante para todos.

É inxusta tamén porque está garantida a continuidade. O censo di: naceron 7 nenos e nenas no 2017; 9 no 2018 e no que vai de ano xa naceron 5. Non é un problema técnico, é un problema puro e duramente político.

A pregunta que lle formulabamos tiña moito sentido en xullo, no último pleno. Vostede, por motivos de axenda, non puido vir, estaba en Connecticut. Agora hoxe comezou o curso e non comezaron eses nenos na escola de Narón...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: A pregunta segue sendo pertinente para que nos explique por que non se reabriu.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.



A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

Señora Cuña, é certo que esta pregunta vén aprazada do pleno de xullo, pero a realidade é que a resposta da Consellería de Educación era coñecida porque xa se explicou en reiteradas ocasións no anterior período de sesións, aínda que hoxe está incluída na orde do día e por iso volvemos falar deste caso concreto.

A Consellería de Educación, a través dunha resposta escrita en marzo de 2018 e dunha resposta oral na Comisión 4ª, en febreiro de 2019, xa explicou a situación das unidades do Colexio Rural Agrupado (CRA) de Narón, derivada non da hipótese, nin de futuribles, senón de datos concretos de matrícula correspondentes ao seguimento de varios cursos escolares.

A Unidade do Pedroso, que estivo operativa no curso 2017-2018, dentro do CRA de Narón, quedou sen alumnado suficiente para o curso 2018-2019, pero xa viña dun proceso de diminución progresivo de alumnado e por iso foi que se pechou. Polo tanto, esa unidade de educación infantil xa non existiu o curso pasado e foi suprimida pola Orde do 16 de xullo de 2018.

A partir dese momento comezou un período no que distintos colectivos sociais e políticos comezaron a xerar falsas expectativas e a comprometer matrículas para o curso 2019-2020 ao tempo que trasladaron a idea de que esta unidade —que non unitaria— podería reabrirse.

Eu teño que sinalar que, efectivamente, mostrei preocupación polo tema. Recibín as familias sen comprometerme en ningún momento con reabrir a escola, pero si as recibín e si mostrei a miña preocupación. Tamén tiveron a oportunidade de explicar recentemente á alcaldesa de Narón, a pasada semana, que a Unidade do Pedroso, que no seu día estivo integrada no CRA, deixou de funcionar porque non contaba co alumnado suficiente, e esta era unha tendencia dos últimos cursos.

A Consellería non suprime unidades por capricho, aplica un criterio que é coñecido: un número mínimo de alumnado e tamén ter en conta a estabilidade na matrícula en varios cursos. E, por suposto, sempre garante a escolarización de todo o alumnado en idade escolar. ¿Que sentido ten pechar, reabrir, sen xustificación real? ¿Que estabilidade habería para o alumnado, familias e profesorado?

Señoría, o criterio seguido pola Administración educativa dende 2009 consiste en manter abertas todas as escolas que contan con 6 alumnos matriculados, nunha clara aposta da Xunta polo ensino no ámbito rural, por manter os centros docentes no contorno dos rapaces e por contribuír desde o eido educativo ao arraigo da poboación no medio rural. Non estamos ante unha decisión que aplique só este goberno, pasa tamén noutras comunidades e aconteceu tamén no pasado en Galicia, por exemplo no 2006, que se pecharon 28 unitarias en distintas localidades galegas.



A evolución demográfica de Galicia exige toma de decisións, que no ámbito educativo obrigan a adaptar as necesidades educativas de cada zona á realidade social, precisamente para garantir esa viabilidade da escola no rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Hai alumnos para este curso, para o que vén e para o seguinte. O incumprimento é obvio. Vostedes o que están facendo con isto é unha política indecente de peche de escolas no rural e, sen embargo, teñen blindados dende o ano 2017 os colexios concertados vencellados ao Opus, que segregan por sexos, incumprindo a igualdade que deberan cumprir, e segregan non só por sexos senón tamén por clase social. O primeiro paso para que unha poboación vaia a menos é o peche das escolas. Neste centro estaría garantido.

Eu voulle facer unha proposta honesta, diante desta incongruencia. Se realmente lle parece importante, se realmente non só tiña intencións electoralistas, se realmente cumpre as promesas —que son fume e as leva o vento, porque vostede si lles dixo que se podía reabrir, e é a propia Consellería quen afirma isto—, se ten vontade política, escoite a veciñanza, escoite o profesorado, escoite os grupos da oposición, escoite os sindicatos, sexa congruente e lidere e implemente un plan de educación específico para o rural. Hai moito camiño andado, señora conselleira, proactivistas colectivos e demais movementos de ensino levan anos avanzando nun proxecto global de desenvolvemento comunitario. Pode facelo, non é un problema técnico. Esta foi a resposta: é un problema técnico. Esta foi a resposta sibilina que se lles deu a semana pasada a estas familias. É un problema de vontade política, xusto no ano no que o Partido Popular vende en letras maiúsculas: «Este vai ser o ano do rural». Pois non, señora, está sendo o ano da depredación das escolas rurais, non me fale do 2006...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Nestes últimos anos case 200 escolas... (*Aplausos.*) (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Educación, Universidade e Formación profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Compromiso co rural, señora Cuña, todo, e non un compromiso da Consellería de Educación, senón un compromiso do Goberno galego, porque estamos a traballar nunha lei de impulso demográfico, porque estamos a traballar coa Consellería de Medio Rural no rexurdimento



de ciclos de formación no rural e tamén porque estamos a traballar desde a Consellería de Educación por que os colexios do rural que teñen alumnado non pechen, e non pechan porque necesitan única e exclusivamente ter eses 6 alumnos e non outros criterios, que falaban de 10 e 11 alumnos para non pechar un colexio.

Hai que entender que o compromiso debe ser realista e hai que comprender e entender que isto non implica desatender o conxunto de Galicia. Eu non falei dun problema técnico, falei de temas pedagóxicos e de temas técnicos, pero non dun problema técnico. E eu non lles dixen que a escola se podería reabrir, díxenlles que había que analizar polo miúdo a situación e pensar nunha estabilidade a longo prazo.

O compromiso da Administración educativa responde á existencia do alumnado. O argumento non pode ser que non hai nenos porque non hai cole; é ao revés: non hai cole porque non hai nenos, e por iso temos que loitar por que haxa nenos. E se hai un asentamento de poboación de nenos que non poden trasladarse a outras escolas que están cerca do seu lugar de vivenda, entón, a Consellería de Educación respostará a esas demandas. Porque para atender a demanda de escolarización de determinadas zonas agora mesmo hai seis centros de nova construción, ben en obras ben en programacións, e algúns deles non son en grandes cidades; estou a falar de Vilalonga, en Sanxenxo, ou de Pazos de Rei, en Tui, ou do Milladoiro en Ames, engadindo a escola que abría hoxe en Negueira de Muñiz as súas portas. Diso non se fala, só falan de recortes, cando o que hai é unha adaptación á realidade demográfica e de matrícula.

Polo tanto, como todos os anos, a Consellería revisa a matrícula dos centros escolares públicos nos niveis de educación infantil, de primaria e de especial; un proceso habitual que se leva a cabo antes do inicio de cada curso co fin de adecuar o número de unidades ao de alumnas e alumnos matriculados en cada centro.

Conforme os datos definitivos de matrícula neste curso, deixaron de prestar servizo educativo seis escolas unitarias, como dicía, para manter ese criterio dos 6 alumnos, debido ao baixo nivel de alumnado nestes centros.

Cómpre sinalar que a Consellería mantén sempre —e un ano máis—o mesmo criterio para suprimilas. Asemade, lévase a cabo un proceso de reorganización de unidades dentro dos propios centros educativos que leva consigo ben a creación das novas unidades ou ben a supresión doutras ou o reagrupamento. Habilitáronse tamén unidades en creación para os supostos de desdobramentos de aulas, como cando existe un incremento puntual ou circunstancial do número de alumnos e alumnas.

Polo tanto, o que a Consellería está a facer é organizar un uso eficiente e eficaz dos recursos educativos atendendo ás necesidades educativas dos centros. A realidade é que vostede fai unha crítica, pero o que temos é que valorar a estabilidade e a singularidade dun modelo educativo diferencial e innovador como o de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)



Terminou a pregunta. Se queren, poden dialogar noutro momento, agora non. Silencio.

Pregunta de D. Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a valoración por parte do Goberno galego da elevada porcentaxe de prazas que quedaron sen cubrir na oferta pública de emprego para o ensino

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira, pola súa presenza. A verdade é que vou vela por aquí despois de que ás tres últimas preguntas non viñera, mesmo mandou a colegas seus a contestar pola educación afectivo-sexual e polos contidos curriculares, algo que, dende logo, nos preocupa. En todo caso, menos mal que vén hoxe.

Hoxe toca falar da oferta pública de emprego, un asunto sobre o que xa hai meses alertamos que tiña gran parte de propaganda, toda vez que a oferta anunciada pola Consellería era insuficiente para dar resposta ás necesidades do ensino público, non permitía recuperar todas as prazas docentes que se suprimiron nos anos da crise e, dende logo, non era suficiente tampouco para recuperar a porcentaxe do persoal interino que tiñamos antes da chegada do Partido Popular ao Goberno galego.

Coñecidos os resultados dos tribunais, constatamos, ademais, que as cifras eran precisamente, en gran parte, iso, maquillaxe, tal e como alertaran xa algúns sindicatos do ensino do país. Deste xeito, das 2.064 prazas que a Consellería anunciara que ía ofertar, só se cubriron 1.671, unha cifra inferior á que se adxudicara en 2018, na que foran 1.723 dun total de 2.050. É dicir, que hoxe, que este ano, quedaron 341 prazas que van directamente a ser cubertas por persoal interino. Esta é a cerna da denuncia que fixo a CIG-Ensino, que afirma que a maior parte das prazas que ficaron desertas proviñan da convocatoria de promoción interna ao acceso.

Tal e como denuncian os sindicatos, xa na mesa sectorial se alertara de que isto ía pasar, cando se sacan adiante ofertas de emprego dun xeito totalmente unilateral, e de que se estaban incrementando as prazas de xeito ficticio para ter un interesante titular, para facer propaganda, tal e como acostumamos, porque facer propaganda co DOG sae moi á conta.

Precisamente saen os resultados e comprobamos que, efectivamente, é así. Quedan sen cubrir o 10 % das prazas, xusto a cifra que alertaban os sindicatos que ía quedar sen cubrir. Especialmente preocupantes son os casos, por exemplo, dos mestres de francés, que quedaron máis prazas sen cubrir das cubertas, 38 e 32 respectivamente, ou das especialidades como informática, con case a metade das prazas sen cubrir, FOL, organización e procesos de mantemento de vehículos, mantemento de vehículos...; especialidades estas de formación profesional que quedaron todas elas con máis ou menos un terzo das prazas vacantes. Ou o caso de matemáticas, que se repite outro ano máis, volvendo deixar máis ou menos un 20 % das prazas sen adxudicar.



Por todo isto, conselleira, gustaríanos saber que valoración fai o Goberno galego desta elevada porcentaxe de prazas que quedou sen cubrir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Chao, permítame comezar por reiterar o recoñecemento da Consellería ao labor fundamental que desenvolve o profesorado galego na formación do alumnado que cursa estudos en Galicia e salientar tamén a súa implicación a prol dun bo funcionamento do sistema educativo.

Tamén quero manifestar que no curso 2019–2020, como ten acontecido cada ano escolar, a Consellería está a adoptar con criterios pedagóxicos e técnicos as medidas oportunas para asegurar que todo o alumnado galego reciba unha formación axeitada ás súas necesidades.

En relación coa súa pregunta, como é coñecido e vostede mesma o dicía, a Consellería convocou e propiciou a realización das probas da oferta pública de emprego de 2019, pola que se ofertaron 2.064 prazas en 36 especialidades diferentes, no que foi a convocatoria máis ampla, efectivamente, que se ten realizado no ensino galego na última década. Fíxose así logo de analizar as necesidades e de cumprir os procedementos para seguir avanzando na diminución da taxa de interinidade dos corpos docentes, que unha vez máis segue a ser a máis baixa de todo o Estado. Estamos a falar de arredor do 7 % tras o último proceso selectivo.

Cómpre salientar que a Consellería incrementou ese número de prazas que inicialmente tiña previsto ofertar despois de atender as peticións dos membros da Comisión de Seguimento de acordo de estabilización do emprego. Ademais, é preciso aclarar, diante das declaracións dos sindicatos e tamén do exposto hoxe aquí, que é obrigatorio convocar, como mínimo, un 25 % das prazas para promoción interna.

¿Cal foi o resultado das oposicións? A Consellería ofertou 1.788 prazas de acceso libre, onde aprobaron un total de 1.656 opositores, de xeito que a porcentaxe de prazas cubertas acadou o 92,61 %. Asemade, cumprindo coa obriga legal de convocar o mínimo do 25 % das prazas para promoción interna, saíron 276 prazas —tamén o dicía vostede—, e só se cubriron o 6,88 % con 19 aprobados. Este resultado, como comprenderá, merece o respecto da Consellería por varios motivos: primeiro, porque é decisión dos aspirantes á praza de funcionario no ensino presentarse ou non aos procesos que se convocan.

Segundo, porque son os tribunais os que, sen intervención da Consellería, deciden o nivel das probas e outorgan as cualificacións aos que se examinan.



Por suposto, a Consellería considera positivo que o sistema educativo galego conte cos profesores mellor preparados, xa sexan como persoal funcionario ou como interinos. Ao respecto é coñecida a nosa reivindicación de que o Goberno central e as comunidades autónomas avancemos na mellora da formación inicial do profesorado, e por suposto desde a Consellería esforzámonos cada curso en actualizar e mellorar o plan anual de formación do profesorado permanente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Vir, vén; contestar é outra cousa. Valoración da precariedade que imponen non fixo absolutamente ningunha.

Vostede sabe perfectamente que sería posible que unha especialidade concreta quedara sen cubrir, porque unha especialidade concreta podería ser que non houbera aspirantes suficientes. Non pode considerarse normal que isto aconteza ano tras ano, que ano tras ano queden centos de prazas sen cubrir. Aí hai outra cousa, e o que está detrás é, dunha banda, o que dicía antes: que facer anuncios no DOG sae moi rentable —puntuía dobre a propaganda no *Diario Oficial de Galicia*— e que vostedes saben que isto se vai repetir e podería evitarse. ¿Como podería evitarse? Téñeno reivindicado os sindicatos en numerosas ocasións. Evitaríase se se mudara dunha vez o sistema de acceso ao corpo docente. ¿Como se podía facer? Pois, dunha banda, evitando que as probas sexan eliminatorias. Vostede sabe que, ao facer que na primeira banda teñan que caer moitos aspirantes, se pode estar limitando que aspirantes que terían excelentes resultados na segunda proba queden fóra. Se as probas non foran eliminatorias, estaríamos máis capacitadas para ter o mellor persoal posible.

E, en segundo lugar, por suposto, fan falta medios, fan falta máis tribunais. Que un tribunal teña que avaliar entre cen ou entre cento e pico aspirantes é un despropósito. Son demasiados. Eles din que non lles dá tempo suficiente, que teñen que facer cribas demasiado duras. Os tribunais son soberanos, pero son vostedes os que lles imponen unhas condicións maratonianas.

Señora conselleira, vostede sabe que dá igual, ao final, para a Consellería, que importa pouco, que unha praza quede ou non sen cubrir, porque finalmente a roda segue xirando e por suposto os interinos e as interinas van pasar a cubrir estas prazas. O que está decidindo é se queren funcionarios ou queren precariedade, e o Goberno da Xunta estase poñendo sempre do lado da precariedade.

Nós o que lle pedimos, señora conselleira, é que a súa responsabilidade, en canto, precisamente, é conselleira, sexa defender o emprego público de calidade, e para iso hai que adecuar as ofertas de emprego público á demanda real, hai que dialogar cos axentes sociais para que a oferta sexa realista...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...e, por suposto, hai que actualizar o sistema de avaliación ás demandas do sistema que temos hoxe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Chao.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Permítame, señora Chao, a metáfora ou a liberdade desta metáfora: que, efectivamente, hai xente que sabe conducir, pero ten que coñecer tamén o código de circulación. Non podemos ter o carné de conducir simplemente con saber conducir e demostralo. Insisto na mensaxe coa que comecei a miña anterior intervención: a Consellería velará para que todo o alumnado galego reciba unha formación axeitada ás súas necesidades.

No arranque dun novo curso escolar convén non poñer en dúbida que Galicia conta cun cadro de persoal docente suficiente e que en calquera caso é xustado ás demandas reais que aparecen no arranque de curso. O cadro de persoal docente está composto por funcionarios e tamén por interinos, e non será esta Consellería a que critique a cualificación e a profesionalidade dos nosos docentes. En todo caso, defenderemos e traballaremos por unha constante mellora da súa formación, tanto inicial como permanente.

No que respecta ao ensino non universitario, non hai falta de profesorado, a cobertura das necesidades educativas está garantida en Galicia co persoal existente, e tamén estamos ao tanto das necesidades puntuais de persoal informadas polas xefaturas territoriais. Neste primeiro día de curso son xa 750 os docentes e as docentes ás que se ten chamado para cubrir substitucións en tempo real onde por motivos diversos o titular non se incorporou.

A Consellería, por tanto, vai axustando o número de unidades e de docentes ás necesidades educativas concretas e á evolución do alumnado curso a curso. E cómpre sinalar varias cousas: que Galicia é a comunidade autónoma con menor número de alumnos por profesor —falamos dunha ratio de 10.5 nos últimos datos do Ministerio correspondentes ao curso 2015-2016— e que a influencia da dispersión poboacional en Galicia é tamén importante. A matrícula vai diminuindo no rural, e isto provoca —e xa falamos disto na anterior pregunta— a desaparición de unidades nestes centros e, polo tanto, de postos docentes, e a Consellería a día de hoxe ten cubertas as necesidades dos centros.

En todo caso, é necesario sinalar que o alumnado galego conta coas atencións necesarias nos seus centros educativos a día de hoxe.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o funcionamento das visitas ao pazo de Meirás

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Como era previsible para todo o mundo menos para a Xunta de Galicia, este verán a familia Franco volveu intentar poñer atrancos e evitar as visitas ao pazo de Meirás, visitas que ten a obriga de deixar facer polo artigo 48 da Lei de patrimonio cultural e visitas que lembro que están dirixidas e xestionadas pola Fundación Francisco Franco.

Os Franco utilizaron as mesmas artimañas de sempre: un teléfono a onde hai que chamar ao que non contesta ninguén, un contestador automático que di que responderá e que non responde e un correo que tampouco emite ningún tipo de resposta.

Isto púidose comprobar perfectamente ao longo de todo o verán simplemente chamando —calquera— ao teléfono, pero a Xunta parece que non chamou, e reaccionou, coma sempre, tarde e cando todo isto saíu nos medios de comunicación. E mire, señor conselleiro, que este ano era aínda máis previsible que ían pasar estas cousas, porque se presentara por parte do Goberno presidido polo señor Sánchez unha demanda civil para solicitar e conseguir a devolución da propiedade do pazo que a familia Franco usurpa de forma absolutamente fraudulenta.

Estou segura de que esta demanda vai seguir adiante e de que o imos conseguir, pero, mentres tanto, os Franco teñen que seguir cumprindo as súas obrigas, así como os horarios; os horarios que xa se mantiñan durante todo o inverno. Este ano cambiáronos durante o verán, e imaxino que a Xunta de Galicia o permitiu, porque na páxina web de Turismo de Galicia aparecía o cambio de horarios, ademais cunha redución do número de horas de visita. Non parece aceptable, señor conselleiro, que sempre se actúe tarde, mal e a rastro, como se soe dicir.

Solicitámoslle, señor conselleiro, que ante todos estes incumprimentos —que vostede dixo que ía abrir un expediente informativo—, teña axilidade e contundencia, e tamén que nos explique —porque aquí se abre agora mesmo un novo problema coa familia Franco— que vai pasar coas visitas ao novo BIC, ás esculturas do Pórtico da Gloria, que tamén usurpa a familia Franco, que, como tal BIC e polo artigo 48, teñen a obriga de poder ser visitados. Non sabemos se vostedes están xa analizando como van proceder para obrigar a familia Franco con esta nova situación.

Nada máis polo de agora.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Ten a palabra o señor conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Bueno, eu, sempre que podo, aproveito para dicir que este goberno non ten ningunha débeda moral nin política coa familia Franco, nin coa Ditadura, nin con todo aquel período negro da historia, e tamén digo que parece que en ocasións é o Partido Socialista o que vive mellor contra Franco, máis de pico que de pa, porque cada dous por tres fala de que é necesario levar a cabo unha serie de accións e, ao final, moito pico e moi pouca pa. Eu quérolle dicir neste sentido que esta Xunta de Galicia foi a única que sancionou a familia Franco, precisamente por incumprimento das súas obrigas como propietaria dun BIC.

Tamén lle digo que neste caso foi a Xunta de Galicia, cumprindo un mandato parlamentario, quen puxo en marcha unha comisión composta por un número importante de técnicos especializados, de persoeiros de relevancia intelectual e gran solvencia xurídica, quen puxo en marcha e abriu unha serie de posibilidades xurídicas, que foron, precisamente, as que está impulsando actualmente o Goberno do Estado; iso si, cun retraso de practicamente un ano.

En todo caso, pode estar vostede perfectamente tranquila de que esta administración vai actuar conforme a dereito, respectando os dereitos e as obrigas de todos os cidadáns, apelídense como se apeliden. De confirmarse, abertas as dilixencias e posto en marcha o expediente, que hai un incumprimento dos seus deberes como propietarios dun BIC, a Xunta actuará sen ningún tipo de problema e sen ningún tipo de prexuízo, neste caso como en calquera caso doutro cidadán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Mire, señor conselleiro, eu non podo consentirle que diga isto que acaba de dicir do «pico e da pa» porque se alguén ten unha política de memoria histórica é o Partido Socialista, (*Aplausos.*) que foi o que levou adiante a lei. E o que non cumpriu nin un só artigo desa lei foi o Partido Popular, tanto o Partido Popular de Madrid, que nunca cumpriu nin un só artigo desta lei, como tamén o Partido Popular de Galicia, que ata que a presión cidadá o obrigou non actuou no pazo de Meirás.

Quero dicirlle tamén que era difícil que outro goberno sancionara a familia Franco, porque non houbo outro goberno, porque resulta que as visitas se abriron cando vostedes estaban xa no poder, no Goberno da Xunta de Galicia. Pero, iso si, foi o Goberno anterior, o Goberno do PSOE e do BNG, quen declarou BIC ese pazo, e, entón, obrigou a familia Franco a abrillo.



En canto ao retraso que vostede di, mire, menos mal que estaba o Partido Socialista no Goberno cando foi posible abrir unha demanda civil á familia Franco, porque ¿sabe vostede que contestou o Goberno de Rajoy en abril de 2018, despois do envío do informe da Deputación da Coruña? Dixo o Goberno de Rajoy que non había ningunha posibilidade de presentar unha demanda polo pazo de Meirás, que non podía integrarse baixo ningún concepto no patrimonio nacional.

Polo tanto, vostedes non ían en absoluto abrir unha demanda á familia Franco, porque vostedes non terán nada que ver coa familia Franco, como vostede di, pero a verdade é que amparar si a amparan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Burgo.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, eu insisto en que o Partido Socialista sempre ten a intención de construír un relato onde intenta ser o máis antifranquista do mundo e pretende que os outros non o sexan. Pois, mire, nós temos a lexitimidade democrática absoluta, e, como xa lle dixeran, o noso Goberno non ten ningunha débeda moral nin política co franquismo, nin cun período tremendamente negro da nosa historia.

Pode estar perfectamente tranquila e segura de que nós imos seguir cumprindo a lei, e a nosa obriga é esta, obviamente. Neste caso concreto, hai unhas dilixencias abertas, estase solicitando información, como é o procedemento, para que non sexa declarado nulo. Se o fixeramos a machado, por dicilo dun xeito moi gráfico e moi vulgar, estaríamos favorecendo precisamente o infractor. Estámolo facendo como debe facerse, non hai ningún tipo de retraso premeditado nin moito menos, simplemente é un procedemento que hai que seguir para que os expedientes poidan ser impecables e poidan cumprir efecto. E, neste sentido, vostede estea tranquila que en ningún caso, en caso de demostrarse que hai un incumprimento, esta familia, como calquera outra familia, vai quedar impune ante a acción da Administración, porque insisto en que, con independencia dos apelidos, aquí hai un marco xurídico que hai que cumprir e que hai que respectar.

E respecto do que di vostede, quero recordarlle, señoría, que foi este goberno o que, coa posta en marcha desta comisión de expertos, abriu unha porta, porque precisamente outras portas que se plantexaban levaban a ningunha parte, como tamén así foi plantexado. Foi precisamente o traballo técnico, solvente, serio e ben orientado da comisión impulsada pola Xunta de Galicia o que posibilitou abrir unha liña de esperanza para que este pazo poida integrarse no patrimonio público, e non volver, porque nunca o foi. Creo que hoxe temos unha moi boa noticia, da que estou seguro de que nos alegramos todos, e esta boa noticia é que tanto o Con-



cello de Sada como a Xunta de Galicia estamos lexitimados para ser parte coadyuvante —como se di en linguaxe xurídica— neste preito. Agardemos todos que teña un único resultado, e que ese único resultado sexa que o pazo de Meirás pase a integrarse no patrimonio público.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Veroa, do G. P. Mixto, sobre a valoración pola Xunta de Galicia das condicións laborais do persoal do Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vázquez Veroa.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, grazas.

Agardamos pois non menoscar demasiado o decoro da Cámara con estas camisetas reivindicativas, que son as que non puideron lucir as enfermeiras eventuais que están hoxe na tribuna.

Son elas exemplo deses milleiros de persoas que traballan no noso sistema sanitario público e deben estar pendentos do teléfono 24 horas. Moitas non saben onde van traballar nin canto tempo, ou se van traballar ese día cando se erguen pola mañá, pois están anotadas nas listas de contratación e penalízalles —en moitos casos excesivamente— non aceptar empregos ou non coller o teléfono. O persoal eventual, de facto, non ten dereito a conciliación, non ten dereito —valla a redundancia— aos dereitos laborais máis fundamentais —nin vacacións, nin permisos completos por maternidade, nin baixa laboral—, porque, se exercen por completo os seus dereitos, son excesivamente penalizadas.

Queremos hoxe, unha vez máis, dar voz a este colectivo das enfermeiras eventuais en loita, que xurdiu para evidenciar —e cito textualmente— «que a Administración considera mellor que estean así, escravizadas e sen dereitos, para poder botar man a calquera hora do día ou da noite, para que collan o teléfono, porque, se non, non comen».

O primeiro que queremos é preguntarlle, señor conselleiro, polos datos reais da temporalidade no Sergas, porque aquí o que se foi expoñendo durante estes meses foron as mentiras, tanto de Feijóo como do xerente do Sergas, que falaban de que a precariedade «*no es una situación habitual*». Un dicía que o 85 % do persoal do Sergas ten vínculos estables e o outro dicía que o 88 %, jé que nin sequera se puxeron de acordo nas dimensións da mentira! Esas dimensións da mentira deunas o Consello de Contas, cando di que a temporalidade continúa ben alta, un 40 % en especializada e un 28,1 % en primaria. Así pois, se estes non son os datos, ten a oportunidade de facer transparencia.

Pero a realidade que constatamos é que non interesa a transparencia, porque esas 10.787 enfermeiras e enfermeiros inscritos nesas listas de substitución están continuamente con-



catenando estes contratos meses, semanas, días..., e sofren esta situación durante anos. Houbo unha enquisa da Asociación de Enfermería Sociosanitaria da Coruña que falaba de que podían pasar anotadas nestas listas unha media de 8,14 anos. Esa situación de media de 24 contratos por ano é tremenda. Son anos concatenando contratos, vidas laborais que parecen a guía telefónica antiga.

Así pois, un dos aspectos máis lesivos que queremos sinalar é a falta de conciliación. ¿Como despois o propio Goberno da Xunta pode gabarse de ter ese Proxecto de lei de impulso demográfico, cando a maioría do persoal de Enfermería galega colexiado —son datos do INE— son unhas cinco mil persoas que están por baixo dos 35 anos, a maioría mulleres que están en idade reprodutiva? ¿Con que dereito poden dicir que a cuestión da crise demográfica galega é —como vostede dixo unha vez aquí—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...que as mulleres non queriamos ter fillos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao

A señora VÁZQUEZ VERAO: ¿Con que dereito pode dicir iso cando non hai unha posibilidade de conciliación real? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Acabou o seu tempo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora parlamentaria, señora Vázquez Verao, a verdade é que, coma sempre, se aportan datos sen contrastar, simplemente baseándose en enquisas. Nós si temos claro que o documento máis importante de planificación da Consellería de Sanidade é a Estratexia do Sergas 2020, que aquí presento, que é para nós unha guía fundamental, e no eixo 2 fala de profesionais comprometidos e coidados pola organización.

¿E como estamos a coidar do noso persoal? Pois, loxicamente, con moitas e diferentes accións, unha delas é mellorando a estabilidade, as ofertas públicas de emprego. Galicia é a única comunidade que mantivo anualmente, de forma ininterrompida desde o ano 2012, as convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego, esgotando a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica, e que permitirá, logo da execución dos correspondentes procesos selectivos, a incorporación de preto de seis mil profesionais con vínculo de fixeza ás institucións sanitarias no período 2012-2019. Evidentemente, unha crise económica —por certo, durante o período dos gobernos progresistas en España— levou a unha situación moi moi complicada economicamente que fixo que tiveramos estas limitacións.

O 25 de abril de 2017 publicouse o Plan de estabilidade do emprego e provisión de prazos do persoal estatutario, un plan negociado coas organizacións sindicais representadas na Mesa



sectorial de Sanidade, e acordáronse, entre outras, medidas de estabilización de persoal temporal e dotación de 438 vacantes no cadro de persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e a expedición doutros tantos nomeamentos de interinidade. Para o seguimento deste plan constitúese unha comisión da que forman parte as organizacións sindicais asinantes deste acordo.

Ademais, temos os contratos de continuidade. Esta aposta é un compromiso pola estabilidade do emprego. Unha das primeiras comunidades que o sacamos adiante, en principio, para médicos de familia e pediatras de atención primaria; pero agora esténdese tamén á categoría de enfermería, polo acordo da Mesa sectorial de Sanidade do pasado 3 de xullo. Os profesionais que se acollan a este nomeamento teñen garantido o réxime de descansos, permisos e vacacións establecidos pola normativa de aplicación; polo tanto, seguimos avanzando.

O terceiro apartado —que é tamén moi importante— é a creación de novas prazas. Así mesmo, logo de negociación na mesa sectorial con sindicatos como CEM, UXT, CSIF e SATSE, recentemente acordouse a dotación de 308 novas prazas no ámbito de atención primaria no período 2019 e 2020, no Plan de atención primaria; e, así mesmo, de 45 novas prazas para o Plan HADO no período 2019–2021. Estamos crecendo en novas prazas.

E un punto tamén importantísimo para nós, conciliación da vida familiar e laboral. Medidas que estamos tomando, tamén iniciativas, desde logo somos das primeiras comunidades que as toman: o concurso de traslados aberto e permanente, o establecemento de puntuacións específicas adicionais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...nos procesos selectivos ou a posibilidade de optar a cambios de área na prestación de servizos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...ou á reserva de vínculos de longa duración aos aspirantes inscritos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...nas listas de selección temporal.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.



Entendo que por esa demagogia de datos está acusando o Consello de Contas, que cifra a temporalidade nun 40 % en atención especializada.

En canto a esas medidas que se foron poñendo sobre a mesa, é que as prazas non son suficientes. Falamos de máis de dez mil persoas nesta situación. Falamos de que hai que estabilizar as prazas que estruturalmente se cobren con eventuais pero que son prazas necesarias para o sostemento dos servizos. Falamos de que non se pode abusar de contratos por acúmulo de tarefas, que se fai así porque non se quere declarar unha vacante. Falamos de que non chegan as prazas ofertadas despois de anos de recortes e desa taxa de reposición á que vostede se referiu, que cando gobernaban no Estado non foron quen de eliminar. Falamos tamén dese contrato de estabilidade, si, pero é que o que non dixo é que foi rexeitado pola gran maioría de pediatras e médicos e médicas. E ademais este contrato, polos datos que traslada o Sergas, de momento só acollerá unha centena de profesionais; estamos a falar de milleiros e acolle soamente a cen. Falamos de que este contrato se refire a acúmulos e para cubrir reforzos, non se vai saber previamente toda a carteleira; polo tanto, non se vai tampouco prever esa conciliación. Tamén hai dúbidas sobre o mínimo de horas a realizar, en fin, e tamén sobre os descansos. Ao final, é algo que non resolve, é un parche máis.

En canto á conciliación, un dos aspectos que tamén tiñan que ver é se se cómpre ese pacto de contratacións, que debe ser actualizado. Porque, por exemplo, ¿que conciliación pode haber cando te penalizan porque te chaman, e esas chamadas, en lugar de respectar o tempo entre elas, fanse seguidas para correr a lista? E son habituais os incumprimentos. Ou cando che din que tes que ir traballar a un sitio a hora anterior, porque había que empezar a traballar ás 3 e resulta que te chaman ás 4. Conciliación non é o sistema no que actualmente está metido o Sergas para milleiros de persoas.

Dicía unha enfermeira de 29 anos que ten esperado na porta do hospital a entregarlle a súa nena —o seu bebé— á súa parella para poder traballar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: É que, claro, se te chaman dunha hora para outra, é imposible conciliar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: É imposible mesmo levar os fillos á casa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Para o turno de réplica por parte do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Pois a verdade é que me alegro, señora deputada, porque o que está dicindo é cando nós falamos das medidas que tomamos; entón, nesta segunda intervención di: pero agora hai que cumprilas. Loxicamente, nós cum-



prímolas, porque somos unha institución seria que temos acordos cos sindicatos e que estamos continuamente revisando as mesas de negociación.

Como digo, para conseguir estes fins, esas medidas tomámolas porque, loxicamente, marcamos cunha estratexia do Goberno da Xunta de Galicia que haxa máis estabilidade e máis conciliación para os traballadores dos servizos públicos. E tamén o facemos cunha negociación intensa —como digo— coas centrais sindicais, chegando a acordos e, loxicamente, revisando estes acordos. E tamén con reclamacións ao Goberno da nación.

Galicia ten solicitado —como ben saben— de forma repetida a eliminación de taxas de reposición. E o Goberno da nación —que non é do Partido Popular, actualmente é un Goberno progresista— a día de hoxe non é capaz de facelo. Tamén quero recordarlle que este mesmo goberno da nación non libera 700 millóns para a Xunta de Galicia para poder dar unha cobertura maior aos servizos sociais. E tamén teño que dicir que, pese a iso, como Galicia cumpre cos obxectivos, pode ter unha taxa de reposición do 108 %. Por certo, na última OPE, Sanidade tivo o 108 % de taxa de reposición —por encima de todas as comunidades autónomas— e tamén o 8 % de Función Pública, o 8 % de Educación, que o cederon para que Sanidade incrementara as taxas de estabilidade na súa plantilla. Polo tanto, creo que estamos avanzando, e avanzando —como digo— con todas as medidas que temos á disposición. E pedindo ao Goberno central tamén a creación de rexistros para profesionais sanitarios.

En canto á categoría de enfermeiro e enfermeira, evidentemente, dentro de todo o xeral que falei anteriormente, temos unhas OPE moi importantes que se están a tramitar neste momento, un proceso selectivo próximo xa a rematar que permitirá a incorporación de 830 novos profesionais desta categoría, con vínculo fixo, ao sistema público de saúde, dos cales 775 accederán pola quenda de acceso libre. Tamén sabe que na función pública a única forma de acceso é a través de oposición.

E ademais —como queda reflectido no Plan de estabilidade— coa execución das medidas de estabilización de persoal temporal previstas nesta finalización dos procesos selectivos aprobados, a porcentaxe que representa o persoal fixo sobre o temporal incrementárase, e queremos situar a eventualidade no 5 %, cando a nivel nacional o Goberno anterior fixara un obxectivo, para todo o Estado, do 8 %.

No momento actual, o Sergas conta no cadro de persoal con 700 profesionais de enfermería máis dos que había no ano 2008. Desde logo, imos seguir coa implantación de enfermeiras especialistas no sistema sanitario galego —tamén somos pioneiros—, continuar coas medidas de conciliación familiar e laboral —como di, evolucionando este tipo de medidas—, ou proseguir tamén co desenvolvemento da carreira profesional. Desde logo, nós estamos orgullosos dos nosos profesionais, pois grazas a eles temos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): ...un magnífico sistema sanitario e merece a pena seguir traballando por eles.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

O peche de camas durante os catro meses de verán é unha constante que, ano tras ano, se repite pola decidida vontade do Partido Popular de seguir recortando na sanidade pública. O sistema sanitario galego ten un número moi deficiente de camas hospitalarias. Galiza ten 3,1 camas por cada 1.000 habitantes, estamos á cola do Estado español, só ten menos Andalucía e Castela-A Mancha; na Unión Europea, só hai catro países con peor oferta que Galiza: Suecia, Dinamarca, Irlanda e Reino Unido, o que significa que tamén estamos á cola da media da Unión Europea, que se sitúa en 5 por cada 1.000 habitantes. E xa non digamos de Alemaña, que lidera o ránking con 8,1 camas; Austria, 7,5; Bulgaria, 7,2; Hungría e Lituania, 7. E, por suposto, pois moi lonxe das recomendacións da Organización Mundial da Saúde, que establece entre 8 e 10 camas por 1.000 habitantes.

Nos dez anos de Goberno do Partido Popular perdeuse máis do 7 % das camas hospitalarias, 770 camas, a cuarta comunidade que máis perdeu no Estado español. E a pesar deste déficit estrutural evidente, de novo este verán volveron pechar arredor de 1.000 camas nos hospitais públicos, unidades enteiras, igual que quirófanos e equipos de diagnóstico, que estiveron inoperativos ou baixo mínimos.

Peche de camas, de recursos, non se contrata persoal ou non lle renovan aos que están contratados como medida puramente económica. O peche de camas é unha medida puramente económica e non responde a criterios asistenciais. Manteñen e recortan, aínda que signifique a deterioración da asistencia sanitaria. Pechar camas, ter baixo mínimos quirófanos, equipos de diagnóstico e persoal non é inocuo, señor conselleiro, ten contraindicacións e efectos secundarios. O peche de camas ten consecuencias no ámbito laboral: presión sobre os profesionais, aumento do desemprego; no eido asistencial: peor calidade asistencial, dificultades na atención, saturación dos servizos de urxencias dos PAC e hospitalarios, aumento de derivación á privada, aumento exponencial das listas de espera. Non paran de aumentar as denuncias e as queixas, por todos os lados, de como están as listas de espera para primeiras consultas, para obter resultados, para intervencións cirúrxicas, e un país coas listas de espera brutais como as que temos en Galiza, como as que ten o Sergas, non pode permitirse o luxo de estar baixo mínimos durante catro meses, durante catro longos meses. Por iso, o que lle



preguntamos, señor conselleiro, é como van compensar esta acumulación das listas de espera; que van facer cunhas listas de espera xa avultadas que con esta inacción de catro meses non fixeron máis que aumentar; e se van abrir todas as camas pechadas ao remate deste mes de setembro ou van facer o que todos os anos: aproveitar para deixar unha parte fóra de servizo e non volver abrilas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para o turno de contestación por parte do Goberno, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, o Sergas, como non pode ser doutra forma, planifica os recursos asistenciais en función da demanda dos cidadáns. A adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais supón a adopción dun conxunto de medidas de xestión que, garantindo sempre a calidade e a seguridade na asistencia sanitaria aos usuarios, preserva a eficiencia e a correcta utilización dos servizos e fondos públicos, como non podería ser doutra maneira nun sistema sanitario público como o noso; planifica en función da estacionalidade e da morbilidade de determinadas patoloxías e, como consecuencia, mantén operativos os recursos adaptados á realidade.

A verdade, é curioso que define vostede o verán como de catro meses, non sei se para as vacacións súas ou de quen son, (*Murmurios.*) pero habitualmente o verán non se refire a catro meses, refírese, desde logo, a un período inferior. Este tipo de planificación en xestión sanitaria non é unha peculiaridade do noso sistema, senón que se trata de algo que se fai ao longo do ano en todos os servizos de saúde en todo o mundo.

Na planificación do Servizo Galego de Saúde temos en conta a ocupación prevista de camas, tanto para ingresos médicos como para os derivados da actividade cirúrxica. A demanda ao longo do ano é fluctuante e os recursos adáptanse ás necesidades en cada momento. Froito desta fluctuación estacional, durante o período estival está documentada unha importante diminución, tanto da prevalencia como da morbilidade en numerosas patoloxías, e isto é responsable de que haxa un menor número de pacientes susceptibles de atención sanitaria. No caso da hospitalización, á estimación de ocupación dos meses correspondentes ao período estival no ano 2019, engádense unha marxe de seguridade por riba da ocupación real de entre un 10 % e un 12 %, que garanta a correcta atención sanitaria dos pacientes.

Se analizamos os datos do Sergas correspondentes ao período acumulado xullo-setembro do ano 2018, reflíctese que para ese período, cunha porcentaxe de ocupación do 75 %, as camas funcionantes foron do 88 %. Sempre hai unha porcentaxe por riba da planificación esperada para ese período.

Os datos dos que dispoñemos para o período estival do ano 2019 indican que a porcentaxe de ocupación aproximadamente está igual que o ano pasado. Tendo en conta que a porcen-



taxe de camas funcionantes para o período estival, xullo-setembro —por tanto, sen pechar aínda—, está sendo un 88 %, ponse de manifesto que se fixo unha axeitada planificación dos recursos dispoñibles. Pero en caso necesario, por motivos excepcionais como unha emerxencia, por exemplo, o caso que houbo do Marisquiño o ano pasado, temos plans de continxencia preparados, con camas instaladas e operativas e contratación de persoal, para poder respostar a acontecementos non planificados.

Por outra parte, cabe sinalar algo tan obvio como que no verán os hospitais seguen funcionando, e neste período estival a actividade hospitalaria en Galicia aumentou en todos os ámbitos: consultas, intervención, probas, ingresos e urxencias.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor Almuíña, eu recoméndolle que mire a relación de peche de camas nos hospitais do noso país, verá como vostedes empezan a pechar camas en xuño e séguenas pechando ata setembro, e, que eu saiba, son catro meses. (*Aplausos.*) Igual necesita algunha clase de cálculo.

Vostede non cre nada do que está dicindo, eu non sei como cualificalo. Antes do verán, pedímoslle que aproveitara para baixar as escandalosas listas de espera, que lle fixera contratos de xornada completa ao persoal facultativo que teñen con contratos de gardas, que lle ofrecera contratos estables, que contratara o persoal preciso para minorar esas listas de espera. Vostede non fixo nin caso, fixo unha contestación de displicencia e soberbia como a que acaba de facer agora: non escoitar nin contestar ao que se lle pregunta.

Non teñen intención de cambiar absolutamente nada porque é a folla de ruta que teñen marcada. Porque así como é preciso ese exército de reserva no ámbito laboral, porque se non non é posible impoñer as medidas laborais de precariedade, sen listas de espera na sanidade e deterioración non é posible engordar a sanidade privada. ¡Así de claro! (*Murmurios.*) E coas necesidades asistenciais da poboación, o normal sería que durante o verán aproveitaran para rebaixar esas listas de espera.

E mire, a poboación si demanda asistencia, os que non lla dan son vostedes. Doente encadáese no CHUS para que lle dean unha cita para un proceso de saúde iniciado no ano 2013. Tivo que encadearse para que lle fixeran caso. Supoño que esa é a alternativa que lles dan vostedes aos galegos e ás galegas.

Denuncian a espera de máis de oitocentos días para unha consulta de uroloxía en Ferrol. Se o CHUS tivera operativos todos os dispositivos, poderíanse ter realizado 700 intervencións cirúrxicas que non se realizaron. En oncoloxía do CHUAC, hai 450 TAC de oncoloxía pendentes. En alergoloxía de Ferrol, por exemplo, un doente ten que esperar ata febreiro de 2020 por unha cita que tiña que ter en febreiro deste ano 2019. Un doente do Salnés tiña que



ter revisión de cardioloxía e vaina ter nove meses despois. Esta é a realidade, señor Almuíña, que hai unha sanidade pública real...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e logo está a sanidade pública da mentira e da propaganda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...como a que vostede fai sistematicamente...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PRADO CORES: ...neste Parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Cando se recorre ao insulto é que non hai moita... *(Murmurios.)* Non, non hai moito argumento detrás.

Mire, ao final o que hai que contar son os resultados, porque parece que para vostedes se pechan en xuño e o verán dura catro meses. Resultados. Vamos a resultados, que é o importante. Resultados de xullo e agosto, para que non haxa discusión de se é verán ou non é verán; xullo e agosto parece que é verán.

Fíxese: esperas de cirurxía. A espera cirúrxica acadou un tempo medio de 56,4 días, o mellor dato obtido de todos os xuños dende que hai rexistro, moi por encima da media do Estado. De feito, Galicia, como saben, está no cuarto lugar en canto a listas de espera.

Na prioridade 1, o tempo medio de espera está en 16 días, cando o obxectivo debe ser inferior a 30 días. Cos últimos datos dispoñibles, no Sistema nacional de saúde está en 93 días.

A actividade. A espera é esta a xuño, pero imos á actividade de xullo e agosto. O número de intervencións en xullo e agosto do 2019 foron 27.805; 422 intervencións máis que no mesmo período do ano 2018.

Incremento de cirurxía ambulatoria. Houbo 13.912 intervencións este ano; 544 intervencións máis que o ano pasado.

Consultas, actividade. Realizáronse 604.823. A señora deputada fala de que unha persoa tivo unha demora tal... Falamos de que en dous meses houbo 604.000 consultas; 24.000 máis que no 2018. A demora de consultas en xuño do 2019 é de 37,6 días. A espera media do Sistema nacional de saúde no 2018 foi de 57 días, porque a de 2019 aínda non está publicada.



Probas. Número de probas en xullo e agosto, 524.926; 12.663 máis que no 2018.

Ingresos en verán xullo e agosto, 36.606; 217 ingresos máis que o ano pasado.

Urxencias hospitalarias. Número de urxencias atendidas, 179.219; 2.760 máis que no ano pasado.

Polo tanto, os resultados, con toda a catástrofe que puido haber en Galicia segundo vostede, parece ser que son positivos.

Parece que nos comentan tamén, e nos comparan, que estamos mellor que Suecia en camas. Os datos que se publican en moitas ocasións fan referencia a unha evolución moi importante que houbo en Galicia, e é que se abandonaron os hospitais psiquiátricos de longa estancia, que todos estamos de acordo que non deberían existir. Por iso hai diminución de camas.

Señorías, desde o Servizo Galego de Saúde planificamos este verán; serviu para dar calidade e realizar máis actividade e máis servizos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...aos nosos cidadáns. E, desde logo, imos seguir planificando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...sempre para cubrir as necesidades da poboación.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para seguir ampliando o Programa de acollemento familiar

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, boa tarde.

O acollemento familiar é o mellor recurso de protección para nenos e nenas e tamén adolescentes en situación de risco ou de desamparo. Proporciona un medio familiar a eses menores que por distintas circunstancias non poden vivir temporalmente coa súa familia biolóxica. Actualmente, máis de mil cincocentos nenos están dentro do Programa de acollemento familiar, o que supón o 59 % dos menores tutelados pola Xunta de Galicia.



A implicación e a solidariedade das familias é fundamental, porque sen elas non existiría o acollemento familiar, pero tamén é fundamental o apoio decidido da Xunta de Galicia por este programa de acollemento familiar, incrementando ata os 3,4 millóns de euros o orzamento destinado para o mesmo, mellorando o sistema de pagamento para as familias acolledoras e mesmo realizando campañas de difusión sobre o programa. Tamén con medidas concretas para apoiar as familias, como ese apoio técnico e acompañamento durante todo o proceso. A asunción por parte da Xunta dos gastos extraordinarios como poden ser logopeda, fisioterapia, odontoloxía ou atención óptica, a exención total do pagamento por acceso a unha escola infantil, axudas para libros ou gratuidade do comedor escolar.

Nós consideramos que é importantísimo seguir apostando polo acollemento dos menores que se atopan baixo o sistema de protección porque é o mellor recurso para que estes nenos vivan nun ambiente normalizado, no que se sintan queridos e poidan desenvolverse plenamente. Polo tanto, tamén consideramos que é necesario seguir apostando cada día por que sexan máis familias as que acollan a estes nenos.

Polo tanto, señora conselleira, hoxe gustaríanos saber, dende a súa consellería, cales son as medidas que ten previsto facer para seguir apostando polo acollemento familiar e para mellorar o programa de acollemento familiar.

Polo de agora máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Resposta da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Rodríguez Arias, agradézolle de verdade que traia hoxe a esta Cámara un tema de tanta relevancia aquí en Galicia como é o acollemento familiar; un acto solidario realizado a favor dun menor que se atopa vivindo unha situación de especial desamparo.

Coincidirán comigo en que a protección dos nosos nenos e das nosas nenas é responsabilidade de todos: da sociedade no seu conxunto e de todas as institucións públicas en particular. Por iso, a Xunta de Galicia ten entre as súas actuacións prioritarias preservar sempre os dereitos dos menores, en especial os daqueles que se atopan nunha situación de desamparo. Por iso, neste senso é vital o programa que ten en marcha a Xunta de Galicia, un programa de acollemento familiar do Goberno galego en colaboración coa Cruz Vermella. A través deste programa, unha familia que reúne as condicións persoais, educativas e tamén materiais idóneas faise cargo temporalmente do coidado dun neno ou unha nena cando se atopa nunha situación de risco.

As situacións e os contextos dos menores que se integran nunha familia de acollida son moi diversos. Nenas e nenos que acaban apenas de nacer e que pronto serán recibidos en adop-



ción, menores que se van reintegrar no seu núcleo familiar pasado un tempo, ou mesmo tamén adolescentes que van estar en acollemento ata a súa maioría de idade.

Ante esta variedade de situacións, existen respostas axeitadas a cada unha delas. Por iso, a Xunta de Galicia pode prestar un apoio familiar cando constata que os menores se atopan nunha situación de risco; exercer a garda, ben por unha decisión xudicial ou ben tamén por solicitude dos pais que temporalmente non se poden facer cargo dos seus fillos e das súas fillas; ou ben a tutela, cando se comproba que estes menores están declarados en desamparo e non reciben os coidados axeitados e necesarios por parte da súa familia.

Señorías, o acollemento familiar demostra que é un recurso esencial para todos estes pequenos de Galicia, xa que lles permite reintegrarse e crecer nun ambiente familiar que lles proporcionará sempre seguridade, afecto, pero, sobre todo, estabilidade. É dicir, que lles damos aos máis pequenos de Galicia as condicións necesarias para que se desenvolvan sempre do mellor xeito posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente. .

Señora conselleira, na miña intervención gustárame facer un recoñecemento a todas esas familias acolledoras en Galicia, porque sen elas, a verdade, moitos nenos non poderían estar nese medio familiar, senón que terían que estar nun centro de menores. Polo tanto, vaia o noso agradecemento para esas familias en Galicia, (*Aplausos.*) pola súa solidariedade e o seu traballo con estes nenos.

Por outro lado, quedanos claro cal é a filosofía da Xunta de Galicia e cal é ese apoio decidido polo acollemento familiar. Concretamente, a Estratexia galega para a infancia e adolescencia 2018-2020 di que «a Xunta de Galicia mellorará o programa de acollemento para os menores que precisen de alternativas convivenciais, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial». As cifras así o confirman, señora conselleira, aínda que moitas veces a este parlamento se veña a retorcelas e se diga que a Xunta non está apostando polo acollemento familiar.

Ademais, considéranse os menores como membros da unidade familiar para efectos do recoñecemento de familia numerosa; reforzo do apoio económico destinado ás familias acolledoras e medidas de sensibilización social para a visibilización positiva do acollemento familiar e a implicación das familias galegas.

Nós queremos máis, os menores necesitan máis e os menores merecen máis, porque non hai nada por riba do seu interese. Polo tanto, estamos abertos a escoitar novas propostas da Xunta de Galicia porque eles son os importantes.



Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche desta pregunta, conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señora Rodríguez Arias, no ano 2018 o banco de familias acolledoras en Galicia ascendeu a 317, e, grazas a elas, 281 menores en Galicia foron acollidos. Como vostede ben dicía, eu quero tamén agradecerlles hoxe moi sinceramente a todas estas familias o seu compromiso e o seu altruísmo para arroupar a todos estes pequenos de Galicia que necesitan moito unha familia que lles dea sempre apoio.

Este agradecemento non só se pode facer con palabras, senón que a Xunta de Galicia tamén respalda este agradecemento con feitos, como os 3,4 millóns de euros destinados ao acollemento familiar; un incremento do 40 % que se introduciu no ano 2018 e se consolidou neste ano 2019. A contía coa que se remunera as familias acolledoras incrementouse nesta lexislatura un 16 %, pasando dos 240 euros aos 280 euros mensuais para acollemento de menores entre 3 e 18 anos. Como ben saben, para menores de tres anos, as contías son moito máis altas.

Todos estes avances atoparon sempre unha resposta admirable no seo de toda a sociedade galega, e o Goberno galego seguirá sempre apostando polo acollemento familiar como unha opción prioritaria para todos os menores que se atopan nunha situación de risco, nunha situación de desamparo, sempre por riba da súa integración nun centro residencial.

O acollemento familiar é así prioritario, porque a familia é a contorna onde todos nós crecemos e nos desenvolvemos. Sempre é fundamental para desenvolver as nosas capacidades humanas. E se o acollemento familiar pode ser prioritario é grazas á extraordinaria calidade humana que demostran todas as familias galegas que participan nesta iniciativa.

Polo tanto, en definitiva, grazas, e mil veces grazas, a todas esas familias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde a todos e a todas.


Remata a sesión ás seis e trinta e cinco minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(GCE)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vázquez Verao, Paula	(M)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

